

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 1455** *Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.*

ÍNDICE

- Título preliminar. Disposicións xerais.
- Artigo 1. Obxecto.
Artigo 2. Ámbito de aplicación.
- Título I. Requisitos de actividade.
- Capítulo I. Autorización, rexistro e actividade de entidades de crédito.
- Sección 1.^a Autorización e rexistro de bancos.
- Artigo 3. Autorización e rexistro dos bancos.
Artigo 4. Requisitos para exercer a actividade.
Artigo 5. Requisitos da solicitude.
Artigo 6. Denegación da solicitude.
Artigo 7. Comezo das actividades.
Artigo 8. Limitacións temporais á actividade dos novos bancos.
Artigo 9. Autorización de bancos suxeitos ao control de persoas estranxeiras.
- Sección 2.^a Autorización de modificacións de estatutos sociais e de modificacións estruturais.
- Artigo 10. Modificación dos estatutos sociais.
Artigo 11. Autorización e rexistro de modificacións estruturais.
- Sección 3.^a Revogación e caducidade.
- Artigo 12. Procedemento de revogación e renuncia.
Artigo 13. Caducidade da autorización.
- Sección 4.^a Actuación transfronteiriza.
- Artigo 14. Apertura de sucursais e libre prestación de servizos noutros Estados membros da Unión Europea por entidades de crédito españolas.
Artigo 15. Apertura de sucursais e libre prestación de servizos en Estados non membros da Unión Europea por entidades de crédito españolas.
Artigo 16. Apertura de sucursais e libre prestación de servizos en España por entidades de crédito doutro Estado membro da Unión Europea.
Artigo 17. Apertura de sucursais e libre prestación de servizos en España por entidades de crédito de Estados non membros da Unión Europea.
Artigo 18. Actuación mediante outras entidades de crédito.
Artigo 19. Oficinas de representación.
- Sección 5.^a Oficinas, axentes e delegación de funcións.
- Artigo 20. Oficinas das entidades de crédito.
Artigo 21. Axentes das entidades de crédito.

Artigo 22. Delegación da prestación de servizos ou do exercicio de funcións das entidades de crédito.

Capítulo II. Participacións significativas.

Artigo 23. Definición e cómputo de participacións significativas.

Artigo 24. Información que debe subministrar o adquirente potencial.

Artigo 25. Avaliación das adquisicións propostas de participacións significativas.

Artigo 26. Suspensión do prazo de avaliación.

Artigo 27. Información sobre a estrutura de capital das entidades de crédito.

Artigo 28. Publicidade de participacións.

Capítulo III. Idoneidade, incompatibilidades e rexistro de altos cargos.

Artigo 29. Valoración da idoneidade.

Artigo 30. Requisitos de honorabilidade comercial e profesional.

Artigo 31. Requisitos de coñecementos e experiencia.

Artigo 32. Capacidade para exercer un bo goberno da entidade.

Artigo 33. Selección, control e avaliación dos requisitos de idoneidade por parte das entidades de crédito.

Artigo 34. Rexistro de Altos Cargos.

Artigo 35. Límites á obtención de créditos, avais e garantías polos altos cargos da entidade.

Capítulo IV. Goberno corporativo e política de remuneracións.

Artigo 36. Obrigacións en materia de goberno corporativo e política de remuneracións.

Artigo 37. Obrigacións de publicidade en materia de goberno corporativo e política de remuneracións.

Artigo 38. Comité de nomeamentos.

Artigo 39. Comité de remuneracións.

Artigo 40. Vixilancia das políticas remunerativas.

Artigo 41. Función de xestión de riscos.

Artigo 42. Comité de riscos.

Título II. Solvencia das entidades de crédito.

Capítulo I. Sistemas, procedementos e mecanismos de xestión de riscos e autoavaliación do capital.

Artigo 43. Requisitos de organización, xestión de riscos e control interno.

Artigo 44. Responsabilidade do consello de administración na asunción de riscos.

Artigo 45. Aplicación do proceso de autoavaliación do capital interno.

Artigo 46. Risco de crédito e de contraparte.

Artigo 47. Risco residual.

Artigo 48. Risco de concentración.

Artigo 49. Risco de titulización.

Artigo 50. Risco de mercado.

Artigo 51. Risco de tipos de xuro derivado de actividades alleas á carteira de negociación.

Artigo 52. Risco operacional.

Artigo 53. Risco de liquidez.

Artigo 54. Risco de aparcamento excesivo.

Artigo 55. Réxime de solvencia aplicable ás sucursais de entidades de crédito de Estados non membros da Unión Europea.

Artigo 56. Exposicións fronte ao sector público.

Artigo 57. Adopción de medidas para retornar ao cumprimento das normas de solvencia.

Capítulo II. Colchóns de capital.

- Artigo 58. Requisito combinado de colchóns de capital.
Artigo 59. Nivel de aplicación do colchón de conservación de capital.
Artigo 60. Cálculo das porcentaxes de colchón de capital anticíclico específico de cada entidade.
Artigo 61. Fixación das porcentaxes dos colchóns anticíclicos.
Artigo 62. Identificación de entidades de importancia sistémica mundial.
Artigo 63. Identificación doutras entidades de importancia sistémica.
Artigo 64. Fixación do colchón para outras entidades de importancia sistémica.
Artigo 65. Aplicación conxunta dos colchóns para EISM, OEIS e colchón contra riscos sistémicos.
Artigo 66. Obrigacións de notificación do Banco de España en relación coas EISM e coas OEIS.
Artigo 67. Fixación do colchón contra riscos sistémicos.
Artigo 68. Procedemento de fixación do colchón contra riscos sistémicos inferiores ao 3 por cento.
Artigo 69. Procedemento de fixación do colchón contra riscos sistémicos entre o 3 e o 5 por cento.
Artigo 70. Procedemento de fixación do colchón contra riscos sistémicos superior ao 5 por cento.
Artigo 71. Publicidade dos colchóns contra riscos sistémicos.
Artigo 72. Recoñecemento da porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos.
Artigo 73. Cálculo do importe máximo distribuíble.
Artigo 74. Obrigacións da entidade en caso de incumprimento cos requisitos combinados de colchón.
Artigo 75. Contido do plan de conservación do capital.

Título III. Supervisión.

Capítulo I. Ámbito obxectivo da función supervisora.

- Artigo 76. Contido da revisión e avaliación supervisoras.
Artigo 77. Criterios técnicos aplicables á revisión e avaliación supervisoras.
Artigo 78. Métodos internos para o cálculo de requirimentos de recursos propios.
Artigo 79. Establecemento de referencias de supervisión dos métodos internos para o cálculo dos requirimentos de recursos propios.
Artigo 80. Revisión permanente da autorización de utilizar métodos internos.

Capítulo II. Ámbito subxectivo da función supervisora.

- Artigo 81. Supervisión dos grupos consolidables.
Artigo 82. Inclusión de sociedades de carteira na supervisión consolidada.
Artigo 83. Solicitudes de información e comprobacións da actividade das sociedades mixtas de carteira.

Capítulo III. Colaboración entre autoridades de supervisión.

- Artigo 84. Colaboración do Banco de España con outras autoridades competentes.
Artigo 85. Colaboración do Banco de España con autoridades doutros países no marco da supervisión de sucursais.
Artigo 86. Funcionamento dos colexios de supervisores.
Artigo 87. Intercambio de información en materia de supervisión en base consolidada.
Artigo 88. Comprobacións *in situ* da actividade das sucursais.

Artigo 89. Comprobación de información relativa a entidades doutros Estados membros da Unión Europea.

Artigo 90. Decisión conxunta.

Artigo 91. Procedemento de declaración de sucursais como significativas e obrigacións de información do Banco de España ao respecto.

Capítulo IV. Obrigacións de información e publicidade.

Artigo 92. Obrigacións de publicidade do Banco de España.

Artigo 93. Información con relevancia prudencial das entidades de crédito.

Disposición adicional primeira. Aprobación previa dos instrumentos de capital de nivel 1 adicional e de nivel 2.

Disposición adicional segunda. Integración do Banco de España no Mecanismo Único de Supervisión.

Disposición adicional terceira. Actividades relacionadas cos mercados de valores.

Disposición adicional cuarta. Autorización para a transformación en bancos de sociedades xa constituídas.

Disposición adicional quinta. Composición do padroado das fundacións bancarias e requisitos de honorabilidade comercial e profesional.

Disposición adicional sexta. Representantes das entidades adheridas na Comisión Xestora do Fondo de Garantía de Depósitos.

Disposición adicional sétima. Referencias á normativa derogada.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio para a aplicación do artigo 458 do Regulamento n.º 575/2013/UE, do 26 de xuño de 2013.

Disposición transitoria segunda. Procedementos en curso.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación do Regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, aprobado polo Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro.

Disposición derradeira segunda. Modificación do Real decreto 2660/1998, do 14 de decembro, sobre o cambio de moeda estranxeira en establecementos abertos ao público distintos das entidades de crédito

Disposición derradeira terceira. Modificación do Real decreto 1332/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro.

Disposición derradeira cuarta. Título competencial.

Disposición derradeira quinta. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira sexta. Facultades de desenvolvemento.

Disposición derradeira sétima. Non incremento de gasto.

Disposición derradeira oitava. Entrada en vigor.

I

O bo funcionamento do sistema financeiro resulta esencial para a eficiente asignación do aforro ao financiamento da actividade económica. Nesta asignación xogan un papel clave as entidades de crédito. Estas son as principais provedoras de financiamento a familias, empresas e administracións públicas e, ademais, nelas encóntrase depositada a maior parte do aforro dos fogares.

Debido ás singularidades da actividade bancaria, a solvencia das entidades resulta de vital importancia para o bo funcionamento do sector financeiro no seu conxunto. Entre estas singularidades cabe destacar, en primeiro lugar, a fraxilidade intrínseca que supón a transformación de vencementos de activos e pasivos. As entidades de crédito adoitan endebedarse a prazos relativamente curtos para posteriormente conceder financiamento a prazos significativamente superiores. En circunstancias normais, esta falta de correspondencia entre os vencementos de activo e pasivo non resulta preocupante. Non

obstante, a mera aparición de dúbidas sobre a solvencia das entidades podería desencadear a retirada masiva dos depósitos da entidade ou a súa exclusión dos mercados grosistas de crédito. Estes impedimentos ao refinanciamento do seu activo poderían dar lugar a unha crise de liquidez e deteriorar finalmente a viabilidade dunha entidade e a confianza no conxunto do sistema bancario.

Adicionalmente, a diferenza doutros sectores da economía, as entidades de crédito adoitan presentar importantes exposicións fronte a outras entidades. Estes estreitos vínculos financeiros, unidos aos altos niveis de apancamento con que operan as entidades, provocan que as dificultades dunha entidade de crédito para facer fronte ao servizo da súa débeda se poidan contaxiar con facilidade ao resto do sector financeiro.

Por outro lado, en períodos de bonanza, a aparente redución do risco das actividades financiadas xunto coa aparición de beneficios que reforzan a base de capital das entidades permite a estas incrementar o ritmo de concesión de crédito. Analogamente, en períodos de recesión, o aumento do risco e a redución da base de capital derivada de resultados negativos conducen as entidades a contraer a concesión de financiamento. Deste modo, a oferta monetaria da economía experimenta un comportamento procíclico.

Tradicionalmente esta prociclicidade combateuse fundamentalmente a través da política monetaria. Porén, a política monetaria resulta pouco eficaz cando os balances das entidades financeiras están seriamente danados. En efecto, a redución dos niveis de recursos propios que deriva da asunción de perdas inesperadas, unida ao aumento do risco das exposicións, obriga as entidades a reducir o crédito para seguir cumprindo cos requisitos mínimos de capital que exige a regulación. A redución do crédito, pola súa vez, impide a transmisión da política monetaria á economía real.

Estas particularidades provocan que as crises financeiras teñan unha especial incidencia na economía real. Ademais, estes efectos non se limitan a unha contracción puntual da demanda agregada senón que afectan incluso o potencial de crecemento das economías. En efecto, a interrupción do canal crediticio afecta as dúas principais fontes de crecemento a longo prazo ao dificultar, por un lado, a acumulación de capital e, por outro, o financiamento daquelas actividades que xeran progreso tecnolóxico.

Por estas razóns, as entidades de crédito están sometidas a unha regulación sen equivalencia comparable noutras actividades económicas. Esta regulación véñse acordando historicamente a escala mundial coa finalidade de evitar arbitraxes regulatorias entre países, que poidan xerar vantaxes competitivas artificiais e chegar a provocar inestabilidade no sistema financeiro global. Na actualidade é o «Marco regulador global para reforzar os bancos e sistemas bancarios» (Basilea III), presentado polo Comité de Basilea de Supervisores Bancarios en decembro de 2010, o eixe sobre o cal pivota a normativa prudencial internacional. A implementación e adaptación de Basilea III ao ordenamento xurídico da Unión Europea tivo lugar a través de dúas normas fundamentais: o Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, e a Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE.

II

Recentemente entrou en vigor o Regulamento (UE) n.º 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013, que encomenda ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito. Mediante este regulamento apróbase o Mecanismo único de supervisión (MUS), composto polo Banco Central Europeo e polas autoridades nacionais de supervisión, entre as cales se encontra o Banco de España. O Regulamento 1024/2013 desenvólvese mediante o Regulamento (UE) n.º 468/2014 do Banco Central Europeo, do 16 de abril de 2014, en que se establece o marco de cooperación no Mecanismo Único de Supervisión

entre o Banco Central Europeo e as autoridades nacionais competentes e as autoridades nacionais designadas.

O MUS confórmase como un dos piares da unión bancaria, xunto co Mecanismo Único de Resolución, tamén de recente creación, sustentada por un código normativo único, integral e detallado para os servizos financeiros do conxunto do mercado interior.

Esta medida entraña a atribución ao MUS, e singularmente ao Banco Central Europeo, das funcións de supervisión, incluídas as de autorización, revogación ou imposición de sancións a entidades de crédito, que tradicionalmente viñan realizando as autoridades nacionais. O Banco Central Europeo asume, por tanto, a supervisión de todo o sistema bancario, exercendo a supervisión directa sobre as entidades máis significativas e a supervisión indirecta sobre as menos significativas. A relevancia da implantación do MUS para España apréciase no feito de que se identificasen 15 grupos de entidades de crédito como significativas que representan máis do 90 % dos activos do sistema.

Este cambio do marco xurídico das competencias en materia de supervisión fai necesaria a adaptación do noso ordenamento xurídico á nova realidade, en particular á repartición de competencias entre o Banco Central Europeo e o Banco de España, que tamén se aborda neste real decreto. Así, o título I, que regula os requisitos que deben cumprir as entidades de crédito, recolle as adaptacións necesarias do noso ordenamento xurídico, eminentemente formais, para axustarse a este novo marco de supervisión establecido pola Unión Europea, especialmente en materia de autorizacións, adquisición de participacións significativas e valoración da idoneidade dos altos cargos das entidades de crédito. Pola súa parte, o título II tamén recolle as adaptacións oportunas ao MUS en relación cos colchóns de capital. Este réxime péchase, pola súa vez, co previsto na disposición adicional segunda, que alcanza as funcións consideradas, «*stricto sensu*», de supervisión, reguladas no título III, baixo o principio de que o Banco Central Europeo exerce a supervisión directa sobre as entidades máis significativas e o Banco de España a exerce sobre as menos significativas.

III

A transposición da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño de 2013, produciuse en dúas etapas. Nunha primeira fase, o Real decreto lei 14/2013, do 29 de novembro, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia de supervisión e solvencia de entidades financeiras, traspuxo aqueles aspectos máis urxentes da directiva, cuxa non transposición podería ter dificultado o exercicio por parte do Banco de España das novas facultades atribuídas pola normativa da Unión Europea.

Máis tarde, a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, acometeu a plena incorporación ao dereito español das disposicións da directiva cuxa transposición precisaba rango legal. Non obstante, ademais da transposición, a Lei 10/2014, do 26 de xuño, leva a cabo unha refundición nun único texto das principais normas de ordenación e disciplina de entidades de crédito que, ata entón, se encontraban dispersas en normas que databan incluso de 1946 e que, debido ás sucesivas modificacións da normativa bancaria, resultaban, en moitos casos, de difícil intelixibilidade.

Do mesmo modo, este real decreto ten por obxecto non só a culminación do desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2014, do 26 de xuño, senón tamén a refundición nun único texto daquelas normas con rango regulamentario de ordenación e disciplina de entidades de crédito. Por iso, este real decreto refunde nun único texto, por un lado, as disposicións en materia de entidades de crédito do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, que deben seguir vixentes tras a entrada en vigor do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño de 2013, e, por outro, o Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo, sobre creación de bancos, actividade transfronteiriza e outras cuestións relativas ao réxime xurídico das entidades de crédito. Para isto, o real decreto aséntase en tres grandes títulos. O primeiro deles desenvolve o réxime de acceso á actividade das entidades de crédito que en gran medida se encontraba contido no Real decreto

1245/1995, do 14 de xullo. Cabe destacar, con todo, que o réxime de autorización previsto neste título se limita aos bancos. As caixas de aforros e as cooperativas de crédito rexeranse pola súa normativa específica.

As principais novidades introducidas pola Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño de 2013, neste título están no capítulo IV, que versa sobre as obrigacións en materia de goberno corporativo e política de remuneracións. En materia de política de remuneracións, este real decreto concreta o tipo de información que deben publicar as entidades. A maior transparencia nesta área permitirá aos accionistas da entidade exercer un maior control sobre a calidade dos seus altos cargos.

En materia de goberno corporativo, pola súa parte, desenvólvense as funcións que deberán desempeñar os tres comités que xa introducía a Lei 10/2014, do 26 de xuño. Entre tales funcións destaca a obrigación do comité de nomeamentos de adoptar medidas para a consecución da igualdade de xénero entre os cargos directivos.

Aínda que o groso dos requisitos de solvencia se encontra no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, o título II introduce determinadas disposicións relacionadas con esta materia que proceden da Directiva 2013/36/UE. Concretamente, o capítulo I deste título exige ás entidades levar a cabo un proceso de autoavaliación dos seus niveis de capital atendendo á natureza, escala e complexidade das súas actividades, e contar con procedementos adecuados para cubrir os principais riscos a que está suxeita a súa actividade. Así mesmo, neste capítulo clarifícase a aplicación dos artigos do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, relativos ás ponderacións por risco para o cálculo dos requisitos de capital asignadas ás exposicións fronte a comunidades autónomas e corporacións locais, así como ás dos organismos dependentes daquelas. Así, dun lado, establécese a aplicación das mesmas ponderacións que a Administración xeral do Estado para as comunidades autónomas e entidades locais, mentres que se considera que a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, o Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, proporcionan o marco legal adecuado para reducir o seu risco de falta de pagamento nos termos que o artigo 115.2 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, require. Así mesmo, os organismos, entes e entidades públicas dependentes dunha administración poderán gozar dun tratamento equivalentes a estas, tal e como establece o artigo 116.4 do citado regulamento, sempre que o Banco de España considere que non hai diferenza de riscos.

Por outro lado, o capítulo II deste título desenvolve unha das principais novidades da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño de 2013: o réxime de colchóns de capital. Deste modo, as entidades de crédito deberán manter niveis adicionais de capital de nivel 1 ordinario aos exixidos polo Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013. Entre tales colchóns merece unha especial atención o colchón anticíclico e o colchón contra riscos sistémicos. O colchón anticíclico permite ao Banco de España exixir requisitos de capital de nivel 1 ordinario adicionais nas fases alcistas do ciclo e reducir estas exixencias nas fases baixistas. Pola súa parte, o colchón contra riscos sistémicos permite ao supervisor exixir maiores requisitos de capital de nivel 1 ordinario para aquelas exposicións que estean experimentando unha evolución que poida comprometer a estabilidade do sistema financeiro. Con estes colchóns, dótase o supervisor microprudencial de ferramentas de carácter eminentemente macroprudencial que, xunto coa política monetaria e coa política fiscal, poderían contribuir a suavizar os ciclos económicos.

Pola súa parte, o título III desenvolve as facultades supervisoras do Banco de España. Desta maneira, ademais de supervisar o cumprimento dos distintos coeficientes impostos pola normativa de solvencia, o capítulo I deste título exige ao supervisor nacional unha especial vixilancia dos métodos internos que utilizan as entidades de crédito para calcular os seus requisitos de fondos propios.

Actualmente é común encontrarse con entidades que operan en varios países xa sexa a través de filiais ou a través de sucursais. Por este motivo, os capítulos II e III do título III definen, respectivamente, o ámbito subxectivo da función supervisora do Banco de España e o marco de colaboración deste con outras autoridades competentes.

Entre as disposicións derradeiras, a disposición derradeira primeira modifica o regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, aprobado polo Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro, para adaptar esta norma ao novo réxime xurídico derivado da aprobación da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e a este real decreto. En concreto, adáptase o réxime de autorizacións, revogación e caducidade das cooperativas de crédito.

A disposición derradeira segunda, pola súa parte, modifica o Real decreto 2660/1998, do 14 de decembro, sobre o cambio de moeda estranxeira en establecementos abertos ao público distintos das entidades de crédito. O obxectivo é por unha parte, eliminar todas as mencións á xestión de transferencias ao ser esta un servizo de pagamento con reserva de actividade para os provedores de servizos de pagamento definidos na Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, que traspón a Directiva 2007/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de novembro de 2007, sobre servizos de pagamento no mercado interior, pola que se modifican as directivas 97/7/CE, 2002/65/CE, 2005/60/CE e 2006/48/CE e pola que se derroga a Directiva 97/5/CE. Por outra parte, esta disposición corrixe a incongruencia que supoñía a coexistencia de entidades de pagamento habilitadas para realizar operacións de compravenda de moeda non vinculadas á prestación de servizos de pagamento (as antigas remesadoras), xunto co resto de entidades de pagamento que só podían exercer a compravenda de moeda cando esta actividade fose o seu obxecto social exclusivo.

Por último, a modificación do Real decreto 1332/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros, e pola que se modifican outras leis do sector financeiro, supón a culminación da transposición da Directiva 2011/89/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011, pola que se modifican as directivas 98/78/CE, 2002/87/CE, 2006/48/CE e 2009/138/CE no relativo á supervisión adicional das entidades financeiras que formen parte dun conglomerado financeiro. Como principal novidade do Real decreto 1332/2005, do 11 de novembro, cabe sinalar a supresión do método de cálculo dos requisitos de adecuación do capital das entidades reguladas do conglomerado financeiro denominado valor contable/dedución dos requisitos.

Este real decreto foi sometido a informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver as disposicións da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, en materia de acceso á actividade, requisitos de solvencia e réxime de supervisión das entidades de crédito.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación ás entidades de crédito establecidas en España ou que presten servizos en España e aos grupos ou subgrupos consolidables de entidades de crédito con matriz en España. Así mesmo, resultará de aplicación, de conformidade cos termos previstos na Lei 10/2014, do 26 de xuño, ás sociedades financeiras de carteira, ás sociedades financeiras mixtas de carteira e aos grupos das que sexan entidade matriz.

2. O disposto nas seccións 1.^a a 3.^a do capítulo I do título I será de aplicación unicamente aos bancos, salvo que a normativa específica das caixas de aforros e cooperativas de crédito prevexa outra cousa.

TÍTULO I

Requisitos de actividade

CAPÍTULO I

Autorización, rexistro e actividade de entidades de crédito

Sección 1.^a Autorización e rexistro de bancos

Artigo 3. *Autorización e rexistro de bancos.*

1. Corresponde ao Banco de España elevar ao Banco Central Europeo unha proposta de autorización para acceder á actividade de entidade de crédito, logo de informe do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, nos aspectos da súa competencia.

O Banco de España comunicará á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a apertura do procedemento de autorización, indicando os elementos esenciais do expediente que se debe tramitar e a súa finalización.

2. A solicitude de autorización deberá ser resolta dentro dos seis meses seguintes á súa recepción no Banco de España, ou ao momento en que se complete a documentación exigible e, en todo caso, dentro dos doce meses seguintes á súa recepción. Cando a solicitude non sexa resolta no prazo anterior, entenderase desestimada. Á resolución da autorización que se adopte mediante decisión do Banco Central Europeo aplicaráselle o réxime de impugnación previsto na normativa da Unión Europea e, en particular, no Regulamento (UE) n.º 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013, que encomenda ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito.

3. Unha vez obtida a autorización e tras a súa constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, os bancos deberán quedar inscritos no Rexistro de Entidades de Crédito do Banco de España para poder exercer as súas actividades.

4. As inscricións no Rexistro de Entidades de Crédito do Banco de España a que se refire o punto anterior, así como as baixas, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 4. *Requisitos para exercer a actividade.*

Serán requisitos necesarios para exercer a actividade:

a) Revestir a forma de sociedade anónima constituída polo procedemento de constitución simultánea e con duración indefinida.

b) Ter un capital social inicial non inferior a 18 millóns de euros, desembolsado integramente en efectivo e representado por accións nominativas.

c) Limitar estatutariamente o obxecto social ás actividades propias dunha entidade de crédito.

d) Que os accionistas titulares de participacións significativas sexan considerados idóneos, de conformidade co previsto no artigo 6.

e) Non reservar aos fundadores ningunha vantaxe ou remuneración especial.

f) Contar cun consello de administración formado por, ao menos, cinco membros. Os membros do consello de administración, os directores xerais ou asimilados e os responsables das funcións de control interno e outros postos clave tanto da entidade como, de ser o caso, da sociedade dominante deberán cumprir os requisitos de idoneidade previstos no capítulo III.

g) Contar cunha adecuada organización administrativa e contable, así como con procedementos de control interno adecuados que garantan a xestión sa e prudente da entidade. En especial, o consello de administración deberá establecer normas de funcionamento e procedementos adecuados para facilitar que os seus membros poidan cumprir, en todo momento, as súas obrigacións e asumir as responsabilidades que lles correspondan de acordo coas normas de ordenación e disciplina das entidades de crédito, co texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, ou outras disposicións que sexan de aplicación.

h) Ter o seu domicilio social, así como a súa efectiva administración e dirección, en territorio nacional.

i) Contar con procedementos e órganos adecuados de control interno e de comunicación para previr e impedir a realización de operacións relacionadas co branqueo de capitais e co financiamento do terrorismo nas condicións establecidas pola normativa correspondente.

Artigo 5. *Requisitos da solicitude.*

A solicitude de autorización para a creación dun banco dirixirase ao Banco de España e deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Proxecto de estatutos sociais, acompañado dunha certificación rexistral negativa da denominación social proposta.

b) Programa de actividades, en que de modo específico deberá constar o tipo de operacións que se pretenden realizar, a organización administrativa e contable, os procedementos de control interno, os procedementos previstos para atender as queixas e reclamacións que presenten os seus clientes, así como os procedementos e órganos de control interno e de comunicación que se establezan para previr e impedir a realización de operacións relacionadas co branqueo de capitais e co financiamento do terrorismo.

c) Relación de socios que van constituír a sociedade, con indicación das súas participacións no capital social. Tratándose de socios que teñan a condición de persoas xurídicas, indicaranse as participacións no seu capital ou dereitos de voto que representen unha porcentaxe superior ao 5 por cento.

No caso de socios que vaian posuír unha participación significativa, achegarase a documentación precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos de idoneidade previstos no artigo 6.1.b) xunto con:

1.º Se son persoas físicas, información sobre a súa traxectoria e actividade profesional, así como sobre a súa situación patrimonial.

2.º Se son persoas xurídicas, as contas anuais e informe de xestión cos informes de auditoría, se os houber, dos dous últimos exercicios ou desde a súa creación, se esta se produciu durante este período; a composición dos seus órganos de administración, e a estrutura detallada do grupo a que eventualmente pertenza. En caso de socios persoas xurídicas que pertencen a un grupo consolidado, achegaranse, adicionalmente, as contas anuais consolidadas, informe de xestión e informes de auditoría relativos ao grupo.

Na falta de socios que vaian posuír unha participación significativa, a información anterior facilitarase respecto dos vinte maiores accionistas.

d) Relación de persoas que vaian integrar o primeiro consello de administración e daqueles que vaian exercer como directores xerais ou asimilados, así como dos

responsables das funcións de control interno e outros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade da entidade, con información detallada sobre os requisitos de idoneidade aplicables e exixidos de conformidade co capítulo III. Así mesmo, facilitarase esta información respecto dos membros do consello de administración, así como dos directores xerais ou asimilados e dos responsables das funcións de control interno e doutros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade da sociedade dominante da entidade de crédito.

e) Xustificación de ter constituído un depósito en metálico no Banco de España ou xustificación de ter inmovilizado valores de débeda pública a favor do Banco de España por un importe equivalente ao 20 por cento do capital social mínimo establecido no artigo anterior.

Durante a instrución do procedemento o Banco de España poderá exixir aos promotores cantos datos, informes ou antecedentes se consideren necesarios para verificar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos neste real decreto.

Artigo 6. *Denegación da solicitude.*

1. Sen prexuízo das competencias do Banco Central Europeo para denegar a solicitude de autorización proposta polo Banco de España, este último, mediante resolución motivada, denegará a autorización de creación dun banco cando non se cumpran os requisitos dos artigos 4 e 5 e, en especial, cando, atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade proxectada, non se considere adecuada a idoneidade dos accionistas que vaian ter nela unha participación significativa ou, en ausencia de accionistas con participación significativa, dos vinte maiores accionistas. Para estes efectos:

a) Entenderase por participación significativa nun banco aquela que cumpra co previsto no artigo 16 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

b) A idoneidade apreciarase, entre outros factores, en función:

1.º Da honorabilidade comercial e profesional dos accionistas, no sentido previsto no artigo 30. Esta honorabilidade presumirase sempre que os accionistas sexan administracións públicas ou entes dependentes delas.

2.º Dos medios patrimoniais con que contan tales accionistas para atender os compromisos asumidos.

3.º Da transparencia na estrutura do grupo a que eventualmente poida pertencer a entidade e, en xeral, da existencia de graves dificultades para inspeccionar ou obter a información necesaria sobre o desenvolvemento das súas actividades.

4.º Da posibilidade de que a entidade quede exposta, de forma inapropiada, ao risco das actividades non financeiras dos seus promotores, ou cando, tratándose de actividades financeiras, a estabilidade ou o control da entidade poida quedar afectada polo alto risco daquelas.

5.º Da posibilidade de que o bo exercicio da supervisión da entidade sexa obstaculizado polos vínculos estreitos que esta manteña con outras persoas físicas ou xurídicas, polas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas do país a cuxo dereito estea suxeita algunha das ditas persoas físicas ou xurídicas, ou por problemas relacionados coa aplicación das citadas disposicións.

Para estes efectos, entenderase que existen vínculos estreitos cando dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas estean unidas mediante:

i) Un vínculo de control no sentido que determina o artigo 42 do Código de comercio, ou

ii) O feito de posuír, de maneira directa ou indirecta, ou mediante un vínculo de control, o 20 por cento ou máis dos dereitos de voto ou do capital dunha empresa ou entidade.

2. Á resolución de denegación da autorización aplicaráselle o réxime de impugnación previsto na Lei 13/1994, do 1 de xuño, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro. Denegada a solicitude, o Banco de España remitirá copia ao Banco Central Europeo e procederá á devolución do depósito efectuado consonte o disposto no artigo 5.e). Así mesmo, procederá a súa devolución no suposto de desistencia da solicitude.

Artigo 7. *Comezo das actividades.*

1. No prazo dun ano contado desde a notificación da autorización dun banco, os promotores deberán outorgar a oportuna escritura de constitución da sociedade, inscribirla no Rexistro Mercantil e posteriormente no Rexistro de Entidades de Crédito, e dar inicio ás súas operacións. Noutro caso, declararase a caducidade da autorización de conformidade co previsto no artigo 13.

2. O depósito previsto no artigo 5.e) liberarase de oficio unha vez constituída a sociedade e inscrita no Rexistro de Entidades de Crédito do Banco de España, así como nos supostos de denegación, caducidade e, se non é liberado con carácter previo, revogación ou renuncia da autorización previstos neste capítulo.

Artigo 8. *Limitacións temporais á actividade dos novos bancos.*

1. Os bancos de nova creación quedarán suxeitos temporalmente ás seguintes limitacións:

a) Durante os tres primeiros exercicios, a partir do inicio das súas actividades, non poderán repartir dividendos e deberán destinar a totalidade dos seus beneficios de libre disposición a reservas, salvo que o autorice o Banco de España atendendo á situación financeira da entidade e, en particular, a que esta cumpra as súas obrigacións de solvencia.

b) Durante os cinco primeiros anos a partir do inicio das súas actividades:

1.º Non poderán, directa ou indirectamente, conceder créditos, préstamos ou avais de ningunha clase en favor dos seus socios, conselleiros e altos cargos da entidade, nin en favor dos seus familiares en primeiro grao ou das sociedades en que, uns ou outros, posúan participacións accionarias superiores ao 15 por cento ou de cuxo consello de administración formen parte. Tratándose de accionistas persoas xurídicas pertencentes ao seu grupo económico, inclúense nesta limitación todas as empresas pertencentes a este. Neste suposto, a limitación non se aplicará ás operacións con entidades de crédito.

2.º Unha persoa física ou xurídica ou un grupo non poderá posuír, directa ou indirectamente, máis do 20 por cento do capital ou dos dereitos de voto do banco, ou exercer o seu control. Para estes efectos, entenderase por grupo o que se define como tal no artigo 42 do Código de comercio. Non será aplicable esta limitación ás entidades de crédito e demais entidades financeiras.

3.º A transmisibilidade *inter vivos* das accións e o seu gravame ou peñoración estarán condicionados á autorización previa do Banco de España, e esta limitación deberá constar nos estatutos da sociedade.

2. O incumprimento das limitacións citadas no punto anterior, ou unha desviación substancial respecto do programa de actividades citado no artigo 5.b) durante os tres primeiros anos, poderá dar lugar á revogación da autorización conforme o previsto no artigo 8 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

Artigo 9. *Autorización de bancos suxeitos ao control de persoas estranxeiras.*

1. A creación de bancos cuxo control, nos termos previstos polo artigo 42 do Código de comercio, vaia ser exercido por persoas estranxeiras, queda suxeita ao establecido nos artigos precedentes.

2. No caso de que o control do banco vaia ser exercido por unha entidade de crédito, unha empresa de servizos de investimento ou unha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada noutro Estado membro da Unión Europea, pola entidade dominante dunha desas entidades, ou polas mesmas persoas físicas ou xurídicas que as controlen, o Banco de España, antes de conceder a autorización a que se refire o artigo 3.1, deberá consultar as autoridades responsables da supervisión das citadas entidades.

3. No caso de que o control do banco vaia ser exercido por unha ou varias persoas, sexan ou non entidades de crédito, domiciliadas ou autorizadas nun Estado non membro da Unión Europea, caberá exixir a prestación dunha garantía que alcance a totalidade de actividades do banco español.

Sección 2.^a Autorización de modificacións de estatutos sociais e de modificacións estruturais

Artigo 10. Modificación dos estatutos sociais.

1. A modificación dos estatutos sociais dos bancos estará suxeita a autorización do Banco de España, que deberá resolver dentro dos dous meses seguintes á recepción da solicitude, transcorridos os cales poderá entenderse estimada. No demais, rexerá polo procedemento de autorización e rexistro establecido no artigo 3.

Á solicitude de modificación deberáse xuntar unha certificación do acto en que se acordase, un informe xustificativo da proposta elaborado polo consello de administración, así como un proxecto de novos estatutos que identifique as modificacións introducidas.

2. Non requirirán autorización previa, aínda que deberán ser comunicadas ao Banco de España para a súa constancia no Rexistro de Entidades de Crédito as modificacións dos estatutos sociais que teñan por obxecto:

- a) Cambiar o domicilio social dentro do territorio nacional.
- b) Aumentar o capital social.
- c) Incorporar textualmente aos estatutos preceptos legais ou regulamentarios de carácter imperativo ou prohibitivo, ou cumprir resolucións xudiciais ou administrativas.
- d) Aqueloutras modificacións para as cales o Banco de España, en contestación á consulta previa formulada para o efecto polo banco afectado, considerase innecesario, pola súa escasa relevancia, o trámite da autorización.

A comunicación ao Banco de España deberase efectuar dentro dos quince días hábiles seguintes á adopción do acordo de modificación estatutaria. Se, recibida a comunicación, esa modificación excede no seu alcance o previsto neste punto, o Banco de España notificarállelo no prazo de trinta días aos interesados, para que revisen as modificacións ou, de ser o caso, se axusten ao procedemento de autorización do punto anterior.

Artigo 11. Autorización e rexistro de modificacións estruturais.

1. Conforme o disposto na disposición adicional décimo segunda da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e nos termos que nela se establecen, corresponde ao ministro de Economía e Competitividade autorizar as operacións de fusión, escisión ou cesión global ou parcial de activos e pasivos en que interveña un banco, ou calquera acordo que teña efectos económicos ou xurídicos análogos aos anteriores, así como as modificacións estatutarias que deriven delas. Para tal fin, solicitaranse previamente os informes preceptivos que correspondan e, en todo caso, o do Banco de España.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, entenderase por cesión parcial de activos e pasivos a transmisión en bloque dunha ou varias partes do patrimonio dun banco, cada unha das cales forme unha unidade económica, a unha ou varias sociedades de nova creación ou xa existentes, cando a operación non teña a cualificación de escisión

ou cesión global de activo e pasivo de conformidade coa Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.

3. A solicitude de autorización dirixirase á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, acompañada dos seguintes documentos por triplicado:

- a) Certificación do acordo do consello de administración, que aprobe o proxecto de fusión, escisión ou cesión global ou parcial de activos e pasivos, ou o acordo con efectos económicos ou xurídicos análogos ás operacións anteriores.
- b) Proxecto de fusión, escisión ou cesión global ou parcial de activos e pasivos, ou do acordo con efectos económicos ou xurídicos análogos ás operacións anteriores.
- c) De ser o caso, informe dos administradores, xustificativo da operación.
- d) De ser o caso, informe de expertos sobre o proxecto de fusión, escisión ou cesión global ou parcial de activos e pasivos, e do acordo con efectos económicos ou xurídicos análogos ás operacións anteriores, nos termos previstos na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.
- e) De ser o caso, proxecto de estatutos da sociedade resultante da operación.
- f) De ser o caso, proxecto de estatutos das sociedades intervinientes no caso de que se modifiquen.
- g) Estatutos vixentes das sociedades participantes na operación.
- h) Identificación dos administradores das sociedades que participan na operación e daqueles propostos para ocupar eses cargos nas entidades resultantes ou intervinientes.
- i) Contas anuais auditadas dos tres últimos exercicios das entidades que interveñen na operación e, de ser o caso, dos grupos de que formen parte.
- j) Balance de fusión ou da operación de modificación estrutural.
- k) De ser o caso, certificación dos acordos adoptados polas xuntas xerais das entidades que interveñen na operación.
- l) Calquera outro que a xuízo do órgano competente sexa necesario para a análise da operación e sexa expresamente requirido aos interesados.

4. Unha vez obtida a autorización e tras inscribirse a operación, cando proceda, no Rexistro Mercantil, inscribirse no Rexistro de Entidades de Crédito do Banco de España.

Sección 3.^a Revogación e caducidade

Artigo 12. Procedemento de revogación e renuncia.

1. O Banco de España será competente para iniciar, tramitar e elevar ao Banco Central Europeo unha proposta de revogación da autorización. O Banco de España unicamente poderá iniciar de oficio este procedemento nos termos previstos no artigo 69 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e polos supostos previstos no artigo 8 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou noutra norma con rango de lei. Á resolución da revogación da autorización mediante decisión do Banco Central Europeo aplicaráselle o réxime de impugnación previsto na normativa da Unión Europea e, en particular, no Regulamento (UE) n.º 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013, que encomenda ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito.

2. O Banco de España dará trámite de audiencia aos interesados unha vez instruído o procedemento de revogación e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución e concederalles un prazo de quince días para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

3. Así mesmo, o Banco de España elevará ao Banco Central Europeo unha proposta de revogación da autorización cando a entidade de crédito renuncie á autorización concedida, ou denegará expresamente a renuncia, no prazo de tres meses desde que se produza a súa comunicación.

As entidades de crédito xuntarán á comunicación da renuncia un plan de cesación da actividade.

4. O procedemento de renuncia rexeráse polas normas previstas para a revogación, sen que resulte necesario proceder á disolución e liquidación da entidade prevista no artigo 8.6 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, se a entidade ten previsto continuar co exercicio de actividades non reservadas.

5. En caso de denegación da renuncia, o Banco de España deberá motivar as razóns que ao seu xuízo concorren para considerar que a cesación de actividade pode ocasionar riscos graves á estabilidade financeira. Para estes efectos, terá en conta a necesidade de:

a) Asegurar a continuidade daquelas actividades, servizos e operacións cuxa interrupción podería perturbar a economía ou o sistema financeiro e, en particular, os servizos financeiros de importancia sistémica e os sistemas de pagamento, compensación e liquidación.

b) Evitar efectos prexudiciais para a estabilidade do sistema financeiro.

c) Protexer os depositantes e os demais fondos reembolsables e activos dos clientes das entidades de crédito.

Artigo 13. *Caducidade da autorización.*

1. O Banco de España declarará expresamente a caducidade da autorización para operar como entidade de crédito cando, dentro dos doce meses seguintes á súa data de notificación, non se dese comezo ás actividades específicas incluídas no programa de actividades a que se refire a autorización por causas imputables á entidade. Á resolución da caducidade aplicaráselle o réxime de impugnación previsto na Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O procedemento para declarar a caducidade unicamente poderá iniciarse de oficio nos termos previstos no artigo 69 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Unha vez acordado o inicio do procedemento procederase, no prazo de dez días, á súa notificación aos interesados para que poidan formular alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento antes do trámite de audiencia a que se refire o punto seguinte.

4. O Banco de España dará trámite de audiencia aos interesados unha vez instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución e concederalles un prazo de quince días para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

Sección 4.^a Actuación transfronteiriza

Artigo 14. *Apertura de sucursais e libre prestación de servizos noutros Estados membros da Unión Europea por entidades de crédito españolas.*

1. As entidades de crédito que pretendan abrir unha sucursal noutro Estado membro da Unión Europea deberán solicitalo previamente ao Banco de España, quen só poderá denegar a apertura dunha sucursal cando teña razóns para dúbida, visto o proxecto en cuestión, da adecuación das estruturas administrativas ou da situación financeira da entidade de crédito, ou cando no programa de actividades presentado se inclúan actividades non autorizadas á entidade. O Banco de España resolverá mediante resolución motivada, no prazo máximo de dous meses a partir da recepción de toda a información a que se refire o punto seguinte.

2. Á solicitude de apertura dunha sucursal prevista no punto anterior xuntaráse a seguinte información:

a) O Estado membro en cuxo territorio se pretende establecer a sucursal e o enderezo no Estado en que lle poidan ser requiridos documentos.

- b) Un programa de actividades en que se indiquen, en particular, as operacións que pretenda realizar e a estrutura da organización da sucursal.
- c) O nome e historial dos directivos responsables da sucursal.

3. En caso de que se acepte a apertura da sucursal, o Banco de España deberá comunicalo á autoridade competente do Estado de acollida. Esta comunicación será trasladada á propia entidade solicitante e irá acompañada da documentación prevista no punto anterior e da información correspondente.

Así mesmo, o Banco de España comunicará o importe e a composición dos recursos propios da entidade de crédito e a suma dos requisitos exixidos a esta consonte o disposto no artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013. No caso recollido no punto 6, o Banco de España comunicará a información anterior correspondente á entidade de crédito dominante.

4. O Banco de España comunicará o número e a natureza dos casos en que se producise unha denegación da pretensión a que se refire este artigo á Comisión Europea e á Autoridade Bancaria Europea.

Toda modificación do contido dalgunha das informacións notificadas a que se refire o punto 2 deberá ser comunicada pola entidade de crédito, ao menos un mes antes de efectuala, ao Banco de España e ás autoridades competentes do Estado membro de acollida. O Banco de España, dentro do referido prazo dun mes, poderase opor a ela, mediante resolución motivada que será notificada á entidade e comunicada, nos termos previstos no punto anterior, á Comisión Europea e á Autoridade Bancaria Europea.

5. Cando unha entidade de crédito desexe exercer por primeira vez, en réxime de libre prestación de servizos, algún tipo de actividade noutro Estado membro da Unión Europea deberá comunicalo previamente ao Banco de España indicando as actividades que se propón levar a cabo de entre as que estea autorizada a realizar. No prazo máximo dun mes contado desde a recepción desta comunicación, o Banco de España trasladará a autoridade supervisora do Estado membro de acollida e dará conta desta comunicación á propia entidade.

6. O disposto neste artigo poderá aplicarse á prestación de servizos, directamente ou mediante a apertura dunha sucursal, noutros Estados membros da Unión Europea, por aquelas entidades financeiras españolas que, controladas por entidades de crédito tamén españolas, se axusten ao réxime previsto no artigo 12.4 da Lei 10/2014, do 26 de xuño. Nestes casos, as solicitudes deberán vir subscrias igualmente pola entidade ou polas entidades de crédito dominantes.

Cando a entidade financeira estea suxeita á supervisión dunha autoridade distinta ao Banco de España, este dará conta da solicitude á dita autoridade e, no caso de apertura de sucursais, deberá denegar a autorización se esa autoridade se opón a ela atendendo ao incumprimento dos requisitos previstos no artigo 16.2. Para as actuacións posteriores será competente, de forma directa, a autoridade supervisora específica. Non obstante, corresponderá ao Banco de España velar polo mantemento das condicións previstas neste artigo.

O Banco de España comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos no parágrafo primeiro deste punto e proporcionará á entidade financeira unha certificación de cumprimento que notificará, así mesmo, á autoridade supervisora do Estado de acollida.

Se a entidade financeira deixa de cumprir algún dos requisitos previstos no parágrafo primeiro deste punto, o Banco de España informará disto a autoridade supervisora do Estado de acollida, e as actividades levadas a cabo por esa entidade nese Estado quedarán sometidas á normativa deste último.

7. Cando a entidade que pretenda abrir unha sucursal sexa unha entidade supervisada significativa para os efectos do Regulamento (UE) n.º 1024/2013, do 15 de outubro de 2013, o pronunciamento sobre a apertura da sucursal corresponderalle ao Banco Central Europeo. Tamén corresponderán ao Banco Central Europeo as demais competencias atribuídas ao Banco de España neste artigo, con excepción da recepción da solicitude de apertura, cando unha entidade supervisada significativa pretenda abrir

sucursal ou exercer a libre prestación de servizos nun Estado membro da Unión Europea non participante no Mecanismo Único de Supervisión.

Artigo 15. Apertura de sucursais e libre prestación de servizos en Estados non membros da Unión Europea por entidades de crédito españolas.

1. As entidades de crédito que pretendan abrir unha sucursal nun Estado non membro da Unión Europea deberán solicitálo previamente ao Banco de España e achegar, xunto á información do Estado en cuxo territorio pretenden establecer a sucursal e o domicilio previsto para ela, ao menos, a seguinte documentación:

- a) Un programa de actividades en que se indiquen, en particular, as operacións que pretenda realizar e a estrutura da organización da sucursal.
- b) O nome e historial dos directivos responsables da sucursal.

2. O Banco de España resolverá, mediante resolución motivada, no prazo máximo de tres meses a partir da recepción de todas as informacións. Cando a solicitude non sexa resolta no prazo anteriormente previsto, poderá entenderse desestimada. A solicitude poderá ser denegada polo Banco de España cando existan indicios fundados para dúbida da adecuación das estruturas administrativas ou da situación financeira da entidade de crédito, ou cando no programa de actividades presentado se inclúan actividades non autorizadas á entidade. O Banco de España poderá, así mesmo, denegar a solicitude por considerar que a actividade da sucursal non vai quedar suxeita a un efectivo control por parte da autoridade supervisora do país de acollida, ou pola existencia de obstáculos legais ou doutro tipo que impidan ou dificulten o control e inspección da sucursal polo Banco de España.

3. Toda modificación das informacións a que se refire este punto deberá ser comunicada pola entidade de crédito, ao menos un mes antes de efectualas, ao Banco de España. Non se poderá levar a cabo unha modificación relevante no programa de actividades da sucursal se o Banco de España, dentro do referido prazo dun mes, se opón a ela, mediante resolución motivada que será notificada á entidade. A oposición deberase fundar nalgunha das causas citadas neste punto.

4. As entidades de crédito que pretendan, por primeira vez, realizar as súas actividades en réxime de libre prestación de servizos nun Estado non membro da Unión Europea deberán comunicalo previamente ao Banco de España, indicando as actividades para as que estean autorizadas que se propoñen levar a cabo.

Artigo 16. Apertura de sucursais e libre prestación de servizos en España por entidades de crédito doutro Estado membro da Unión Europea.

1. As entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea poderán realizar en España, ben mediante a apertura dunha sucursal, ben en réxime de libre prestación de servizos, as actividades que gocen de recoñecemento mutuo previstas no anexo da Lei 10/2014, do 26 de xuño. Para tal efecto, a autorización, os estatutos e o réxime xurídico a que estean sometidas as citadas entidades deberán habilitala para exercer as actividades que pretenda realizar en España.

Estas entidades deberán respectar no exercicio da súa actividade en España as disposicións de ordenación e disciplina das entidades de crédito que, de ser o caso, resulten aplicables, así como calquera outra ditada por razóns de interese xeral, xa sexan estas de ámbito estatal, autonómico ou local.

2. A apertura en España de sucursais de entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea quedará condicionada a que o Banco de España reciba unha comunicación da autoridade supervisora da entidade de crédito que conteña, ao menos, a información seguinte:

- a) Un programa de actividades en que se indiquen, en particular, as operacións que pretende realizar e a estrutura da organización da sucursal.

- b) O domicilio en España onde poida ser requirida á sucursal toda a información necesaria.
- c) O nome e historial dos directivos responsables da sucursal.
- d) O importe e a composición dos recursos propios e a suma dos requirimentos de recursos propios exixidos á entidade de crédito e ao grupo consolidable en que eventualmente se integre.
- e) Información detallada sobre calquera sistema de garantía de depósitos que teña por finalidade asegurar a protección dos depositantes da sucursal.

Recibida esta comunicación, o Banco de España dará conta da súa recepción á entidade de crédito e esta, a continuación, inscribirá a sucursal no Rexistro Mercantil, e logo no Rexistro de Entidades de Crédito do Banco de España e comunicará a este a data do inicio efectivo das súas actividades.

O Banco de España poderá fixar un prazo de espera, non superior a dous meses desde a recepción da comunicación da autoridade supervisora da entidade de crédito, para o inicio das actividades da sucursal. Poderá, así mesmo, indicarlle, se procede, as condicións en que, por razóns de interese xeral, deberá exercer a súa actividade en España. No caso de que entre as actividades comunicadas exista algunha que non estea entre as relacionadas no anexo da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e se trate dunha actividade prohibida ou limitada para as entidades de crédito, o Banco de España notificará esta circunstancia á entidade e á súa autoridade supervisora.

Transcorrido un ano desde que se notificase á entidade de crédito a recepción da comunicación efectuada pola súa autoridade supervisora, ou desde a finalización do prazo de espera fixado polo Banco de España, sen que a entidade abra a sucursal, deberase iniciar de novo o procedemento indicado neste punto.

Toda modificación do contido dalgunha das informacións a que se refire este punto deberá ser comunicada pola entidade de crédito, ao menos un mes antes de efectuala, ao Banco de España, que procederá conforme o previsto nos parágrafos anteriores. Tamén se deberá comunicar ao Banco de España o peche da sucursal, ao menos con tres meses de antelación á data prevista para isto.

3. A realización en España, por primeira vez, de actividades en réxime de libre prestación de servizos, polas entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea participante no Mecanismo Único de Supervisión poderá iniciarse unha vez que o Banco de España reciba unha comunicación da súa autoridade supervisora indicando as actividades que esta entidade está autorizada a exercer e cales delas van ser exercidas en territorio español. Este réxime será de aplicación sempre que a entidade de crédito pretenda, por primeira vez, realizar en España unha actividade distinta das eventualmente contidas na citada comunicación.

En caso de que a libre prestación de servizos en España vaia ser exercida por unha entidade de crédito autorizada noutro Estado membro da Unión Europea non participante no Mecanismo Único de Supervisión, as competencias atribuídas no parágrafo anterior ao Banco de España corresponderán ao Banco Central Europeo.

4. O réxime previsto nos puntos anteriores será aplicable á apertura de sucursais ou libre prestación de servizos en España polas entidades financeiras doutro Estado membro da Unión Europea, xa sexa filial dunha entidade de crédito ou filial común de varias entidades de crédito, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 12.4 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

A comunicación ao Banco de España prevista no punto 2 deberá conter os seguintes aspectos:

- a) Certificación emitida pola autoridade supervisora da entidade ou entidades de crédito dominantes que acredite o cumprimento dos requisitos relacionados no artigo 12 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.
- b) Os demais aspectos exixidos no punto 2 no caso de establecemento de sucursais ou de libre prestación de servizos polas entidades de crédito autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea. Non obstante, a información prevista no punto 2.d) será

substituída polo importe e a composición dos fondos propios da entidade financeira e o importe total da exposición ao risco da entidade de crédito que sexa a súa empresa matriz, calculado de conformidade co artigo 92.3 e 4 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013. Así mesmo, a información prevista no punto 2.e) será substituída por información sobre o sistema de garantía de investidores a que eventualmente poida estar adherida a entidade financeira.

Cando a actividade dalgunha das entidades financeiras mencionadas nos puntos anteriores corresponda á realizada en España polos establecementos financeiros de crédito, unha vez cumpridos os trámites previstos no punto 2, inscribíranse as sucursais en España desas entidades no rexistro especial do Banco de España correspondente.

Cando a actividade da sucursal en España da entidade financeira estea suxeita ao control doutra autoridade supervisora nacional, o Banco de España trasladará á dita autoridade a comunicación recibida da autoridade supervisora do Estado membro da Unión Europea onde fose autorizada ou estea domiciliada a entidade financeira; aquela autoridade, unha vez inscrita a sucursal no Rexistro Mercantil, inscribíraa nos seus rexistros e poderá fixar o período de espera a que se refire o punto 2, efectuando a indicación alí mencionada. O Banco de España dará conta dese traslado á entidade financeira.

No caso de que unha entidade financeira deixe de reunir algunha das condicións exixidas neste punto, deberá comunicalo inmediatamente ao Banco de España.

5. Cando unha entidade de crédito autorizada nun Estado membro da Unión Europea non participante no Mecanismo Único de Supervisión que cumpra os criterios previstos no artigo 6.4 do Regulamento (UE) n.º 1024/2013, do 15 de outubro de 2013, pretenda abrir en España unha sucursal, corresponderán ao Banco Central Europeo as competencias atribuídas ao Banco de España no punto 2.

Non obstante, corresponderán ao Banco de España a recepción da comunicación por parte da autoridade supervisora e a potestade para indicar á sucursal as condicións en que, por razóns de interese xeral, debe exercer a súa actividade en España.

Artigo 17. Apertura de sucursais e libre prestación de servizos en España por entidades de crédito de Estados non membros da Unión Europea.

1. O establecemento en España de sucursais de entidades de crédito autorizadas en Estados que non sexan membros da Unión Europea requirirá a autorización do Banco de España. Observaranse para o efecto os artigos 3 a 9 no que resulte de aplicación, coas particularidades seguintes:

a) Por capital social mínimo entenderase a dotación mantida pola entidade en España de fondos de carácter permanente e duración indefinida, dispoñibles para a cobertura de perdas da sucursal.

b) Non serán de aplicación o artigo 4.a), d), e) e f), o artigo 5.c) nin a referencia aos compoñentes do consello do artigo 5.d). A mención ao proxecto de estatutos a que se refire o artigo 5.a) entenderase referida ao proxecto de escritura de constitución da sucursal e aos propios estatutos vixentes da entidade de crédito. Deberase informar o Banco de España dos cambios que posteriormente se produzan en ambos.

c) Deberán contar ao menos con dúas persoas que determinen de modo efectivo a orientación da sucursal e sexan responsables directos da xestión. Serán exixibles a ambas a honorabilidade, os coñecementos e a experiencia a que se refire o capítulo III.

d) O obxecto social da sucursal non poderá conter actividades non permitidas á entidade no seu país de orixe.

e) A documentación que se lle xunte á solicitude conterá a información necesaria para coñecer con exactitude as características xurídicas e de xestión da entidade de crédito estranxeira solicitante, así como a súa situación financeira. Tamén se incluírá unha descrición da estrutura organizativa da entidade e do grupo en que esta eventualmente se integre. Así mesmo, acreditarase que está en posesión das autorizacións do seu país

de orixe para abrir a sucursal, cando este as exixa, ou a certificación negativa se non foren precisas.

A autorización poderá ser tamén denegada por aplicación do principio de reciprocidade.

Para efectos do disposto na letra anterior, deberáselle xuntar á solicitude a seguinte documentación:

1.º Un programa de actividades en que se indiquen, en particular, as operacións que pretende realizar e a estrutura da organización da sucursal.

2.º O domicilio en España onde poida ser requirida á sucursal toda a información necesaria.

3.º O nome e historial dos directivos responsables da sucursal.

4.º O importe dos recursos propios, así como o coeficiente de solvencia da entidade de crédito e do grupo consolidable en que eventualmente se integre.

5.º Información detallada sobre calquera sistema de garantía de depósitos que teña por finalidade asegurar a protección dos depositantes da sucursal.

2. Se, unha vez aberta a sucursal, a entidade de crédito estranxeira pretende modificar o contido dalgunha das informacións relacionadas nos ordinais 1.º, 2.º, 3.º ou 5.º a letra e) do punto anterior, deberá comunicalo ao Banco de España, sen prexuízo da comunicación que proceda á súa autoridade supervisora, ao menos un mes antes de efectuar o cambio, co fin de que o Banco de España se poida pronunciar e actuar conforme o previsto nos ordinais anteriores. Tamén se deberá comunicar ao Banco de España o peche da sucursal, ao menos con tres meses de antelación á data prevista para iso, que aceptará ou denegará o peche nos termos previstos no artigo 12.3 a 5.

3. Cando unha entidade de crédito estranxeira, non autorizada noutro Estado membro da Unión Europea, pretenda prestar servizos sen sucursal en España deberá solicitar autorización previamente ao Banco de España, indicando as actividades que van ser realizadas. O Banco de España poderá pedir unha ampliación da información subministrada, así como denegar o exercicio desas actividades, ou dalgunha delas, ou condicionar a autorización ao cumprimento de requisitos adicionais, cando así resulte necesario para garantir o respecto das normas ditas por razóns de interese xeral.

Artigo 18. *Actuación mediante outras entidades de crédito.*

1. O réxime de autorización previsto nos artigos 6 a 10 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, será de aplicación aos supostos de creación dunha entidade de crédito estranxeira non autorizada nun Estado membro da Unión Europea por unha entidade de crédito establecida en España e aos de adquisición dunha participación significativa nunha entidade dese tipo, xa sexa esta adquisición efectuada de forma directa ou de forma indirecta a través de entidades controladas pola entidade de crédito ou grupo de entidades de crédito interesadas.

2. No caso da creación dunha entidade de crédito, á solicitude de autorización que se presente ante o Banco de España deberáselle xuntar, ao menos, a seguinte información:

a) Importe do investimento e da porcentaxe que representa a participación no capital e nos dereitos de voto da entidade que se vai crear. Indicación, de ser o caso, das entidades a través das cales se efectuará o investimento.

b) A prevista no artigo 5.a), b) e d). A prevista no artigo 5.c) substituirase por unha relación dos socios que van ter participacións significativas.

c) Descrición completa da normativa bancaria aplicable ás entidades de crédito no Estado onde se vaia constituír a nova entidade e, en particular, a normativa do réxime supervisor a que estea sometida a entidade e da cal se poida apreciar a inexistencia de obstáculos para o exercicio da supervisión consolidada, así como da normativa vixente en materia fiscal e de prevención do branqueo de diñeiro.

3. Cando se vaia adquirir unha participación significativa, entendendo por tal aquela que cumpra o previsto no artigo 16 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou se pretenda incrementar unha participación significativa, alcanzando ou superando algunha das porcentaxes sinaladas no artigo 17 da dita lei, deberase presentar a información sinalada no punto anterior, ben que a prevista na letra b) se poderá limitar a aqueles datos que teñan un carácter público. Tamén se indicará o prazo previsto para a realización do investimento, as contas anuais dos dous últimos exercicios da entidade participada e, de ser o caso, os dereitos da entidade co fin de designar representantes nos órganos de administración e dirección daquela.

4. Caberá exixir aos solicitantes cantos datos, informes ou antecedentes se consideren oportunos para que o Banco de España se poida pronunciar adecuadamente e, en particular, os que permitan apreciar a posibilidade de exercer a supervisión consolidada do grupo.

Artigo 19. *Oficinas de representación.*

1. Para os efectos do previsto neste real decreto, entenderase por oficina de representación aqueles establecementos orgánica e funcionalmente dependentes de entidades de crédito autorizadas noutro país, cuxa actividade consista en realizar labores informativos ou comerciais sobre cuestións bancarias, financeiras ou económicas que sirvan de soporte material á prestación de servizos sen establecemento. As oficinas de representación non poderán exixir ningunha remuneración polo exercicio destas actividades. Non obstante, poderán repercutir ao cliente os pagamentos realizados a terceiros vinculados a elas.

As oficinas de representación non poderán realizar operacións de crédito, de captación de depósitos ou de intermediación financeira, nin prestar ningún outro tipo de servizo bancario salvo a canalización de fondos de terceiros cara ás súas entidades de orixe. Esta canalización deberase executar a través de entidades de crédito operantes no país en que se encontre establecida a oficina de representación.

2. As entidades de crédito españolas, con anterioridade á eventual solicitude que ao respecto deban realizar ás autoridades estranxeiras, deberán comunicar ao Banco de España a súa intención de abrir unha oficina de representación no estranxeiro, especificando as actividades que vaian realizar. Tamén lle comunicarán a súa apertura, unha vez levada a cabo, e o seu peche.

3. As entidades de crédito autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea comunicarán ao Banco de España a súa intención de abrir unha oficina de representación en España.

O Banco de España poderá fixar un prazo de espera, non superior a dous meses desde a recepción da comunicación, para o inicio das actividades da oficina de representación. Así mesmo, poderalle indicar, se procede, as condicións en que, por razóns de interese xeral, deberá exercer a súa actividade en España.

4. Corresponderá ao Banco de España a autorización para a instalación en España de oficinas de representación de entidades de crédito non autorizadas en Estados membros da Unión Europea.

Unha vez presentada a solicitude de autorización, o Banco de España deberá pronunciarse nun prazo máximo de tres meses contado desde a súa recepción. Transcorridos estes sen que exista pronunciamento expreso, poderase entender estimada a solicitude.

5. A comunicación e a solicitude de autorización previstas, respectivamente, nos puntos 2 e 3, deberán especificar as actividades que se pretenden realizar, así como o nome e historial da persoa física que se vaia facer cargo da oficina.

Os cambios posteriores de domicilio da oficina de representación, do ámbito das súas actividades ou da persoa encargada, así como o seu peche, comunicaranse ao Banco de España.

*Sección 5.ª Oficinas, axentes e delegación de funcións**Artigo 20. Oficinas das entidades de crédito.*

As entidades de crédito e as sucursais de entidades de crédito poderán abrir novas oficinas en territorio nacional. Isto enténdese sen prexuízo:

- a) Das restricións que, de ser o caso, poidan conter os estatutos sociais das entidades.
- b) Das medidas de supervisión prudencial adoptadas polo Banco de España en virtude do artigo 68.2.e) da Lei 10/2014, do 26 de xuño.
- c) Das limitacións establecidas no artigo 2.1 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.
- d) Das limitacións establecidas no artigo 3 do regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, aprobado polo Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro.

Artigo 21. Axentes das entidades de crédito.

1. Para os efectos deste artigo, considéranse axentes de entidades de crédito as persoas físicas ou xurídicas ás cales unha entidade de crédito outorgase poderes para actuar habitualmente fronte á clientela, en nome e por conta da entidade mandante, na negociación ou formalización de operacións típicas da actividade dunha entidade de crédito. Quedan excluídos os mandatarios con poderes para unha soa operación específica, e as persoas que se encontren ligadas á entidade, ou a outras entidades do seu mesmo grupo, por unha relación laboral.

2. Os axentes non poderán formalizar avais, garantías ou outros riscos de sinatura.

3. Os contratos de axencia a que se refire este artigo subscribiranse por escrito e especificarán as clases de operacións en que poderá actuar o axente, así como o ámbito xeográfico de actuación.

4. As entidades de crédito comunicarán ao Banco de España unha vez ao ano, na forma en que este determine, a relación dos seus axentes, indicando o alcance da representación concedida. Esa relación actualizarase coas novas representacións concedidas ou coa cancelación das existentes, tan pronto como se produzan. A relación de axentes incluirase nun anexo da memoria anual das entidades.

O Banco de España poderá requirir das entidades representadas e tamén dos seus axentes cantas informacións considere necesarias sobre os aspectos relacionados coas materias obxecto da súa competencia.

5. Nos contratos de axencia, as entidades de crédito deberán exixir dos seus axentes que poñan de manifesto o seu carácter en cantas relacións establezan coa clientela, identificando de forma inequívoca a entidade representada.

6. A entidade de crédito será responsable do cumprimento das normas de ordenación e disciplina nos actos que leve a cabo o axente. Para eses efectos, deberá desenvolver procedementos de control adecuados.

7. Un axente soamente poderá representar unha entidade de crédito ou entidades dun mesmo grupo consolidable de entidades de crédito.

8. Os axentes de entidades de crédito non poderán actuar por medio de subaxentes.

9. Cando no contrato de axencia se prevexa a recepción polo axente ou entrega a este de fondos en efectivo, cheques ou outros instrumentos de pagamento, estes non se lle poderán aboar ao axente ou proceder de contas bancarias del, nin sequera transitoriamente.

10. Sen prexuízo do establecido sobre prestación de servizos nos artigos 14 a 17, as entidades de crédito españolas que celebren acordos con outras entidades de crédito estranxeiras para a prestación habitual de servizos financeiros á clientela, en nome ou por conta da outra entidade, ou de axencia no sentido indicado no punto 1, deberán

comunicalo ao Banco de España indicando o nome do correspondente e os servizos cubertos no prazo dun mes a partir da formalización do acordo.

11. Cando nos contratos de axencia se prevexa a realización de operacións previstas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, as entidades de crédito e os seus axentes deberán cumprir tamén as regras contidas na dita lei e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 22. Delegación da prestación de servizos ou do exercicio de funcións das entidades de crédito.

1. As entidades de crédito poderán delegar nun terceiro a prestación de servizos ou o exercicio de funcións, sempre que a actividade da entidade non se baleire de contido e a delegación non diminúa as capacidades de control interno da propia entidade e de supervisión do Banco de España e do Banco Central Europeo.

As actividades reservadas ás entidades de crédito non poderán ser obxecto de delegación, sen prexuízo do disposto en relación cos axentes das entidades de crédito no artigo anterior.

2. A delegación de servizos ou de funcións por parte das entidades de crédito en terceiros non diminuírá a súa responsabilidade respecto ao cumprimento íntegro das obrigacións que establece o ordenamento xurídico para a súa autorización e funcionamento.

3. A delegación de servizos ou de funcións esenciais por parte das entidades de crédito deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) A delegación non suporá en ningún caso o traslado de responsabilidade por parte da alta dirección. Concretamente, a delegación non poderá reducir as exixencias sobre mecanismos de control interno previstas no artigo 43.

b) A delegación non poderá alterar as relacións e obrigacións da entidade de crédito coa súa clientela nin coa autoridade competente para a súa supervisión.

c) As condicións que debe cumprir a entidade de crédito para recibir e conservar a autorización non se poderán eliminar ou modificar pola existencia dun acordo de delegación.

d) O acordo de delegación entre a entidade de crédito e o terceiro deberase plasmar nun contrato escrito en que se concretarán os dereitos e as obrigas das partes.

4. As entidades de crédito deberán elaborar e executar unha política obxectiva e integral para a xestión adecuada das súas delegacións de servizos ou funcións esenciais.

5. Entenderase que unha función ou servizo é esencial para o exercicio da actividade dunha entidade de crédito se unha deficiencia ou anomalía na súa execución pode, ben afectar de modo considerable a capacidade da entidade de crédito para cumprir permanentemente as condicións e obrigacións que derivan da súa autorización e do réxime establecido na Lei 10/2014, do 26 de xuño, ben afectar os seus rendementos financeiros, a súa solvencia ou a continuidade da súa actividade.

6. O Banco de España concretará os requisitos anteriores e as condicións en que as entidades de crédito poderán delegar a prestación de servizos ou o exercicio de funcións. Así mesmo, en función da natureza ou criticidade dalgunhas funcións ou actividades, poderá establecer limitacións á delegación distintas das mencionadas neste artigo.

O Banco de España ou, de ser o caso, o Banco Central Europeo encargarse da supervisión do previsto neste artigo e, para estes efectos, as entidades de crédito deberán ter dispoñible, cando aquel o solicite, toda a información oportuna.

CAPÍTULO II

Participacións significativas

Artigo 23. *Definición e cómputo de participacións significativas.*

1. Consideraranse participacións significativas en entidades de crédito as definidas no artigo 16 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e integranse no seu cómputo as accións, achegas ou dereitos de voto, incluíndo:

- a) Os adquiridos directamente polo adquirente potencial.
- b) Os adquiridos a través de sociedades controladas ou participadas polo adquirente potencial.
- c) Os adquiridos por sociedades integradas no mesmo grupo ca o adquirente potencial ou participadas por entidades do grupo.
- d) Os adquiridos por outras persoas que actúen por conta do adquirente potencial ou concertadamente con el ou con sociedades do seu grupo. En todo caso, incluíranse:

1.º Os dereitos de voto que se poidan exercer en virtude dun acordo cun terceiro que obrigue o adquirente potencial e o propio terceiro a adoptar, mediante o exercicio concertado dos dereitos de voto que posúen, unha política común duradeira en relación coa xestión da entidade de crédito ou que teña por obxecto influír de maneira relevante nela.

2.º Os dereitos de voto que se poidan exercer en virtude dun acordo cun terceiro que prevexa a transferencia temporal e a título oneroso ao adquirente potencial dos dereitos de voto en cuestión.

- e) Os que posúa o adquirente potencial vinculados a accións adquiridas a través de persoa interposta.
- f) Os dereitos de voto que se poidan controlar, declarando expresamente a intención de exercelos, como consecuencia do depósito das accións correspondentes como garantía.
- g) Os dereitos de voto que se poidan exercer en virtude de acordos de constitución dun dereito de usufruto sobre accións.
- h) Os dereitos de voto que estean vinculados a accións depositadas no adquirente potencial, sempre que este poida exercelos discrecionalmente en ausencia de instrucións específicas por parte dos accionistas.
- i) Os dereitos de voto que o adquirente potencial poida exercer en calidade de representante, cando os poida exercer discrecionalmente en ausencia de instrucións específicas por parte dos accionistas.
- j) Os dereitos de voto que se poden exercer en virtude de acordos ou negocios dos previstos nas letras f) a i), celebrados por unha entidade controlada polo adquirente potencial.

2. Os dereitos de voto calcularanse sobre a totalidade das accións que os atribúan, incluso nos supostos en que o exercicio de tales dereitos estea suspendido.

3. Para efectos do disposto no título I, capítulo III da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e neste capítulo, as accións, achegas ou dereitos de voto que se integren no cómputo dunha participación non incluírán:

- a) As accións adquiridas exclusivamente para efectos de compensación e liquidación dentro do ciclo curto de liquidación habitual. Para estes efectos, a duración máxima do ciclo curto de liquidación habitual será de tres días hábiles bolsistas a partir da operación e aplicarase tanto a operacións realizadas nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado como ás realizadas fóra del. Os mesmos principios se aplicarán tamén a operacións realizadas sobre instrumentos financeiros.

b) As accións que se poidan posuír por ter proporcionado o aseguramento ou a colocación de instrumentos financeiros sobre a base dun compromiso firme, sempre que os dereitos de voto correspondentes non se exerzan ou utilicen para intervir na administración da entidade de crédito e se cedan no prazo dun ano desde a súa adquisición.

c) As accións posuídas en virtude dunha relación contractual para a prestación do servizo de administración e custodia de valores, sempre que a entidade só poida exercer os dereitos de voto inherentes a esas accións con instrucións formuladas polo propietario, por escrito ou por medios electrónicos.

d) As accións ou participacións adquiridas por parte dun creador de mercado que actúe na súa condición de tal, sempre que:

1.º Estea autorizado a operar como tal en virtude das disposicións que incorporen ao seu dereito nacional a Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE, ou a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, e

2.º non interveña na xestión da entidade de crédito de que se trate, nin exerza ningunha influencia sobre ela para adquirir tales accións nin ampare o prezo da acción de ningunha outra forma.

e) As accións ou participacións incorporadas a unha carteira xestionada discrecional e individualizadamente sempre que a empresa de servizos de investimento, sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou entidade de crédito, só poida exercer os dereitos de voto inherentes a esas accións con instrucións precisas por parte do cliente.

4. Para levar a cabo o cómputo dunha participación para efectos do disposto no punto 2, no caso de que o adquirente potencial sexa unha entidade dominante dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou unha entidade que exerza o control dunha empresa de servizos de investimento, terase en conta o seguinte:

a) A entidade dominante dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo non estará obrigada a agregar a proporción de dereitos de voto que atribúen as accións que posúa á proporción de dereitos de voto das accións que formen parte do patrimonio das institucións de investimento colectivo xestionadas pola dita sociedade xestora, sempre que esta exerza os dereitos de voto independentemente da entidade dominante.

Non obstante o anterior, aplicarase o disposto nos puntos anteriores cando a entidade dominante ou outra entidade controlada por ela investise en accións que integren o patrimonio das institucións de investimento colectivo xestionadas pola sociedade xestora e esta careza de discrecionalidade para exercer os dereitos de voto correspondentes e poida unicamente exercelos seguindo as instrucións directas ou indirectas da entidade dominante ou doutra entidade controlada por ela.

b) A entidade que exerza o control dunha empresa que presta servizos de investimento non estará obrigada a agregar a proporción dos dereitos de voto que atribúan as accións que posúa á proporción que esta xestione de maneira individualizada como consecuencia da prestación do servizo de xestión de carteiras, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

1.º Que a empresa de servizos de investimento, a entidade de crédito ou a sociedade xestora de institucións de investimento colectivo estean autorizadas para a prestación do servizo de xestión de carteiras nos termos establecidos nos artigos 63.1.d) e 65 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

2.º Que só poida exercer os dereitos de voto inherentes a esas accións seguindo instrucións formuladas por escrito ou por medios electrónicos ou, na súa falta, que cada

un dos servizos de xestión de carteira se preste de forma independente de calquera outro servizo e en condicións de exercicio equivalentes ás previstas na Lei 35/2003, do 5 novembro, de institucións de investimento colectivo, mediante a creación dos oportunos mecanismos.

3.º Que exerza os seus dereitos de voto independentemente da entidade dominante.

Non obstante o anterior, aplicarase o disposto nos puntos anteriores cando a entidade dominante ou outra entidade controlada por ela investise en accións xestionadas por unha empresa de servizos de investimento do grupo e esta non estea facultada para exercer os dereitos de voto vinculados a esas accións e só poida exercer os dereitos de voto correspondentes a esas accións seguindo instrucións directas ou indirectas da entidade dominante ou doutra entidade controlada por ela.

5. As participacións indirectas tomaranse polo seu valor cando o adquirente potencial teña o control da sociedade interposta, e polo que resulte de aplicar a porcentaxe de participación na interposta, en caso contrario.

Cando unha participación significativa se posúa, total ou parcialmente, de forma indirecta, os cambios nas persoas ou entidades a través das cales tal participación se posúa deberán ser comunicados previamente ao Banco de España, o cal poderá opoñerse segundo o previsto no artigo 25.

6. Consideraranse sociedades controladas aquelas en que o adquirente potencial posúa o control por darse algún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio, e participadas aquelas nas cales se posúa, de maneira directa ou indirecta, ao menos un 20 por cento dos dereitos de voto ou do capital dunha empresa ou entidade, ou o 3 por cento se as súas accións están admitidas a cotización nun mercado regulado.

7. Para eses mesmos efectos, entenderase en todo caso por influencia notable a posibilidade de nomear ou destituír algún membro do consello de administración da entidade de crédito.

Artigo 24. *Información que debe subministrar o adquirente potencial.*

1. O Banco de España establecerá mediante circular unha lista coa información que debe subministrar o adquirente potencial en cumprimento da obrigaición de notificación a que se refire o artigo 17.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño. O Banco de España dará publicidade ao contido da lista na súa páxina web.

2. En todo caso, a lista a que se refire o punto anterior deberá conter información acerca dos seguintes aspectos:

a) Sobre o adquirente potencial e, de ser o caso, sobre calquera persoa que de forma efectiva dirixa ou controle as súas actividades:

1.º A identidade do adquirente potencial, a estrutura do accionariado e a composición dos órganos de administración do adquirente potencial.

2.º A honorabilidade profesional e comercial do adquirente potencial e, de ser o caso, de calquera persoa que de forma efectiva dirixa ou controle as súas actividades.

3.º A estrutura detallada do grupo a que eventualmente pertenza.

4.º A situación patrimonial e financeira do adquirente potencial e do grupo a que eventualmente pertenza.

5.º A existencia de vínculos ou relacións, financeiras ou non, do adquirente potencial coa entidade adquirida e co seu grupo.

6.º As avaliacións realizadas por organismos internacionais da normativa de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo do país de nacionalidade do adquirente potencial, salvo que sexa a dun Estado membro da Unión Europea, así como a traxectoria en materia de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo do adquirente potencial e das entidades integradas no seu grupo que non estean domiciliadas na Unión Europea.

No caso de Estados membros da Unión Europea, a información sobre esta traxectoria obterase na consulta que o Banco de España realice ás autoridades supervisoras deste Estado de acordo co artigo 19.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

b) Sobre a adquisición proposta:

- 1.º A identidade da entidade obxecto da adquisición.
- 2.º A finalidade da adquisición.
- 3.º A contía da adquisición, así como a forma e prazo en que se levará a cabo.
- 4.º Os efectos que terá a adquisición sobre o capital e os dereitos de voto, antes e despois da adquisición proposta.
- 5.º A existencia dunha acción concertada de maneira expresa ou tácita con terceiros con relevancia para a operación proposta.
- 6.º A existencia de acordos previstos con outros accionistas da entidade obxecto da adquisición.

c) Sobre o financiamento da adquisición: orixe dos recursos financeiros empregados para a adquisición, entidades a través das cales se canalizarán e réxime de dispoñibilidade destes.

d) Ademais, exixírase:

1.º No caso de participacións significativas que produzan cambios no control da entidade, detallarase o plan de negocio, incluíndo información sobre o plan de desenvolvemento estratéxico da adquisición, os estados financeiros e outros datos provisionais. Así mesmo, detallaranse as principais modificacións na entidade que se vaia adquirir previstas polo adquirente potencial. En particular, sobre o impacto que a adquisición terá no goberno corporativo, na estrutura e nos recursos dispoñibles, nos órganos de control interno e nos procedementos para a prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo daquela.

2.º No caso de participacións significativas que non produzan cambios no control da entidade, informarase sobre a política do adquirente potencial en relación coa adquisición e as súas intencións respecto á entidade adquirida, en particular, sobre a súa participación no goberno da entidade.

3.º Nos dous casos anteriores, os aspectos relativos á idoneidade dos membros do consello de administración e dos directores xerais ou asimilados que vaian dirixir a actividade da entidade de crédito como consecuencia da adquisición proposta.

Artigo 25. *Avaliación das adquisicións propostas de participacións significativas.*

1. O Banco de España avaliará as adquisicións propostas de participacións significativas e elevará ao Banco Central Europeo unha proposta de decisión para que este se opoña ou non se opoña á adquisición. A avaliación da adquisición proposta aterase aos seguintes criterios:

- a) Á honorabilidade comercial e profesional do adquirente potencial.
- b) Ao cumprimento dos requisitos de idoneidade establecidos no capítulo III deste título por parte dos membros do consello de administración e directores xerais ou asimilados que vaian dirixir a actividade da entidade de crédito como consecuencia da adquisición proposta.
- c) Á solvencia financeira do adquirente potencial para atender os compromisos asumidos, en especial en relación co tipo de actividade que se exerza ou estea previsto exercer na entidade de crédito en que se propón a adquisición.
- d) Á capacidade da entidade de crédito de cumprir de forma duradeira coas normas de ordenación e disciplina que lle sexan aplicables e, en particular, cando proceda, se o grupo do cal pasará a formar parte conta cunha estrutura que non impida exercer unha supervisión eficaz, e que permita proceder a un intercambio efectivo de información entre as autoridades competentes para levar a cabo tal supervisión e determinar a repartición de responsabilidades entre elas.
- e) Á ausencia de indicios racionais que permitan supor que:

1.º En relación coa adquisición proposta, se están efectuando ou se efectuaron ou se intentaron efectuar operacións de branqueo de diñeiro ou financiamento do terrorismo no sentido previsto na normativa de prevención de tales actividades.

2.º Que a citada adquisición non poida aumentar o risco de que se efectúen tales operacións.

2. Tan pronto como se reciba a notificación prevista no artigo 17.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, o Banco de España solicitará informe do Servizo Executivo da Comisión para a Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, co fin de obter unha valoración adecuada deste criterio. Con esta solicitude o Banco de España remitirá ao Servizo Executivo tanta información recibise do adquirente potencial ou dispoña en exercicio das súas competencias que poida ser relevante para a valoración deste criterio. O Servizo Executivo deberá remitir o informe ao Banco de España no prazo máximo de trinta días hábiles contado desde o día seguinte a aquel en que recibise a solicitude coa información sinalada.

3. A decisión de oposición ou non oposición á adquisición dunha participación significativa deberase adoptar nun prazo máximo de sesenta días hábiles contado desde a data en que o Banco de España efectuase o aviso de recepción da notificación, para realizar a avaliación a que se refire o punto 1. O aviso de recepción realizarase por escrito no prazo de dous días hábiles contados desde a data da recepción da notificación polo Banco de España, sempre que esta se acompañe de toda a información que resulte exixible conforme o artigo 24 e nel indicáraselle ao adquirente potencial a data exacta en que expira o prazo de avaliación. Se a notificación non contén toda a información exixible, requirirase o adquirente potencial para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte a información preceptiva, con indicación de que, se así non o fai, se considerará que desiste da adquisición proposta.

4. Se o considera necesario, o Banco de España poderá solicitar antes do quincuaxésimo día hábil do prazo establecido no punto anterior información adicional á que, con carácter xeral, procede exixir consonte o establecido no artigo 24 para avaliar convenientemente a adquisición proposta. Esta solicitude farase por escrito e nela especificarase a información adicional necesaria.

5. O Banco de España só poderá elevar ao Banco Central Europeo un proxecto de decisión de oposición á adquisición proposta cando haxa motivos razoables para iso, sobre a base dos criterios establecidos no punto 1.

Se unha vez finalizada a avaliación, o Banco de España presenta obxeccións á adquisición proposta, informará diso o adquirente potencial, por escrito e motivando a súa decisión, no prazo de dous días hábiles, sen que en ningún caso se poida superar o prazo máximo para realizar a avaliación.

Se non existe pronunciamento no prazo de sesenta días hábiles previsto no punto 3, entenderase que non existe oposición.

6. O Banco de España non poderá impor condicións previas en canto á contía da participación que deba adquirirse nin terá en conta as necesidades económicas do mercado ao realizar a avaliación.

7. Os proxectos de decisión elaborados polo Banco de España mencionarán as posibles observacións ou reservas expresadas pola autoridade competente responsable da supervisión do adquirente potencial, consultada nos termos do artigo 19 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

8. Por petición do adquirente ou de oficio, o Banco de España poderá facer públicos os motivos que xustifican o seu proxecto de decisión sempre que a información revelada non afecte terceiros alleos á operación.

Artigo 26. *Suspensión do prazo de avaliación.*

1. No suposto previsto no artigo 25.4, o Banco de España poderá suspender o cómputo do prazo de avaliación, por unha única vez, durante o período que medie entre a

data da solicitude de información adicional e a súa data de recepción. Esta suspensión poderá ter unha duración máxima de vinte días hábiles.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o Banco de España poderá determinar que a suspensión do cómputo do prazo de avaliación mencionada no punto anterior teña unha duración máxima de trinta días hábiles, se o adquirente potencial:

- a) Está domiciliado ou autorizado fóra da Unión Europea; ou,
- b) Non está suxeito a supervisión financeira en España ou na Unión Europea.

3. O cómputo dos trinta días hábiles previsto no artigo 25.2 para que o Servizo Executivo da Comisión para a Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias remita o seu informe ao Banco de España suspenderase nos mesmos termos en que este suspenda o cómputo do prazo de avaliación de acordo co artigo 25.4.

Artigo 27. Información sobre a estrutura de capital das entidades de crédito.

Con independencia da obrigaición establecida no artigo 22.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, as entidades de crédito comunicarán ao Banco de España, na forma que este estableza, durante o mes seguinte a cada trimestre natural, a composición do seu capital social, relacionando todos os accionistas, no caso dos bancos, ou todos os tedores de achegas, no caso das cooperativas de crédito, que ao final do dito período teñan a consideración de entidades financeiras e os que, non séndoo, teñan inscritas ao seu nome accións ou achegas que representen unha porcentaxe do capital social da entidade igual ou superior ao 0,25 por cento no caso dos bancos, ou do 1 por cento no das cooperativas de crédito.

Artigo 28. Publicidade de participacións.

1. De conformidade co artigo 88 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, as entidades de crédito incluírán na memoria anual:

a) Información individualizada das participacións no seu propio capital, no momento do peche do exercicio, posuídas por entidades de crédito, nacionais ou estranxeiras, ou por grupos, no sentido do artigo 42 do Código de comercio, en que se integre algunha entidade de crédito nacional ou estranxeira, cando a participación sexa igual ou superior ao 5 por cento do capital ou dos dereitos de voto da entidade.

b) Información individualizada das participacións da entidade no capital doutras entidades de crédito, nacionais ou estranxeiras, cando esas participacións alcancen ou superen a porcentaxe mencionada na letra a).

2. Nos grupos consolidables de entidades de crédito, as informacións requiridas no punto anterior incluíranse na memoria do grupo e referiranse, no caso da alínea a) precedente, ás participacións en calquera das entidades de crédito integradas no grupo, e no caso da letra b), ás que no seu conxunto posúa o grupo.

CAPÍTULO III

Idoneidade, incompatibilidades e rexistro de altos cargos

Artigo 29. Valoración da idoneidade.

1. Os membros do consello de administración, así como os directores xerais ou asimilados e os responsables das funcións de control interno e outros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade da entidade de crédito, deberán cumprir cos requisitos de honorabilidade, experiencia e bo goberno establecidos no título I, capítulo IV da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

Tamén deberán cumprir eses requisitos os membros do consello de administración, así como os directores xerais ou asimilados e os responsables das funcións de control

interno e outros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade da sociedade dominante dunha entidade de crédito. Á hora de valorar os ditos requisitos, terase en conta a natureza, escala e complexidade das funcións desempeñadas por estas persoas respecto á entidade de crédito.

2. A valoración dos requisitos a que se refire o punto anterior realizaraa:

a) A propia entidade ou, cando proceda, os seus promotores, con ocasión da solicitude de autorización para o exercicio da actividade de entidade de crédito, cando se proceda a novos nomeamentos, e sempre que se produzan circunstancias que aconsellen volver valorar a idoneidade en aplicación dos procedementos previstos no artigo 33.

b) O adquirente dunha participación significativa, cando da adquisición desa participación deriven novos nomeamentos, sen prexuízo da valoración posterior realizada pola entidade.

Se a valoración da idoneidade dos cargos prevista nas letras a) e b) anteriores resulta negativa, a entidade deberá absterse de nomear ou dar posesión no cargo á dita persoa ou, en caso de tratarse dunha circunstancia sobrevida, deberá adoptar as medidas oportunas para emendar as deficiencias identificadas e, cando resulte necesario, dispor a súa suspensión temporal ou cesamento definitivo.

c) O Banco de España ou, de ser o caso, o Banco Central Europeo nos casos e prazos seguintes:

1.º Con ocasión da autorización da creación ou da adquisición dunha entidade de crédito, no prazo previsto no artigo 3.

2.º Con ocasión da adquisición dunha participación significativa de que deriven novos nomeamentos, no prazo previsto no artigo 25.

3.º Tras a notificación da proposta de novos nomeamentos prevista no artigo 33.3, nun prazo de tres meses contado desde a dita notificación. Na falta de notificación neste prazo, entenderase que a valoración é positiva.

4.º Cando, en presenza de indicios fundados, resulte necesario valorar se a idoneidade se mantén en relación cos membros en funcións.

3. Todo incumprimento dos requisitos especificados nos artigos 30 a 32 deberá ser comunicado ao Banco de España pola entidade no prazo máximo de quince días hábiles desde que se teña coñecemento.

Artigo 30. *Requisitos de honorabilidade comercial e profesional.*

1. Concorrerá a honorabilidade comercial e profesional exixida en virtude do artigo 24 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, en quen viñese mostrando unha conduta persoal, comercial e profesional que non ofrezca dúbidas sobre a súa capacidade para desempeñar unha xestión sa e prudente da entidade.

2. Para valorar a concorrencia de honorabilidade comercial e profesional deberase considerar toda a información dispoñible, incluíndo:

a) A traxectoria do cargo en cuestión na súa relación coas autoridades de regulación e supervisión; as razóns polas cales foi despedido ou separado de postos ou cargos anteriores; o seu historial de solvencia persoal e de cumprimento das súas obrigacións; a súa actuación profesional, se ocupou cargos de responsabilidade en entidades de crédito que estivesen sometidas a un proceso de actuación temperá ou resolución, ou se estivo inhabilitado conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso e os quebrados e concursados non rehabilitados en procedementos concursais anteriores á entrada en vigor da referida lei.

b) A condena pola comisión de delitos ou faltas e a sanción pola comisión de infraccións administrativas tendo en conta:

1.º O carácter doloso ou imprudente do delito, falta ou infracción administrativa.

- 2.º Se a condena ou sanción é ou non firme.
- 3.º A gravidade da condena ou sanción impostas.
- 4.º A tipificación dos feitos que motivaron a condena ou sanción, especialmente se se trata de delitos contra o patrimonio, branqueo de capitais, contra a orde socioeconómica e contra a Facenda pública e a Seguridade Social, ou supuxeron infracción das normas reguladoras do exercicio da actividade bancaria, de seguros ou do mercado de valores, ou de protección dos consumidores.
- 5.º Se os feitos que motivaron a condena ou sanción se realizaron en proveito propio ou en prexuízo dos intereses de terceiros cuxa administración ou xestión de negocios lle fose confiada e, de ser o caso, a relevancia dos feitos polos cales se produciu a condena ou sanción en relación coas funcións que tefa asignadas ou se vaian asignar ao cargo en cuestión na entidade de crédito.
- 6.º A prescrición dos feitos ilícitos de natureza penal ou administrativa ou a posible extinción da responsabilidade penal.
- 7.º A existencia de circunstancias atenuantes e a conduta posterior desde a comisión do delito ou infracción.
- 8.º A reiteración de condenas ou sancións por delitos, faltas ou infraccións.

Para efectos de valorar o previsto nesta letra, a entidade remitirá ao Banco de España un certificado de antecedentes penais da persoa obxecto de valoración. Así mesmo, o Banco de España consultará as bases de datos da Autoridade Bancaria Europea, da Autoridade Europea de Valores e Mercados e da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación sobre sancións administrativas e poderá establecer un comité de expertos independentes co obxecto de emitir informe sobre os expedientes de valoración en que conorra condena por delitos ou faltas.

c) A existencia de investigacións relevantes e fundadas, tanto no ámbito penal como administrativo, sobre algún dos feitos mencionados na letra b). 4.º Non se considerará que hai falta de honorabilidade sobrevida pola mera circunstancia de que, estando no exercicio do seu cargo, un conselleiro, director xeral ou asimilado ou outro empregado responsable do control interno ou que ocupe un posto clave no desenvolvemento da actividade xeral da entidade, sexa obxecto destas investigacións.

3. Se durante o exercicio da súa actividade concorre na persoa avaliada, algunha das circunstancias previstas no punto anterior e esta resulta relevante para a avaliación da súa honorabilidade, a entidade de crédito comunicarallo ao Banco de España no prazo máximo de quince días hábiles desde o seu coñecemento.

4. Os membros do consello de administración, directores xerais ou asimilados e outros empregados que sexan responsables das funcións de control interno e outros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade da entidade que tivesen coñecemento de que concorren na súa persoa ou nalgunha das persoas anteriores algunha das circunstancias descritas no punto 2, deberán informar inmediatamente diso a súa entidade.

Artigo 31. *Requisitos de coñecementos e experiencia.*

1. Posuirán os coñecementos e experiencia exixidos en virtude do artigo 24 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, aqueles que conten con formación do nivel e perfil adecuado, en particular nas áreas de banca e servizos financeiros, e experiencia práctica derivada das súas anteriores ocupacións durante períodos de tempo suficientes. Para iso teranse en conta tanto os coñecementos adquiridos nun contorno académico como a experiencia no desenvolvemento profesional de funcións similares ás que se van desenvolver noutras entidades ou empresas.

2. Na valoración da experiencia práctica e profesional deberase prestar especial atención á natureza e complexidade dos postos desempeñados, ás competencias e poderes de decisión e responsabilidades asumidas, así como ao número de persoas ao

seu cargo, ao coñecemento técnico alcanzado sobre o sector financeiro e aos riscos que deben xestionar.

En todo caso, os criterios de coñecementos e experiencia aplicaranse valorando a natureza, escala e complexidade da actividade de cada entidade e as concretas funcións e responsabilidades do posto asignado á persoa avaliada.

3. Así mesmo, o consello de administración deberá contar con membros que, considerados no seu conxunto, reúnan suficiente experiencia profesional no goberno de entidades de crédito para asegurar a capacidade efectiva do consello de administración de tomar decisións de forma independente e autónoma en beneficio da entidade.

Artigo 32. *Capacidade para exercer un bo goberno da entidade.*

1. Para valorar a capacidade dos membros do consello de administración de exercer un bo goberno da entidade, en virtude do exixido polo artigo 24 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, terase en conta:

a) A presenza de potenciais conflitos de interese que xeren influencias indebidas de terceiros derivados:

1.º Dos cargos desempeñados no pasado ou no presente na mesma entidade ou noutras organizacións privadas ou públicas,

2.º Dunha relación persoal, profesional ou económica con outros membros do consello de administración da entidade, da súa matriz ou das súas filiais,

3.º Dunha relación persoal, profesional ou económica cos accionistas que posúan o control da entidade, da súa matriz ou das súas filiais.

b) A capacidade de dedicar o tempo suficiente para levar a cabo as funcións correspondentes.

2. Se durante o exercicio da súa actividade concorre nalgún conselleiro algunha circunstancia que poida alterar a súa capacidade para exercer un bo goberno da entidade, a entidade de crédito comunicarllo ao Banco de España no prazo máximo de quince días hábiles desde o seu coñecemento.

Artigo 33. *Selección, control e avaliación dos requisitos de idoneidade por parte das entidades de crédito.*

1. As entidades de crédito e as sucursais de entidades de crédito non autorizadas nun Estado membro da Unión Europea deberán contar, en condicións proporcionais ao carácter, escala e complexidade das súas actividades, con unidades e procedementos internos adecuados para levar a cabo a selección e avaliación continua dos membros do seu consello de administración e dos seus directores xerais ou asimilados, e dos responsables de funcións de control interno e doutros postos clave na entidade.

2. Así mesmo, as entidades de crédito deberán identificar os postos clave para o desenvolvemento diario da súa actividade e os responsables das funcións de control interno, mantendo á disposición do Banco de España unha relación actualizada das persoas que os desempeñan, a valoración da idoneidade realizada pola entidade e a documentación que a acredite.

3. As entidades de crédito deberán notificar ao Banco de España a proposta de nomeamento de novos membros do consello de administración, de directores xerais ou asimilados tanto da propia entidade de crédito como, de ser o caso, da súa sociedade dominante.

Artigo 34. *Rexistro de Altos Cargos.*

1. Para a súa inscrición no Rexistro de Altos Cargos previsto no artigo 27 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, os conselleiros e directores xerais ou asimilados da entidade deberán declarar expresamente, no documento que acredite a súa aceptación do cargo:

a) Que reúnen os requisitos de idoneidade a que se refire o artigo 24 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

b) Que non se encontran incursos en ningunha das limitacións ou incompatibilidades establecidas no artigo 26 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou en calquera outra norma que lles sexa de aplicación.

2. Ademais da xestión do Rexistro de Altos Cargos, corresponderá ao Banco de España a creación e xestión dun rexistro de conselleiros e directores xerais ou asimilados das sociedades dominantes de entidades de crédito españolas, cando tales entidades sexan sociedades financeiras de carteira ou sociedades financeiras mixtas de carteira. En tal rexistro deberán inscribirse obrigatoriamente os conselleiros, directores xerais e asimilados daquelas.

Para a inscrición, a entidade deberá comunicar o seu nomeamento dentro dos quince días hábiles seguintes ao da aceptación do cargo, incluíndo os datos persoais e profesionais que estableza, con carácter xeral, o Banco de España e declarar expresamente, no documento que acredite a aceptación do cargo, que os conselleiros e directores xerais ou asimilados cumpren os requisitos establecidos nas letras a) e b) do punto anterior.

Artigo 35. Límites á obtención de créditos, avais e garantías polos altos cargos da entidade.

1. As entidades de crédito deberán solicitar ao Banco de España autorización para a concesión de créditos, avais e garantías aos membros do seu consello de administración ou aos seus directores xerais ou asimilados.

2. Non requirirá a autorización a que se refire o punto anterior a concesión do crédito, aval ou garantía:

a) Que estea amparada nos convenios colectivos concertados entre a entidade de crédito e o conxunto dos seus empregados.

b) Que se realice en virtude de contratos cuxas condicións estean estandarizadas e se apliquen en masa e de maneira habitual a un elevado número de clientes, sempre que o importe concedido a unha mesma persoa, aos seus familiares de ata segundo grao ou ás sociedades en que estas persoas teñan unha participación de control igual ou superior ao 15 por cento, ou de cuxo consello formen parte, non exceda os 200.000 euros.

En todo caso, a concesión das operacións anteriores será comunicada ao Banco de España inmediatamente despois da súa concesión.

3. Ao avaliar a solicitude de autorización prevista no punto anterior, o Banco de España deberá ter en conta, ao menos, os seguintes factores:

a) Os efectos que o crédito, aval ou garantía poida ter sobre a xestión sa e prudente da entidade e o seu correcto cumprimento da normativa de ordenación e disciplina.

b) Os efectos que estas operacións poidan ter sobre a adecuada repartición das responsabilidades dentro da organización e a prevención de conflitos de interese.

c) Os termos e condicións en que son concedidas estas operacións en relación co interese xeral da entidade e, en particular, en comparación coas operacións concedidas a outros empregados distintos dos membros do consello de administración, directores xerais ou asimilados e á clientela.

CAPÍTULO IV

Goberno corporativo e política de remuneracións

Artigo 36. *Obrigacións en materia de goberno corporativo e política de remuneracións.*

1. Para os efectos do artigo 34.1.ñ) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, entenderase por beneficios discrecionais de pensión os pagamentos discrecionais concedidos por unha entidade de crédito en base individual ao seu persoal en virtude dun plan de pensións ou instrumento distinto que outorgue prestacións de xubilación e que poidan asimilarse á remuneración variable. En ningún caso incluírá beneficios concedidos a un empregado de conformidade co sistema de pensións da entidade.

2. Para efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 34.1.p) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, o Banco de España poderá:

- a) Impor restricións ás entidades de crédito para o uso dos instrumentos sinalados no dito artigo da lei.
- b) Fixar os criterios necesarios para permitir que a remuneración variable se contraia en función dos resultados financeiros negativos das entidades de crédito.
- c) Exixir ás entidades de crédito e aos seus grupos que limiten a remuneración variable en forma de porcentaxe dos ingresos totais cando isto non sexa compatible co mantemento dunha base de capital sólida.

3. En relación coas entidades que percibisen apoio financeiro nos termos previstos no artigo 35 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e sen prexuízo do resto de normativa aplicable, corresponde ao Banco de España autorizar expresamente a contía, a devindicación e o aboamento de calquera retribución variable aos administradores e directivos. Se procede, tamén poderá establecer límites á súa remuneración total.

4. Sen prexuízo do anterior, o Banco de España establecerá criterios sobre os conceptos e políticas de remuneracións contidos nos artigos 32 a 35 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e, en particular, poderá establecer criterios específicos para a determinación da relación entre os compoñentes fixos e variables da remuneración total.

5. De conformidade co artigo 29.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, o Banco de España poderá ter por cumprida a obrigaición de constituír os comités previstos nos artigos 31 e 36 da citada lei, sempre que:

- a) Se trate de entidades de crédito filiais que fosen exceptuadas da aplicación dos requisitos prudenciais de forma individual, en virtude dos artigos 7 ou 10 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e da disposición adicional quinta da Lei 10/2014, do 26 de xuño.
- b) As entidades de crédito matrices constituían tales comités, de conformidade cos artigos 38 e 39, e exerzan as súas funcións para as filiais.

Artigo 37. *Obrigacións de publicidade en materia de goberno corporativo e política de remuneracións.*

1. De conformidade co artigo 29.5 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, as entidades de crédito ofrecerán na súa páxina web de forma clara, comprensible e comparable, a información en materia de goberno corporativo prevista no título I, capítulo V da citada lei e a maneira en que cumpren coas súas obrigaicións de goberno corporativo e remuneracións. O Banco de España especificará os termos en que ten que estar configurada a páxina web e a información que as entidades de crédito deben incluír nela, consonte o establecido na Lei 10/2014, do 26 de xuño, e neste capítulo.

2. O consello de administración será responsable de manter a información anterior actualizada.

3. A información sobre a remuneración devindicada en cada exercicio económico polos membros do consello de administración, que publicarán na súa páxina web as

entidades de crédito, deberá reflectir a cifra total da remuneración devindicada e un detalle individualizado por conceptos retributivos con referencia ao importe dos compoñentes fixos e das axudas de custo, así como aos conceptos retributivos de carácter variable.

Esta información conterá todos os conceptos retributivos devindicados, calquera que sexa a súa natureza ou a entidade do grupo que o satisfaga.

4. O disposto no punto anterior incluirá, de ser o caso, as retribucións devindicadas polos membros do consello de administración pola súa pertenza a consellos noutras sociedades do grupo ou participadas en que actúe en representación do grupo.

5. Igualmente, incluirase información sobre o resultado da votación na xunta de accionistas ou asemblea xeral da política de remuneracións dos membros do consello de administración, de conformidade co previsto no artigo 33.3 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e indicarse o quórum existente, o número total de votos válidos, o número de votos a favor e en contra, e as abstencións.

Artigo 38. *Comité de nomeamentos.*

1. O comité de nomeamentos previsto no artigo 31 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, desempeñará, ao menos, as funcións seguintes:

a) Identificar e recomendar, con vistas á súa aprobación polo consello de administración ou pola xunta xeral, candidatos para prover os postos vacantes do consello de administración.

b) Avaliar o equilibrio de coñecementos, capacidade, diversidade e experiencia do consello de administración e elaborar unha descrición das funcións e aptitudes necesarias para un nomeamento concreto, valorando a dedicación de tempo prevista para o desempeño do posto.

c) Avaliar periodicamente, e ao menos unha vez ao ano, a estrutura, o tamaño, a composición e a actuación do consello de administración, e facerlle recomendacións con respecto a posibles cambios.

d) Avaliar periodicamente, e ao menos unha vez ao ano, a idoneidade dos diversos membros do consello de administración e deste no seu conxunto, e informar o consello de administración en consecuencia.

e) Revisar periodicamente a política do consello de administración en materia de selección e nomeamento dos membros da alta dirección e formularlle recomendacións.

f) Establecer, de conformidade co artigo 31.3 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, un obxectivo de representación para o sexo menos representado no consello de administración e elaborar orientacións sobre como aumentar o número de persoas do sexo menos representado co fin de acadar este obxectivo. O obxectivo, as orientacións e a súa aplicación publicaranse xunto coa información prevista no artigo 435.2.c) do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e serán transmitidas polo Banco de España á Autoridade Bancaria Europea.

Así mesmo, o Banco de España utilizará esta información para levar a cabo comparacións das prácticas en favor da diversidade.

2. No desempeño do seu labor, o comité de nomeamentos terá en conta, na medida do posible e de forma continuada, a necesidade de velar por que a toma de decisións do consello de administración non estea dominada por un individuo ou un grupo reducido de individuos de maneira que se vexan prexudicados os intereses da entidade no seu conxunto.

3. O comité de nomeamentos poderá utilizar os recursos que considere apropiados para o desenvolvemento das súas funcións, incluído o asesoramento externo, e recibirá os fondos adecuados para iso.

Artigo 39. *Comité de remuneracións.*

1. O comité de remuneracións previsto no artigo 36 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, encargarase da preparación das decisións relativas ás remuneracións, incluídas as que teñan repercusións para o risco e a xestión de riscos da entidade de que se trate, que deberá adoptar o consello de administración.

En particular, o comité de remuneracións deberá emitir informe sobre a política xeral de retribucións dos membros do consello de administración, directores xerais ou asimilados, así como sobre a retribución individual e as demais condicións contractuais dos membros do consello de administración que desempeñen funcións executivas, e velará pola súa observancia.

2. Naqueles supostos en que a normativa específica dunha entidade prevexa a representación do persoal no consello de administración, o comité de remuneracións incluírá un ou máis representantes do persoal.

3. Ao preparar as decisións, o comité de remuneracións terá en conta os intereses a longo prazo dos accionistas, dos investidores e doutras partes interesadas na entidade, así como o interese público.

Artigo 40. *Vixilancia das políticas remunerativas.*

O Banco de España solicitará e transmitirá á Autoridade Bancaria Europea a información publicada polas entidades de conformidade co artigo 450.1.g), h) e i) do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013. Esta información será utilizada polo Banco de España para comparar as tendencias e prácticas en materia de remuneración.

No caso da información sobre o número de persoas físicas en cada entidade que reciban remuneracións de 1 millón de euros ou máis por exercicio, incluíranse igualmente as súas responsabilidades no cargo que ocupan, o ámbito de negocio implicado e os principais compoñentes do soldo, os incentivos, as primas a longo prazo e a contribución á pensión.

Artigo 41. *Función de xestión de riscos.*

1. O director da unidade de xestión de riscos prevista no artigo 38.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, será un alto directivo independente, que non desempeñará funcións operativas e que asumirá especificamente a responsabilidade da función de xestión de riscos e non poderá ser revogado do seu cargo sen a aprobación previa do consello de administración.

En todo caso, entenderanse por funcións operativas aquelas que involucren responsabilidades executivas ou de xestión nas liñas ou áreas de negocio da entidade.

Para o exercicio das súas funcións o director da unidade de xestión de riscos terá acceso directo ao consello de administración.

2. Cando a natureza, escala e complexidade das actividades da entidade non xustifiquen que se nomee especificamente unha persoa, poderá desempeñar esa función outro alto directivo da entidade, sempre que non exista conflito de intereses.

3. Corresponderá á unidade de xestión de riscos das entidades de crédito:

- a) Determinar, cuantificar e notificar adecuadamente todos os riscos importantes.
- b) Participar activamente na elaboración da estratexia de risco da entidade e en todas as decisións importantes de xestión de riscos.
- c) Presentar unha imaxe completa de toda a gama de riscos a que se encontre exposta a entidade.
- d) Informar directamente o consello de administración sobre evolucións específicas do risco que afecten ou poidan afectar unha entidade.

Artigo 42. *Comité de riscos.*

1. Corresponderá ao comité de riscos previsto no artigo 38 da Lei 10/2014, do 26 de xuño:

a) Asesorar o consello de administración sobre a propensión global ao risco, actual e futura, da entidade e a súa estratexia neste ámbito, e asistilo na vixilancia da aplicación desa estratexia.

Non obstante o anterior, o consello de administración será o responsable dos riscos que asuma a entidade.

b) Vixiar que a política de prezos dos activos e os pasivos ofrecidos aos clientes teña plenamente en conta o modelo empresarial e a estratexia de risco da entidade. En caso contrario, o comité de riscos presentará ao consello de administración un plan para emendala.

c) Determinar, xunto co consello de administración, a natureza, a cantidade, o formato e a frecuencia da información sobre riscos que deban recibir o propio comité e o consello de administración.

d) Colaborar para o establecemento de políticas e prácticas de remuneración racionais. Para tales efectos, o comité de riscos examinará, sen prexuízo das funcións do comité de remuneracións, se a política de incentivos prevista no sistema de remuneración ten en consideración o risco, o capital, a liquidez e a probabilidade e a oportunidade dos beneficios.

2. Para o adecuado exercicio das súas funcións, as entidades garantirán que o comité de riscos poida acceder sen dificultades á información sobre a situación de risco da entidade e, se for necesario, á unidade de xestión de riscos e a asesoramento externo especializado.

TÍTULO II

Solvencia das entidades de crédito

CAPÍTULO I

Sistemas, procedementos e mecanismos de xestión de riscos e autoavaliación do capital

Artigo 43. *Requisitos de organización, xestión de riscos e control interno.*

1. Conforme o disposto no artigo 29 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, as entidades de crédito deberán contar en base consolidada ou subconsolidada con sistemas, estratexias, procedementos e mecanismos para dar cumprimento á normativa de ordenación e disciplina, en particular, ás regras establecidas nos artigos 46 a 54. Para tal efecto, deberán:

a) Contar cunha estrutura organizativa adecuada á natureza das súas actividades e con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes.

b) Dispor dunha función de auditoría interna que vele polo bo funcionamento dos sistemas de información e control interno.

c) Contar cunha unidade que desempeñe a función de cumprimento normativo. Esta función deberá ter carácter integral e comprender, entre outras, as obrigacións que ao respecto resulten da prestación de servizos de investimento, así como as establecidas pola normativa de prevención do branqueo de capitais.

2. As funcións mencionadas nas letras b) e c) do punto anterior deberán ser desempeñadas baixo o principio de independencia respecto ás áreas, unidades ou funcións sobre as cales xire a súa verificación.

O consello de administración da entidade de crédito deberá ser, así mesmo, informado periodicamente dos resultados dos labores de verificación levados a cabo polas funcións de auditoría interna e de cumprimento normativo.

3. As entidades de crédito que non fosen exceptuadas polo Banco de España en virtude dos artigos 7 ou 10 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e da disposición adicional quinta da Lei 10/2014, do 26 de xuño, da aplicación dos requisitos prudenciais de forma individual, deberán contar cos sistemas, estratexias, procedementos e mecanismos a que se refire o punto 1 tamén en base individual.

4. As filiais de entidades de crédito españolas situadas en Estados non membros da Unión Europea deberán contar tamén con sistemas, estratexias, procedementos e mecanismos equivalentes salvo que a lexislación do país onde estea situada a filial o prohiba.

5. As entidades de crédito que presten servizos de investimento deberán respectar os requisitos de organización interna recollidos no artigo 70 ter.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Non obstante o anterior, entenderanse cumpridos os requisitos do artigo 70 ter.3.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, referidos aos procedementos administrativos e contables, aos mecanismos de control interno, á auditoría interna e ás técnicas eficaces de valoración dos riscos, así como a obrigaición de contar con medidas que aseguren a continuidade e regularidade na prestación dos servizos, incluídas na letra b) do mesmo punto, cando as entidades cumpran co establecido neste capítulo.

Artigo 44. *Responsabilidade do consello de administración na asunción de riscos.*

1. Para o correcto exercicio das responsabilidades do consello de administración sobre xestión de riscos previstas no artigo 37.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, as entidades de crédito:

a) Establecerán canles de información cara ao consello de administración que abran todos os riscos importantes e as políticas de xestión de riscos e as súas modificacións.

b) Garantirán que o consello de administración poida acceder sen dificultades á información sobre a situación de risco da entidade e, se for necesario, á función de xestión de riscos e a asesoramento externo especializado.

2. O consello de administración determinará, xunto co comité de riscos, a natureza, a cantidade, o formato e a frecuencia da información sobre riscos que deban recibir o citado comité e o propio consello de administración.

Artigo 45. *Aplicación do proceso de autoavaliación do capital interno.*

1. O proceso de autoavaliación do capital previsto no artigo 41 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, será levado a cabo:

a) En base consolidada, consonte o ámbito de aplicación e os métodos de consolidación prudencial previstos na parte primeira, título II, capítulo 2, seccións 2 e 3, do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013:

1.º Polas entidades de crédito matrices.

2.º Polas entidades controladas por sociedades financeiras de carteira e sociedades financeiras mixtas de carteira matrices. Non obstante o anterior, cando unha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira matriz controle máis dunha entidade de crédito ou empresa de servizos de investimento, o proceso de autoavaliación do capital será levado a cabo unicamente pola entidade de crédito ou empresa de servizos de investimento sobre a cal se aplique a supervisión en base consolidada de conformidade co artigo 81.

b) En base individual:

1.º Polas entidades de crédito que non sexan filiais, empresas matrices nin entidades afiliadas de forma permanente a un organismo central, de conformidade co artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

2.º Polas entidades de crédito que non se inclúan na consolidación de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

c) En base subconsolidada, polas entidades de crédito filiais autorizadas en España cando estas entidades ou a súa sociedade financeira de carteira ou sociedade financeira mixta de carteira dominante teñan como filiais en Estados non membros da Unión Europea entidades de crédito, empresas de servizos de investimento ou entidades financeiras ou posúan unha participación nunha sociedade destas características.

Para os efectos desta letra, consideraranse entidades financeiras as definidas no artigo 40 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

2. As estratexias e os procedementos a que se refire o artigo 41 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, resumiranse nun informe anual de autoavaliación do capital interno que se remitirá ao Banco de España antes do 30 de abril de cada exercicio, ou nun prazo menor cando así o estableza o Banco de España.

Para a elaboración deste informe as entidades de crédito deberán ter en conta os criterios que para estes efectos publique o Banco de España.

Artigo 46. *Risco de crédito e de contraparte.*

En materia de risco de crédito e de contraparte, as entidades deberán:

- a) Basear a concesión de créditos en criterios sólidos e ben definidos.
- b) Establecer un procedemento claro de aprobación, modificación, renovación e refinanciamento de créditos.
- c) Dispor de metodoloxías internas que lles permitan avaliar o risco de crédito das exposicións fronte a debedores, valores ou posicións de titulización individuais, así como o risco de crédito do conxunto da carteira.

As metodoloxías internas non se sustentarán única ou mecanicamente en cualificacións crediticias externas. O feito de que os requirimentos de recursos propios se baseen na cualificación dunha axencia de cualificación crediticia externa ou a inexistencia dunha cualificación da exposición non obstará para que as entidades teñan en conta outra información pertinente para avaliar a súa asignación de capital interno.

- d) Utilizar métodos eficaces para administrar e supervisar de forma permanente as diversas carteiras e exposicións con risco de crédito.
- e) Identificar e xestionar os créditos dúbidosos e realizar os axustes de valor e as dotacións de provisións adecuados.
- f) Diversificar as carteiras de créditos de forma adecuada en función dos mercados destinatarios e da estratexia crediticia xeral da entidade.

Artigo 47. *Risco residual.*

As entidades deberán contar con políticas e procedementos escritos, entre outros medios, para xestionar a posibilidade de que as técnicas de redución do risco de crédito ás cales se refire o artigo 108 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, resulten menos eficaces do esperado.

Artigo 48. *Risco de concentración.*

As entidades deberán contar con políticas e procedementos escritos, entre outros medios, para controlar o risco de concentración derivado:

- a) De exposicións fronte a cada unha das contrapartes, incluídas as entidades de contrapartida central, os grupos de contrapartes vinculadas e as contrapartes do mesmo

sector económico, da mesma rexión xeográfica ou da mesma actividade ou materia prima, nos termos que determine o Banco de España.

b) Da aplicación de técnicas de redución do risco de crédito, incluídos os riscos vinculados a grandes exposicións crediticias indirectas, tales como un emisor de garantías reais.

Artigo 49. *Risco de titulización.*

1. Os riscos derivados de operacións de titulización en que a entidade de crédito actúa como investidora, orixinadora ou patrocinadora, incluído o risco reputacional, valoraranse e controlaranse mediante as políticas e os procedementos adecuados para asegurarse, en particular, de que o contido económico da operación quede plenamente reflectido nas decisións de avaliación e xestión do risco.

2. As entidades de crédito orixinadoras de operacións de titulización renovables que inclúan cláusulas de amortización anticipada, contarán con plans de liquidez para facer fronte ás implicacións derivadas tanto da amortización a vencemento como da anticipada.

Artigo 50. *Risco de mercado.*

As entidades de crédito aplicarán políticas e procedementos para a determinación, valoración e xestión de todas as fontes significativas de risco de mercado e dos efectos de tales riscos que sexan significativos.

En particular, o nivel de capital interno das entidades deberá ser adecuado para cubrir os riscos de mercado significativos que non estean suxeitos a un requirimento de recursos propios.

Artigo 51. *Risco de tipos de xuro derivado de actividades alleas á carteira de negociación.*

As entidades aplicarán sistemas para determinar, avaliar e xestionar o risco derivado de posibles variacións dos tipos de xuro que incidan nas actividades alleas á carteira de negociación.

Artigo 52. *Risco operacional.*

1. As entidades aplicarán políticas e procedementos para avaliar e xestionar a exposición ao risco operacional incluíndo, de ser o caso, o risco de modelo, que cubran o risco de eventos pouco frecuentes xeradores de perdas moi elevadas.

Para tal fin, entenderase por risco de modelo o risco de perda potencial en que podería incurrir unha entidade como consecuencia de decisións fundadas principalmente nos resultados de modelos internos, debido a erros na concepción, aplicación ou utilización de tales modelos.

As entidades especificarán o que constitúe un risco operacional para os efectos de tales políticas e procedementos.

2. As entidades establecerán plans de emerxencia e de continuidade da actividade que lles permitan manter a súa actividade e limitar as perdas en caso de interrupcións graves no negocio.

Artigo 53. *Risco de liquidez.*

1. As entidades deberán contar con estratexias, políticas, procedementos e sistemas sólidos para a identificación, xestión e medición do risco de liquidez, proporcionais á natureza, escala e complexidade das súas actividades. Para tales efectos, o Banco de España exixirá ás entidades:

a) Desenvolver métodos para o seguimento das posicións de financiamento.

b) Identificar os activos libres de cargas dispoñibles en situacións de urxencia, tendo en conta as posibles limitacións legais a eventuais transferencias de liquidez.

c) Estudar o impacto de distintos escenarios sobre os seus perfís de liquidez.

2. As entidades, tendo en conta a natureza, dimensión e complexidade das súas actividades, deberán manter perfís de risco de liquidez coherentes cos necesarios para o bo funcionamento e a solidez do sistema. O Banco de España controlará a evolución de tales perfís mantidos polas entidades atendendo a elementos como o deseño e os volumes de produtos, a xestión do risco, as políticas de financiamento e as concentracións de financiamento. En particular, o Banco de España exixirá ás entidades:

a) Contar con ferramentas de redución do risco de liquidez tales como colchóns de liquidez, ou unha adecuada diversificación das fontes de financiamento que permitan afrontar situacións de tensión financeira.

b) Elaborar plans de emerxencia para afrontar os escenarios previstos en virtude da letra c) do punto anterior e plans para emendar eventuais déficits de liquidez. Estes últimos deberán ser postos a proba pola entidade ao menos unha vez ao ano.

3. Cando o Banco de España considere que unha entidade conta cuns niveis de liquidez inferiores aos adecuados conforme os criterios establecidos neste artigo e a súa normativa de desenvolvemento ou no artigo 42 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, poderá adoptar, entre outras, algunha das medidas previstas no artigo 68.2 da citada lei.

Estas medidas aplicaranse sen prexuízo das sancións que correspondan de conformidade co establecido no título IV, capítulo III, da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e deberán gardar relación coa posición de liquidez da entidade e os requisitos de financiamento estable previstos na normativa de solvencia.

4. Así mesmo, cando a evolución dos perfís de risco de liquidez dunha entidade poida dar lugar a inestabilidade noutra entidade ou a inestabilidade sistémica, o Banco de España informará das medidas adoptadas para solucionar esta situación á Autoridade Bancaria Europea.

Artigo 54. *Risco de apancamento excesivo.*

1. As entidades deberán establecer políticas e procedementos para a identificación, a xestión e o control do risco de apancamento excesivo.

2. Entre os indicadores de risco de apancamento excesivo figurarán a ratio de apancamento determinado de conformidade co artigo 429 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e os desfases entre activos e obrigacións.

3. As entidades abordarán o risco de apancamento excesivo con carácter preventivo, tendo debidamente en conta os incrementos potenciais do dito risco causados por reducións dos recursos propios da entidade que deriven de perdas previstas ou efectivas, en función das normas contables aplicables. Para eses efectos, as entidades deberán estar en condicións de afrontar diversas situacións de dificultade no que respecta ao risco de apancamento excesivo.

Artigo 55. *Réxime de solvencia aplicable ás sucursais de entidades de crédito de Estados non membros da Unión Europea.*

O Banco de España, de conformidade co artigo 60.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, determinará o réxime de solvencia aplicable ás sucursais de entidades de crédito con sede en Estados non membros da Unión Europea. Este réxime poderá eximir as citadas sucursais, total ou parcialmente, das disposicións da normativa de solvencia en función dos seguintes criterios:

a) Que a entidade estea suxeita no seu país de orixe a requirimentos equivalentes aos establecidos pola normativa de solvencia.

b) Que a sucursal se integre co resto da entidade para efecto do cumprimento da normativa de solvencia.

c) Que a entidade se comprometa a apoiar en todo momento, e sempre que se llo solicite o Banco de España, as obrigacións da súa sucursal, proporcionándolle os medios necesarios para atender esas obrigacións en España.

d) Que en caso de concurso, liquidación, resolución ou figuras equivalentes da entidade de crédito exista igualdade de tratamento dos depositantes da sucursal co do resto dos da entidade, en particular cos do seu país de orixe, salvo cando os depósitos sexan escasamente significativos a xuízo do Banco de España,.

e) Que a entidade conte con plans de reestruturación e resolución equiparables aos exixidos na normativa de resolución de entidades de crédito.

f) Que exista reciprocidade nos requirimentos de solvencia exixidos no país de orixe ás sucursais de entidades de crédito españolas.

Non obstante o anterior, as obrigacións exixidas ás sucursais de entidades de crédito con sede en Estados non membros da Unión Europea non poderán ser menos estritas que as exixidas ás sucursais de Estados membros da Unión Europea.

Artigo 56. *Exposicións fronte ao sector público.*

1. En virtude do disposto no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 575/2013, do 26 de xuño de 2013, as exposicións fronte ás comunidades autónomas e entidades locais españolas recibirán o mesmo tratamento que as exposicións fronte á Administración xeral do Estado.

2. De conformidade co disposto no artigo 116.4 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, cando, en circunstancias excepcionais e a xuízo do Banco de España, non haxa diferenza de riscos debido á existencia de garantías adecuadas, as seguintes exposicións poderán recibir a mesma ponderación que as exposicións fronte á Administración da cal dependan:

a) Exposicións fronte a organismos autónomos e entidades públicas empresariais reguladas no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

b) Exposicións fronte ás demais axencias ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado.

c) Exposicións fronte a entidades xestoras, servizos comúns e mutuas da Seguridade Social.

d) Exposicións fronte ao Instituto de Crédito Oficial.

e) Exposicións fronte a organismos autónomos e entes públicos dependentes das comunidades autónomas, sempre que, conforme as leis aplicables, teñan natureza análoga á prevista para os dependentes da Administración do Estado.

f) Exposicións fronte a organismos ou entes públicos de natureza administrativa dependentes das entidades locais españolas, sempre que carezan de fins lucrativos e desenvolvan actividades administrativas propias das ditas entidades.

g) Exposicións fronte a consorcios integrados por comunidades autónomas ou entidades locais españolas, ou por estas e outras administracións públicas, na medida en que, pola súa composición, aquelas administracións públicas soporten a maioría das responsabilidades económicas do consorcio.

Artigo 57. *Adopción de medidas para retornar ao cumprimento das normas de solvencia.*

1. Cando unha entidade de crédito ou un grupo, ou subgrupo, consolidable de entidades de crédito presente un déficit de recursos propios computables respecto dos exixidos pola normativa de solvencia, a entidade ou a entidade obrigada do grupo ou subgrupo consolidable, segundo sexa o caso, informará disto, con carácter inmediato, o Banco de España e presentará no prazo dun mes un programa en que se concreten os plans para retornar ao cumprimento, salvo se a situación se corrixe nese período. O

programa deberá conter, ao menos, os aspectos referidos á identificación das causas determinantes do déficit de recursos propios, o plan para retornar ao cumprimento que poderá incluír a limitación ao desenvolvemento de actividades que supoñan riscos elevados, o desinvestimento en activos concretos, ou medidas para o aumento do nivel de recursos propios e os prazos previsibles para retornar ao cumprimento.

No caso de que a entidade incumpridora pertenza a un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito, o programa deberá estar referendado pola entidade obrigada daquel.

Este programa deberá ser aprobado polo Banco de España, que poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias para garantir o retorno aos niveis mínimos de recursos propios exixibles. O programa presentado entenderase aprobado se aos tres meses da súa presentación ao Banco de España non se produciu resolución expresa.

O disposto neste punto non será de aplicación se o déficit de recursos propios é inferior ao requisito combinado de colchóns de capital, caso en que se aplicará o establecido no artigo 75.

2. Idéntica actuación á prevista no punto anterior se seguirá cando se superen os límites aos grandes riscos establecidos na parte cuarta do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, mesmo cando sexa por causa dunha redución sobrevida dos recursos propios computables.

3. Cando o Banco de España, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, obrigue unha entidade de crédito ou un grupo ou subgrupo a manter recursos propios adicionais aos exixidos con carácter de mínimo, e desa exixencia resulte que os recursos propios da entidade son insuficientes, a entidade ou a entidade obrigada do grupo ou subgrupo, segundo o caso, presentará no prazo dun mes un programa en que se concreten os plans para cumprir co requirimento adicional, salvo se a situación se corríxese nese período. No caso de que a entidade incumpridora pertenza a un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito, o programa deberá estar referendado pola entidade obrigada daquel.

Este programa deberá ser aprobado polo Banco de España, que poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias. O programa incluírá a data prevista de cumprimento da exixencia adicional, que será a referencia para o inicio do cómputo do prazo establecido no artigo 92.d) da Lei 10/2014, do 26 de xuño. O programa presentado entenderase aprobado se aos tres meses da súa presentación ao Banco de España non se produciu resolución expresa.

4. Cando o Banco de España, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, requira unha entidade de crédito ou un grupo ou subgrupo para que reforce os procedementos, mecanismos e estratexias adoptados, poderá exixir a presentación dun programa en que se concreten as medidas necesarias para emendar as deficiencias advertidas e os prazos previsibles para a súa implantación. Este programa deberá ser aprobado polo Banco de España, que poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias.

5. Cando se dean asemade varios dos supostos de feito dos puntos anteriores, o programa presentado poderá ter carácter conxunto.

CAPÍTULO II

Colchóns de capital

Artigo 58. *Requisito combinado de colchóns de capital.*

1. As entidades de crédito, de conformidade co artigo 43 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, deberán cumprir en todo momento o requisito combinado de colchóns de capital, entendido como o total do capital de nivel 1 ordinario necesario para cumprir coa obrigación de dispor dun colchón de conservación de capital e, se procede:

- a) Un colchón de capital anticíclico específico de cada entidade.
- b) Un colchón para as entidades de importancia sistémica mundial.
- c) Un colchón para outras entidades de importancia sistémica.
- d) Un colchón contra riscos sistémicos.

O capital ordinario de nivel 1 requirido para satisfacer cada un dos colchóns será adicional ao requirido para satisfacer os restantes colchóns, os requisitos de recursos propios establecidos no artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, e aqueles outros que, de ser o caso, poida exixir o Banco de España, en virtude do establecido no artigo 68.2.a) da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

As entidades de crédito, de conformidade co artigo 43 e coa disposición adicional décimo sexta da Lei 10/2014, do 26 de xuño, deberán cumprir, así mesmo, cos colchóns de capital establecidos polo Banco Central Europeo.

2. Os colchóns de capital determinaranse como unha porcentaxe do importe das exposicións ao risco da entidade que correspondan para cada colchón, calculada de conformidade co artigo 92.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, coas precisións que, de ser o caso, poida establecer o Banco de España. Non obstante o anterior, no cálculo do requisito combinado de colchón de capital poderán axustarse as ditas exposicións para que os requisitos de recursos propios xunto cos requisitos combinados de colchón de capital que correspondan a cada exposición de risco non dean como resultado un valor que exceda o da respectiva exposición. O axuste total das exposicións ponderadas por risco virá dado pola suma dos excesos calculados para cada exposición suxeita a ponderación coas restricións que, de ser o caso, determine o Banco de España.

3. Conforme o establecido no artigo 5.1 do Regulamento (UE) n.º 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013, o Banco de España, cando pretenda establecer un colchón de capital en virtude do disposto neste capítulo, deberá notificalo dez días antes de adoptar tal decisión ao Banco Central Europeo. En caso de que o Banco Central Europeo se opoña, o Banco de España deberá considerar debidamente as razóns esgrimidas antes de proceder á adopción do colchón.

Artigo 59. Nivel de aplicación do colchón de conservación de capital.

O cumprimento co colchón de conservación de capital do 2,5 por cento a que se refire o artigo 44 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, deberá realizarse de maneira individual e consolidada, consonte a parte primeira, título II, do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

Artigo 60. Cálculo das porcentaxes de colchón de capital anticíclico específico de cada entidade.

1. Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, as entidades de crédito deberán manter un colchón de capital anticíclico calculado especificamente para cada entidade ou grupo. Este colchón será equivalente ao importe total de exposición ao risco calculado de conformidade co artigo 92.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, coas precisións que, de ser o caso, poida establecer o Banco de España, multiplicado por unha porcentaxe de colchón de capital específico.

2. O cumprimento co colchón de capital anticíclico deberase realizar de maneira individual e consolidada, consonte a parte primeira, título II, do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

3. A porcentaxe de colchón de capital anticíclico específico en función da entidade consistirá na media ponderada das porcentaxes de colchóns anticíclicos que sexan de aplicación nos territorios en que estean situadas as exposicións crediticias pertinentes da entidade.

As entidades de crédito, con obxecto de calcular a media ponderada a que se refire o parágrafo anterior, deberán aplicar a cada porcentaxe de colchón anticíclico aplicable o

importe total dos seus requisitos de recursos propios por risco de crédito, determinado de conformidade coa parte terceira, títulos II e IV, do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e correspondente ás exposicións crediticias pertinentes no territorio en cuestión, dividido polo importe total dos seus requisitos de recursos propios por risco de crédito correspondente á totalidade das súas exposicións crediticias pertinentes.

4. Para determinar a porcentaxe de colchón anticíclico aplicable a exposicións situadas en España, atenderase ao disposto no artigo 61.

5. As porcentaxes de colchón anticíclico aplicables a exposicións situadas en Estados membros da Unión Europea serán:

a) As porcentaxes fixadas polas autoridades designadas que correspondan que non superen o 2,5 por cento;

b) As porcentaxes fixadas polas autoridades designadas que correspondan que superen o 2,5 por cento e que fosen recoñecidas polo Banco de España.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, o Banco de España establecerá criterios de recoñecemento de colchóns de capital anticíclicos superiores ao 2,5 por cento e normas de publicidade do dito recoñecemento.

c) O 2,5 por cento cando as autoridades designadas correspondentes fixasen unha porcentaxe superior e esta non fose recoñecida polo Banco de España.

6. A porcentaxe de colchón anticíclico aplicable a exposicións situadas en Estados non membros da Unión Europea será:

a) A fixada, de ser o caso, polo Banco de España cando as autoridades designadas correspondentes non fixasen ningunha porcentaxe.

b) A fixada polas autoridades designadas correspondentes sempre que non supere o 2,5 por cento e salvo que o Banco de España decida fixar unha porcentaxe superior.

c) A fixada polas autoridades designadas correspondentes sempre que supere o 2,5 por cento e fose recoñecida polo Banco de España.

O Banco de España establecerá criterios para fixar porcentaxes conforme o disposto nas letras a) e b), e para recoñecer as establecidas polas autoridades designadas doutros Estados membros conforme a letra c).

Así mesmo, o Banco de España establecerá normas de publicidade das porcentaxes fixadas conforme o previsto nas letras anteriores.

7. O Banco de España determinará as exposicións crediticias pertinentes para efectos deste artigo e a forma de identificación da súa situación xeográfica.

8. Para efectos do cálculo previsto no punto 3, as decisións de fixar unha determinada porcentaxe de colchón adoptaranse do seguinte modo:

a) A porcentaxe do colchón anticíclico correspondente ás exposicións situadas en España ou noutros Estados membros da Unión Europea aplicaranse a partir da data especificada na información que se publique consonte o artigo 61.4 ou consonte as disposicións nacionais equivalentes dos ditos Estados membros que resulten de aplicación, se a decisión ten por efecto un incremento da porcentaxe do colchón.

b) Sen prexuízo do previsto na letra c), a porcentaxe de colchón anticíclico correspondente a un Estado non membro da Unión Europea aplicarase doce meses despois da data en que a autoridade pertinente do dito Estado anunciase un cambio da dita porcentaxe, con independencia de que esa autoridade exixa ás entidades constituídas no dito Estado que apliquen o cambio nun prazo máis breve, se a decisión ten por efecto un incremento da porcentaxe do colchón.

c) Cando o Banco de España fixe a porcentaxe do colchón anticíclico relativo a un Estado non membro da Unión Europea consonte o punto 6, esa porcentaxe aplicarase a partir da data especificada na información que se publique consonte o dito punto.

d) A porcentaxe do colchón anticíclico aplicarase de maneira inmediata se a decisión ten por efecto unha redución desta.

Para efectos do previsto na letra b), considerarase que toda modificación da porcentaxe do colchón anticíclico relativo a un Estado non membro foi anunciada na data en que a autoridade pertinente do terceiro país a publique de conformidade coas normas nacionais aplicables para o efecto.

Artigo 61. Fixación das porcentaxes dos colchóns anticíclicos.

1. O Banco de España calculará cada trimestre unha pauta de colchón que tomará como referencia para fixar a porcentaxe do colchón anticíclico relativo ás exposicións situadas en España.

Esta pauta de colchón será un parámetro de referencia consistente nunha porcentaxe de colchón anticíclico e calcularase e publicarase conforme os criterios e o procedemento que determine o Banco de España. En todo caso, deberá reflectir de maneira transparente o ciclo crediticio e os riscos derivados de todo crecemento excesivo do crédito en España, e ter debidamente en conta as particularidades da economía española. Así mesmo, deberase basear na desviación da ratio de crédito respecto do produto interior bruto da súa tendencia de longo prazo.

2. O Banco de España avaliará e fixará a porcentaxe adecuada do colchón anticíclico para as exposicións crediticias en España con carácter trimestral e, ao facelo, terá en conta o seguinte:

- a) A pauta de colchón calculada de conformidade co punto 1.
- b) As recomendacións e orientacións vixentes emitidas, de ser o caso, pola Xunta Europea de Risco Sistémico sobre a fixación das porcentaxes dos colchóns anticíclicos.
- c) Calquera outra variable que o Banco de España considere pertinente.

3. A porcentaxe do colchón anticíclico, expresada como tanto por cento do importe total de exposición ao risco calculado de conformidade co artigo 92.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, coas precisións que, de ser o caso, poida establecer o Banco de España, e aplicable ás entidades con exposición crediticia en España en virtude do disposto no artigo 60.3, situarase entre o 0 por cento e o 2,5 por cento, calibrado en múltiplos de 0,25 puntos porcentuais. Cando a avaliación a que se refire o punto 2 o xustifique, poderá fixarse unha porcentaxe de colchón anticíclico superior ao 2,5 por cento.

4. O Banco de España anunciará a fixación trimestral da porcentaxe do colchón anticíclico mediante a súa publicación na súa páxina web, acompañada da información mínima que este determine.

Artigo 62. Identificación de entidades de importancia sistémica mundial.

1. O Banco de España identificará, conforme o artigo 46 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, aquelas entidades que, en base consolidada, sexan entidades de importancia sistémica mundial (en diante, EISM) para efectos do cálculo do colchón para EISM.

Poderán ser identificadas como EISM as entidades de crédito, as sociedades financeiras de carteira e as sociedades financeiras mixtas de carteira que sexan matriz dun grupo de entidades financeiras que inclúa ao menos unha entidade de crédito.

Non obstante o anterior, non poderán ser EISM aquelas entidades de crédito que sexan filiais con matriz nun Estado membro da Unión Europea de entidades de crédito ou de empresas de servizos de investimento, de sociedades financeiras de carteira ou de sociedades financeiras mixtas de carteira.

2. O Banco de España determinará o método de identificación das EISM baseándose nas distintas circunstancias en que se encontre a entidade conforme o disposto artigo 46.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño. Estas circunstancias recibirán idéntica ponderación e mediranse mediante indicadores cuantificables.

O método elaborado polo Banco de España permitirá a designación ou non como EISM da entidade avaliada e a súa clasificación nunha subcategoría, tal como se describe no artigo 46.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

3. Sen prexuízo do disposto no punto 1, o Banco de España poderá, no exercicio dunha supervisión prudente:

- a) Reclasificar unha EISM dunha subcategoría inferior nunha subcategoría superior.
- b) Clasificar unha entidade no sentido do punto 1, cuxa puntuación xeral sexa inferior ao límite establecido para a subcategoría inferior na dita subcategoría ou noutra superior, e así designala como EISM.

Artigo 63. *Identificación doutras entidades de importancia sistémica.*

1. O Banco de España identificará, conforme o artigo 46 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, aquelas entidades que, en base individual, subconsolidada ou consolidada, sexan outras entidades de importancia sistémica (en diante, OEIS) para efectos do cálculo do colchón para OEIS.

As OEIS poderán ser ben unha entidade de crédito, ben unha sociedade financeira de carteira, ou unha sociedade financeira mixta de carteira que sexa matriz dun grupo de entidades financeiras que inclúa ao menos unha entidade de crédito.

2. O Banco de España determinará o método de identificación das OEIS tendo en conta ao menos algún dos criterios establecidos no artigo 46.3 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

Artigo 64. *Fixación do colchón para outras entidades de importancia sistémica.*

1. Cando o Banco de España exixa o mantemento dun colchón para OEIS conforme o previsto no artigo 46.5 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, aterase ao seguinte:

- a) O colchón para OEIS non deberá supor prexuízos desproporcionados para o conxunto ou partes do sistema financeiro doutros Estados membros da Unión Europea ou da Unión no seu conxunto, de modo que se forme ou se cree un obstáculo ao funcionamento do mercado interior.
- b) O colchón exixido para OEIS será revisado ao menos unha vez ao ano.

2. Antes de fixar un colchón para OEIS ou de modificalo, o Banco de España notificarállelo á Comisión, á Xunta Europea de Risco Sistémico, á Autoridade Bancaria Europea e ás autoridades competentes e designadas dos Estados membros de que se trate un mes antes da publicación da decisión a que se refire o artigo 46.5 da Lei 10/2014, do 26 de xuño. Na notificación describiranse pormenorizadamente os elementos seguintes:

- a) Os motivos polos cales se considera que o colchón para OEIS pode ser eficaz e proporcionado para reducir o risco.
- b) Unha avaliación do probable impacto positivo ou negativo do colchón para OEIS no mercado único sobre a base da información de que se dispoña.
- c) A porcentaxe de colchón para OEIS que se desexa exixir.

3. Sen prexuízo do disposto nos artigos 46.5 e 47 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, cando unha OEIS sexa unha filial ben dunha EISM ou dunha OEIS que sexa unha entidade matriz da Unión Europea e estea obrigada a manter un colchón para OEIS en base consolidada, o colchón aplicable en base individual ou subconsolidada para a OEIS non superará a máis elevada das porcentaxes seguintes:

- a) 1 por cento do importe total de exposición ao risco, calculado de acordo co artigo 92.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.
- b) A porcentaxe do colchón das EISM ou OEIS aplicable ao grupo en base consolidada.

Artigo 65. Aplicación conxunta dos colchóns para EISM, OEIS e colchón contra riscos sistémicos.

O Banco de España determinará regras de aplicación conxunta dos colchóns para EISM, OEIS e contra riscos sistémicos.

Artigo 66. Obrigacións de notificación do Banco de España en relación coas EISM e coas OEIS.

1. O Banco de España notificará á Comisión Europea, á Xunta Europea de Risco Sistémico e á Autoridade Bancaria Europea os nomes das EISM e OEIS e as correspondentes subcategorías en que se clasificaron as primeiras, e fará público os seus nomes. O Banco de España fará pública a subcategoría en que se clasificou cada EISM.

Cada ano, o Banco de España revisará a identificación das EISM e OEIS e a clasificación por subcategorías das primeiras, e informará dos seus resultados a entidade de importancia sistémica afectada, así como a Comisión Europea, a Xunta Europea de Risco Sistémico e a Autoridade Bancaria Europea. Así mesmo, fará públicos tanto a lista actualizada de entidades de importancia sistémica identificadas como a subcategoría en que se clasificou cada unha das EISM identificadas.

2. En caso de que o Banco de España adopte unha decisión consonte o disposto no artigo 62.3.b), porao en coñecemento da Autoridade Bancaria Europea, incluíndo os seus motivos.

Artigo 67. Fixación do colchón contra riscos sistémicos.

1. Conforme o disposto no artigo 47.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, o Banco de España poderá exixir a todas as entidades ou a un ou máis subsectores delas que manteñan, ademais do capital de nivel 1 ordinario para cumprir o requisito de recursos propios imposto polo artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, un colchón contra riscos sistémicos de ao menos un 1 por cento de capital de nivel 1 ordinario, baseado nas exposicións ás cales se aplica este colchón, de acordo co punto 3, sobre unha base individual, consolidada ou subconsolidada consonte a parte primeira, título II, do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013. O Banco de España poderá exixir que as entidades manteñan o colchón contra riscos sistémicos tanto en base individual como consolidada.

2. O colchón fixarase por chanzos de axuste gradual ou acelerado de 0,5 puntos porcentuais. Poderanse establecer requisitos distintos para diferentes subsectores do sector, conforme o que determine o Banco de España.

3. O colchón contra riscos sistémicos poderase aplicar ás exposicións situadas en España e, así mesmo, a exposicións en terceiros países, conforme o que determine o Banco de España. Poderase aplicar tamén ás exposicións situadas noutros Estados membros, sen prexuízo do disposto no artigo 133.15 da Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE, e no artigo 68.2 deste real decreto.

4. Cando se exixa o mantemento dun colchón contra riscos sistémicos, o Banco de España aterase ao seguinte:

a) O colchón contra riscos sistémicos non deberá supor prexuízos desproporcionados para o conxunto ou partes do sistema financeiro doutros Estados membros ou da Unión no seu conxunto, de modo que se forme ou se cree un obstáculo ao funcionamento do mercado interior.

b) O colchón contra riscos sistémicos exixido será revisado ao menos cada dous anos.

5. O Banco de España, cando fixe un colchón contra riscos sistémicos conforme o previsto neste capítulo, poderá solicitar á Xunta Europea de Risco Sistémico que dirixa unha recomendación, consonte o artigo 16 do Regulamento (UE) n.º 1092/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, relativo á supervisión macroprudencial do sistema financeiro na Unión Europea e polo que se crea unha Xunta Europea de Risco Sistémico, a un ou varios dos Estados membros que poidan recoñecer a porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos.

Artigo 68. Procedemento de fixación do colchón contra riscos sistémicos inferiores ao 3 por cento.

1. Antes de fixar unha porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos de ata o 3 por cento ou de modificala neste sentido, o Banco de España notificarálo á Comisión, á Xunta Europea de Risco Sistémico, á Autoridade Bancaria Europea e ás autoridades competentes e designadas dos Estados membros afectados, un mes antes da publicación da decisión a que se refire o artigo 71. Se o colchón é aplicable a exposicións situadas en Estados non membros da Unión Europea, tamén llelo notificará ás autoridades de supervisión deses Estados.

Nesta notificación describiranse pormenorizadamente os elementos seguintes:

- a) O risco sistémico ou macroprudencial existente en España.
- b) Os motivos polos cales a magnitude dos riscos sistémicos ou macroprudenciais supoñen unha ameaza para a estabilidade do sistema financeiro a escala nacional que xustifica a porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos.
- c) Os motivos polos cales se considera que o colchón contra riscos sistémicos é eficaz e proporcionado para reducir o risco.
- d) Unha avaliación da probable repercusión positiva ou negativa do colchón contra riscos sistémicos no mercado interior sobre a base da información de que se dispoña.
- e) A razón pola cal ningunha das medidas dispoñibles ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, excluídos os seus artigos 458 e 459, ou da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e deste real decreto son suficientes, por si soas ou combinadas, para afrontar o risco macroprudencial ou sistémico de que se trata, tendo en conta a eficacia relativa das ditas medidas.
- f) A porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos que se desexa exixir.

2. Unha vez realizada a notificación a que se refire o punto 1, o Banco de España poderá aplicar o colchón a todas as exposicións. Non obstante, se a fixación do colchón se fundamenta nas exposicións a outros Estados membros, deberá fixarse o mesmo nivel para todas as exposicións situadas na Unión Europea.

Artigo 69. Procedemento de fixación do colchón contra riscos sistémicos entre o 3 e o 5 por cento.

1. A fixación de colchóns contra riscos sistémicos entre o 3 e o 5 por cento deberá respectar o procedemento establecido no artigo 68.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, a fixación de colchóns contra riscos sistémicos superiores ao 3 por cento que se apliquen sobre exposicións situadas noutros Estados membros da Unión Europea realizaranse conforme o procedemento establecido no artigo 70.

2. Non obstante o disposto no punto 1, o Banco de España esperará o ditame emitido pola Comisión Europea, de conformidade co artigo 133.14 da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño de 2013, antes de adoptar o colchón contra riscos sistémicos.

Se o ditame da Comisión Europea é negativo, o Banco de España acatará o ditame ou exporá as razóns polas cales non o fai.

3. Non obstante o anterior, se algún subsector do sector financeiro é unha filial cuxa empresa matriz está establecida nun Estado membro da Unión Europea, o Banco de España realizará tamén a notificación a que se refire o artigo 68 ás autoridades

competentes ou designadas polo Estado membro de que se trate para a fixación de colchóns de capital.

Así mesmo, o Banco de España esperará o ditame da Comisión Europea e a recomendación emitida pola Xunta Europea de Risco Sistémico en virtude do artigo 133.14 da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño, antes de adoptar o colchón.

En caso de desacordo entre o Banco de España e as autoridades competentes ou designadas a que se refire o primeiro parágrafo deste punto, ou ben que o ditame da Comisión Europea e a recomendación da Xunta Europea de Risco Sistémico sexan ambos negativos, o Banco de España presentará a cuestión á Autoridade Bancaria Europea e solicitaralle asistencia consonte o artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010. A decisión de fixar o colchón para esas exposicións suspenderase ata que a Autoridade Bancaria Europea se pronuncie.

Artigo 70. Procedemento de fixación do colchón contra riscos sistémicos superior ao 5 por cento.

1. Antes de fixar o colchón contra riscos sistémicos nunha porcentaxe superior ao 5 por cento ou de modificala nese sentido, o Banco de España notificará a Comisión, á Xunta Europea de Risco Sistémico, á Autoridade Bancaria Europea e ás autoridades competentes e designadas dos Estados membros afectados. Se o colchón é aplicable a exposicións situadas en Estados non membros da Unión Europea, tamén llelo notificará ás autoridades de supervisión deses Estados. Na notificación describiranse pormenorizadamente os elementos seguintes:

- a) O risco sistémico ou macroprudencial existente no Estado membro.
- b) Os motivos polos cales a magnitude dos riscos sistémicos ou macroprudenciais supoñen unha ameaza para a estabilidade do sistema financeiro a escala nacional que xustifica a porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos.
- c) Os motivos polos cales se considera que o colchón contra riscos sistémicos é eficaz e proporcionado para mitigar o risco.
- d) Unha avaliación da probable repercusión positiva ou negativa do colchón contra riscos sistémicos no mercado interno sobre a base da información de que dispoña o Estado membro.
- e) A razón pola cal ningunha das medidas dispoñibles ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, excluídos os seus artigos 458 e 459, ou da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e deste real decreto son suficientes, por si soas ou combinadas, para afrontar o risco macroprudencial ou sistémico de que se trata, tendo en conta a eficacia relativa de tales medidas.
- f) A porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos que se desexa exixir.

2. O Banco de España só adoptará o colchón contra riscos sistémicos a que se refire o punto 1 ou a súa modificación se dispón da autorización pertinente da Comisión Europea conforme o disposto no artigo 113.15 da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño.

Artigo 71. Publicidade dos colchóns contra riscos sistémicos.

O Banco de España anunciará a fixación do colchón contra riscos sistémicos mediante publicación nunha páxina web adecuada. O anuncio incluirá, ao menos, a seguinte información:

- a) A porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos.
- b) As entidades ás cales se aplica o colchón contra riscos sistémicos.
- c) Os motivos que xustifican o colchón contra riscos sistémicos.
- d) A data a partir da cal as entidades deben aplicar o colchón contra riscos sistémicos que se fíxese ou modificase.
- e) Os nomes dos países onde estean situadas exposicións ás cales se aplica o colchón contra riscos sistémicos.

A información indicada na letra b) non se incluíra no anuncio se a súa publicación pode facer perigar a estabilidade do sistema financeiro.

Artigo 72. Recoñecemento da porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos.

1. O Banco de España poderá recoñecer a porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos fixada por unha autoridade competente ou designada doutro Estado membro e aplicar esa porcentaxe de colchón ás entidades españolas para as exposicións situadas no Estado membro que fixe tal porcentaxe de colchón.

2. Cando o Banco de España recoñeza a porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos fixada pola autoridade competente ou designada doutro Estado membro no que respecta ás entidades autorizadas no ámbito nacional notificarállelo á Comisión Europea, á Xunta Europea de Risco Sistémico, á Autoridade Bancaria Europea e ao Estado membro que fixase o dito colchón.

3. Á hora de decidir se recoñece ou non unha porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos, o Banco de España terá en conta a información presentada polo Estado membro que fixe a porcentaxe de colchón contra riscos sistémicos de conformidade coa súa lexislación nacional que traspoña o artigo 133 da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño de 2013, puntos 11, 12 ou 13, segundo corresponda.

Artigo 73. Cálculo do importe máximo distribuíble.

1. Conforme o disposto no artigo 48.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, as entidades de crédito que non cumpran o requisito combinado de colchóns de capital ou para as que a realización dunha distribución de capital de nivel 1 ordinario implique a súa diminución ata un nivel en que xa non se respecte o requisito combinado, deberán calcular o importe máximo distribuíble (en diante IMD) conforme o que se establece no punto 2.

2. As entidades calcularán o IMD conforme o que especifique o Banco de España e, en todo caso, a partir dos seguintes elementos:

- a) Beneficios provisionais do exercicio.
- b) Beneficios no momento do peche do exercicio.
- c) Importes que se deberían pagar en concepto de impostos de se conservaren os elementos especificados nas letras a) e b).
- d) Un factor multiplicador en función do capital de nivel 1 ordinario, mantido pola entidade, que non se utilice para cumprir o requisito de recursos propios previsto no artigo 92.1.c) do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, conforme os seguintes criterios:

1.º Cando o capital de nivel 1 ordinario se sitúe no primeiro cuartil (é dicir, o máis baixo) do requisito combinado de colchóns de capital o factor será 0;

2.º cando o capital de nivel 1 ordinario se sitúe no segundo cuartil do requisito combinado de colchóns de capital, o factor será 0,2;

3.º cando o capital de nivel 1 ordinario se sitúe no terceiro cuartil do requisito combinado de colchóns de capital, o factor será 0,4;

4.º cando o capital de nivel 1 ordinario se sitúe no cuarto cuartil (é dicir, o máis alto) do requisito combinado de colchóns de capital, o factor será 0,6.

Os límites inferior e superior de cada cuartil do requisito combinado de colchón calcularanse do seguinte modo:

Límite inferior do cuartil = requisito combinado de colchóns de capital / 4 × (Qn - 1)

Límite superior do cuartil = requisito combinado de colchóns de capital / 4 × Qn

Qn indica o número ordinal do cuartil correspondente.

3. As entidades disporán de mecanismos para garantir que o importe de beneficios distribuibles e o IMD se calculen con exactitude e deberán poder demostrar esa exactitude ao Banco de España cando así se lles solicite.

Artigo 74. Obrigacións en caso de incumprimento cos requisitos combinados de colchón.

Cando unha entidade non cumpra os requisitos combinados de colchón e se propoña distribuír a totalidade ou parte dos seus beneficios distribuibles ou emprender algunha das actuacións previstas no artigo 48.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, notificarallo á autoridade competente e proporcionará a seguinte información:

- a) O importe de capital mantido pola entidade, subdividido como segue:
 - 1.º Capital de nivel 1 ordinario.
 - 2.º Capital de nivel 1 adicional.
 - 3.º Capital de nivel 2.
- b) O importe dos seus beneficios intermedios e no momento do peche do exercicio.
- c) O IMD calculado segundo o previsto no artigo 73.
- d) O importe de beneficios distribuibles que se propón asignar ao seguinte:
 - 1.º Pagamentos de dividendos.
 - 2.º Compra de accións propias.
 - 3.º Pagamentos vinculados a instrumentos de capital de nivel 1 adicional.
 - 4.º Pagamento dunha remuneración variable ou beneficios discrecionais de pensión, xa sexa como resultado da asunción dunha nova obrigación de pagamento ou dunha obrigación de pagamento asumida nun momento en que a entidade non se atíña aos requisitos combinados de colchón.

Artigo 75. Contido do plan de conservación do capital.

Conforme o disposto no artigo 49 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, cando unha entidade de crédito non cumpra o requisito combinado de colchón, elaborará un plan de conservación do capital e presentarao ao Banco de España no prazo máximo de cinco días hábiles a partir da data en que comprobe o incumprimento dos ditos requisitos, a non ser que o Banco de España autorice un prazo maior de ata dez días. Este plan deberá ter o contido seguinte:

- a) Estimacións de ingresos e gastos e unha previsión de balance.
- b) Medidas encamiñadas a incrementar as ratios de capital da entidade.
- c) Un plan e un calendario de aumento dos recursos propios co obxectivo de cumprir plenamente os requisitos combinados de colchón.
- d) Calquera outro dato que o Banco de España xulgue necesario para levar a cabo a avaliación prevista polo artigo 49.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

TÍTULO III

Supervisión

CAPÍTULO I

Ámbito obxectivo da función supervisora

Artigo 76. Contido da revisión e avaliación supervisoras.

1. De acordo cos artigos 51 e 52 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e tendo en conta os criterios técnicos recollidos no artigo 77, o Banco de España someterá a revisión os

sistemas, as estratexias, os procedementos e os mecanismos aplicados polas entidades co fin de dar cumprimento ao disposto na normativa de solvencia, e avaliará:

- a) Os riscos aos cales as entidades e os seus grupos consolidables están ou poderían estar expostos.
- b) Os riscos que unha entidade supón para o sistema financeiro, tendo en conta a determinación e medición do risco sistémico consonte o artigo 23 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, ou as recomendacións da Xunta Europea de Risco Sistémico.
- c) Os riscos que se puxesen de manifesto nas probas de resistencia.

A partir desta revisión e avaliación, o Banco de España determinará se os sistemas, estratexias, procedementos e mecanismos empregados polas entidades e os fondos propios e a liquidez mantidos por elas garanten unha xestión e cobertura sólida dos seus riscos.

2. O Banco de España establecerá a frecuencia e intensidade da revisión e avaliación recollidos no punto 1, tendo en conta a magnitude, importancia sistémica, natureza, dimensión e complexidade das actividades da entidade de que se trate, así como o principio de proporcionalidade. A revisión e avaliación actualizaranse, polo menos, con periodicidade anual.

3. Ás entidades que, a xuízo do Banco de España, teñan perfís de risco similares, entre outros motivos, pola afinidade dos seus modelos empresariais, a localización xeográfica das súas exposicións ou a natureza e a magnitude dos riscos a que se encontran expostas ou que poderían presentar para o sistema financeiro, o Banco de España poderá decidir aplicarlles un proceso de revisión supervisora e avaliación de maneira similar ou idéntica.

A decisión adoptada en virtude do parágrafo anterior será notificada polo Banco de España á Autoridade Bancaria Europea.

4. O Banco de España informará a Autoridade Bancaria Europea do funcionamento do seu proceso de revisión e avaliación supervisora, así como da metodoloxía empregada para facer uso das facultades supervisoras previstas no título III da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e no capítulo IV deste título, sempre que o proceso de revisión mostre que unha entidade de crédito podería presentar un risco sistémico de conformidade co artigo 23 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010.

Artigo 77. Criterios aplicables á revisión e avaliación supervisoras.

1. Ademais do risco de crédito, do risco de mercado e do risco operacional, a revisión e avaliación efectuadas polo Banco de España de conformidade co artigo anterior incluírá, como mínimo, todos os aspectos seguintes:

- a) Os resultados das probas de resistencia levadas a cabo de conformidade co artigo 177 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, polas entidades que utilicen o método baseado en cualificacións internas.
- b) A exposición ao risco de concentración e a súa xestión polas entidades, incluído o cumprimento por estas dos requisitos establecidos na parte cuarta do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e no artigo 48 deste real decreto.
- c) A solidez, adecuación e forma de aplicación das políticas e dos procedementos establecidos polas entidades para a xestión do risco residual asociado ao uso de técnicas recoñecidas de redución do risco de crédito.
- d) A adecuación dos recursos propios que posúa unha entidade con respecto a activos que titulízanse.
- e) A exposición ao risco de liquidez e a súa medición e xestión polas entidades.
- f) A incidencia dos efectos de diversificación e o modo en que eses efectos se teñen en conta no sistema de avaliación do risco.

g) Os resultados das probas de resistencia levadas a cabo por entidades que utilicen métodos internos para calcular os requisitos de recursos propios por risco de mercado, de conformidade coa parte terceira, título IV, capítulo 5, do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

h) A situación xeográfica das exposicións das entidades.

i) O modelo empresarial da entidade.

j) A avaliación do risco sistémico.

k) A exposición das entidades ao risco de tipo de xuro derivado de actividades alleas á carteira de negociación.

l) A exposición das entidades ao risco de aparcamento excesivo. Ao determinar a adecuación da ratio de aparcamento das entidades e dos sistemas, estratexias, procedementos e mecanismos empregados polas entidades para xestionar o risco de aparcamento excesivo, o Banco de España terá en conta o modelo empresarial de tales entidades.

m) Os sistemas de goberno corporativo das entidades, a súa cultura e os seus valores corporativos e a capacidade dos membros do consello de administración para desempeñar as súas funcións. Ao levar a cabo esta revisión e avaliación, o Banco de España terá acceso, como mínimo, ás ordes do día e á documentación de apoio das reunións do consello de administración e dos seus comités, así como aos resultados da avaliación interna ou externa da actuación do consello de administración.

2. Para efectos do disposto no punto 1.e), o Banco de España efectuará periodicamente unha avaliación exhaustiva da xestión global do risco de liquidez polas entidades e promoverá o desenvolvemento de sólidas metodoloxías internas.

Ao realizar estes exames, o Banco de España tomará en consideración o papel desempeñado polas entidades nos mercados financeiros e a posible incidencia das súas decisións na estabilidade do sistema financeiro dos demais Estados membros da Unión Europea afectados.

3. O Banco de España controlará se unha entidade proporcionou apoio implícito a unha titulización. En caso de que unha entidade proporcionase apoio implícito en máis dunha ocasión a unha titulización, impedindo con iso que se logre unha transferencia significativa do risco, o Banco de España adoptará medidas apropiadas atendendo ás maiores expectativas de que proporcione apoio á titulización no futuro.

Artigo 78. *Métodos internos para o cálculo de requirimentos de recursos propios.*

1. O Banco de España controlará, tendo en consideración a natureza, escala e complexidade das actividades da entidade, que esta non dependa exclusiva ou mecanicamente das cualificacións crediticias externas á hora de avaliar a solvencia dun ente ou dun instrumento financeiro.

2. Sen prexuízo do cumprimento dos criterios establecidos para a carteira de negociación na parte terceira, título I, capítulo 3, do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, o Banco de España promoverá que as entidades que sexan importantes polo seu tamaño, pola súa organización interna e pola natureza, dimensión e complexidade das súas actividades, desenvolvan a súa capacidade de avaliación interna do risco de crédito e utilicen en maior medida o método baseado en cualificacións internas para calcular os seus requirimentos de recursos propios por risco de crédito cando as súas exposicións sexan significativas en termos absolutos e cando teñan simultaneamente un gran número de contrapartes significativas.

3. Sen prexuízo do cumprimento dos criterios de utilización de métodos internos para o cálculo dos requirimentos de recursos propios establecidos na parte terceira, título IV, capítulo 5 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, o Banco de España promoverá que as entidades, tendo en conta o seu tamaño, a súa organización interna e a natureza, dimensión e complexidade das súas actividades, desenvolvan capacidades de avaliación interna do risco específico e utilicen en maior medida métodos internos para o cálculo dos seus requirimentos de recursos propios por risco específico

dos instrumentos de débeda da carteira de negociación, así como métodos internos para o cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de falta de pagamento e de migración, cando as súas exposicións ao risco específico sexan significativas en termos absolutos e cando teñan un gran número de posicións significativas en instrumentos de débeda de diferentes emisores.

4. Para promover a utilización de métodos internos, o Banco de España poderá, entre outras medidas, publicar guías técnicas sobre a elaboración e aplicación destes métodos para o cálculo dos requirimentos de recursos propios.

Artigo 79. Establecemento de referencias de supervisión dos métodos internos para o cálculo dos requirimentos de recursos propios.

1. As entidades ás cales se lles permite utilizar métodos internos para o cálculo das exposicións ponderadas por risco ou dos requirimentos de recursos propios, exceptuado o risco operacional, comunicarán ao Banco de España os resultados da aplicación dos seus métodos internos ás súas exposicións ou posicións incluídas nas carteiras de referencia elaboradas pola Autoridade Bancaria Europea, de conformidade co artigo 78.8.b) da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño de 2013.

2. As entidades a que se refire o punto anterior presentarán os resultados dos seus cálculos ao Banco de España e á Autoridade Bancaria Europea, acompañados dunha explicación dos métodos empregados para producir tales resultados, ao menos unha vez ao ano.

Na presentación destes resultados, as entidades utilizarán o modelo elaborado pola Autoridade Bancaria Europea para estas comunicacións.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, o Banco de España poderá, logo de consulta coa Autoridade Bancaria Europea, elaborar carteiras específicas para avaliar os métodos internos utilizados polas entidades. En tales casos, as entidades comunicarán estes resultados separados dos resultados dos cálculos correspondentes ás carteiras da Autoridade Bancaria Europea.

4. O Banco de España, baseándose na información presentada polas entidades de conformidade cos puntos 2 e 3, vixiará a variedade de resultados nas exposicións ponderadas por risco ou os requirimentos de recursos propios, segundo proceda, exceptuado o risco operacional, correspondente ás exposicións ou transaccións das carteiras de referencia resultantes da aplicación dos métodos internos desas entidades. Ao menos unha vez ao ano, o Banco de España efectuará unha avaliación da calidade dos citados modelos prestando atención especial aos métodos que:

- a) Amosen diferenzas significativas nos requirimentos de recursos propios para a mesma exposición.
- b) Reflictan unha diversidade particularmente elevada ou reducida.
- c) Subestimen de forma significativa e sistemática os requirimentos de recursos propios.

5. Cando algunha entidade diverxa significativamente da maioría das entidades semellantes ou cando, pola súa escasa homoxeneidade, os métodos dean lugar a resultados moi diverxentes, o Banco de España investigará as razóns.

Se se pode establecer con claridade que o modelo dunha entidade conduce á subestimación dos requirimentos de recursos propios que non sexa atribuíble a diferenzas nos riscos subxacentes das exposicións ou posicións, o Banco de España tomará medidas correctoras.

6. As medidas correctoras adoptadas conforme o punto anterior non deberán:

- a) Conducir á normalización ou a metodoloxías preferidas.
- b) Crear incentivos inadecuados.
- c) Dar lugar a comportamento gregario.

Artigo 80. *Revisión permanente da autorización de utilizar métodos internos.*

1. O Banco de España someterá a revisión regularmente, e ao menos cada tres anos, a observancia polas entidades dos requisitos exixibles aos modelos cuxa utilización para o cálculo dos requirimentos de recursos propios require a autorización previa de conformidade coa parte terceira do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

En caso de apreciarse deficiencias significativas na capacidade do modelo interno dunha entidade para reflectir os riscos, o Banco de España poderá exixir que se emenden as deficiencias ou tomar medidas para mitigar as súas consecuencias, tales como a imposición de coeficientes de multiplicación máis elevados, incrementos nos requirimentos de recursos propios ou outras medidas que se consideren apropiadas e efectivas.

2. Se, no caso dun modelo interno referente ao risco de mercado, un número elevado de excesos de perdas con respecto ao valor en risco calculado polo modelo da entidade, consonte o artigo 366 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, indica que o modelo non é ou deixou de ser suficientemente preciso, o Banco de España poderá revogar a autorización para utilizalo ou impor medidas para que se perfeccione sen demora.

3. Se unha entidade foi autorizada para aplicar un método de cálculo dos requirimentos de recursos propios que require a autorización previa do Banco de España de conformidade coa parte terceira do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e deixa de cumprir os requisitos exixidos para aplicalo, a entidade deberá demostrar que as consecuencias do incumprimento son irrelevantes de conformidade co Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, ou ben deberá presentar un plan para volver cumprir oportunamente eses requisitos e fixar un prazo para levalo a cabo.

A entidade perfeccionará o dito plan se é pouco probable que desemboque nun total cumprimento dos requisitos ou se o prazo resulta inadecuado. Se é pouco probable que a entidade poida volver cumprir os requisitos nun prazo adecuado e non demostra satisfactoriamente que as consecuencias do incumprimento sexan irrelevantes, a autorización para utilizar o método revogarase ou limitarase ás áreas en que non exista incumprimento ou a aquelas en que se poida alcanzar unha situación de cumprimento nun prazo adecuado.

4. O Banco de España terá en conta a análise dos métodos internos e os parámetros de referencia elaborados pola Autoridade Bancaria Europea ao revisar as autorizacións que concedan ás entidades para utilizar eses modelos.

CAPÍTULO II

Ámbito subxectivo da función supervisora

Artigo 81. *Supervisión dos grupos consolidables.*

1. De conformidade co artigo 57 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, corresponderá ao Banco de España a supervisión en base consolidada:

a) Dos grupos consolidables de entidades de crédito en que a matriz sexa unha entidade de crédito autorizada en España.

b) Dos grupos consolidables en que a matriz sexa unha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira cuxas filiais sexan entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento autorizadas en España, sempre que as entidades de crédito contén cun balance superior ao das empresas de servizos de investimento.

c) Dos grupos consolidables en que a matriz sexa unha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira española que teñan como filiais entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento autorizadas en España e

noutros Estados membros da Unión Europea. Adicionalmente, o balance das entidades de crédito autorizadas en España deberá ser superior ao das empresas de servizos de investimento autorizadas en España.

d) Dos grupos consolidables que teñan como matriz máis dunha sociedade financeira de carteira ou sociedade financeira mixta de carteira con domicilio social en España e noutro Estado membro da Unión Europea cuxas filiais sexan entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento autorizadas en cada un dos Estados membros da Unión Europea nos cales teñan a súa sede as sociedades financeiras de carteira ou sociedades financeiras mixtas de carteira matrices, sempre que a entidade de crédito autorizada en España teña o balance máis elevado.

e) Dos grupos consolidables integrados por entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea cuxa matriz sexa unha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira con domicilio social nun Estado membro distinto daqueles onde foron autorizadas as entidades de crédito e empresas de servizos de investimento filiais, sempre que a entidade de crédito autorizada en España teña o balance máis elevado.

f) Dos grupos determinados como consolidables en aplicación do artigo 18.6 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, nos termos que estableza o Banco de España.

g) Dos sistemas institucionais de protección previstos na disposición adicional quinta da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

2. Non obstante o disposto no punto 1.b), c), d) e e), o Banco de España, de común acordo coa Comisión Nacional do Mercado de Valores ou coas autoridades doutros Estados membros da Unión Europea responsables da supervisión en base individual das entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento dun grupo, poderá renunciar á aplicación dos criterios recollidos nesas letras se a importancia relativa das actividades do grupo nalgún do resto de Estados membros en que opere aconsella que a supervisión base consolidada sexa exercida por unha autoridade competente distinta do Banco de España.

Nos casos previstos no parágrafo anterior, o Banco de España ofrecerá, segundo corresponda, á sociedade financeira de carteira, á sociedade financeira mixta de carteira ou á entidade de crédito española co balance máis elevado do grupo, a posibilidade de manifestar o seu punto de vista ao respecto.

O Banco de España notificará á Comisión Europea e á Autoridade Bancaria Europea todo acordo adoptado de conformidade con este punto.

Artigo 82. *Inclusión de sociedades de carteira na supervisión consolidada.*

1. As sociedades financeiras de carteira e as sociedades financeiras mixtas de carteira incluíranse na supervisión consolidada.

2. Cando as entidades de crédito filiais da sociedade financeira de carteira ou a sociedade financeira mixta de carteira non estean incluídas na supervisión en base consolidada en virtude dalgún dos supostos previstos no artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, o Banco de España pedirá á empresa matriz a información que poida facilitar o exercicio da supervisión da dita filial.

3. O Banco de España, cando sexa o supervisor en base consolidada, poderá pedir a información mencionada no artigo 83 ás filiais dunha entidade, dunha sociedade financeira de carteira ou dunha sociedade financeira mixta de carteira que non estean incluídas no ámbito da supervisión en base consolidada. Neste caso, aplicaranse os procedementos de transmisión e comprobación previstos polo citado artigo.

4. O Banco de España, como supervisor en base consolidada, establecerá unha lista das sociedades financeiras de carteira e das sociedades financeiras mixtas de carteira recollidas no artigo 11 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013. Esta lista deberá ser remitida polo Banco de España ao resto de autoridades

competentes doutros Estados membros, á Autoridade Bancaria Europea e á Comisión Europea.

Artigo 83. *Solicitudes de información e comprobacións da actividade das sociedades mixtas de carteira.*

1. Cando a empresa matriz dunha ou de varias entidades españolas sexa unha sociedade mixta de carteira, o Banco de España exixirá á sociedade mixta de carteira e ás súas filiais, dirixíndose directamente a aquelas ou por mediación das filiais que sexan entidades, a comunicación de toda información pertinente para exercer a supervisión sobre as ditas filiais.

2. O Banco de España poderá realizar ou encomendar a auditores de contas a comprobación *in situ* da información facilitada polas sociedades mixtas de carteira e polas súas filiais. Cando a sociedade mixta de carteira ou unha das súas filiais sexa unha empresa de seguros, poderase recorrer igualmente ao procedemento previsto no artigo 67 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

En caso de que a comprobación sexa levada a cabo por auditores de contas, deberase observar o disposto respecto ao réxime de independencia a que se encontran suxeitos de conformidade co capítulo III do texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo.

Cando a sociedade mixta de carteira ou unha das súas filiais estea situada noutro Estado membro da Unión Europea, a comprobación *in situ* da información levarase a cabo segundo o procedemento previsto no artigo 87.

CAPÍTULO III

Colaboración entre autoridades de supervisión

Artigo 84. *Colaboración do Banco de España con outras autoridades competentes.*

1. Conforme o disposto nos artigos 61 e 62.1.e) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, no exercicio da colaboración con autoridades supervisoras doutros países o Banco de España facilitará toda aquela información pertinente que lle sexa solicitada polas ditas autoridades e, en todo caso, de oficio, aquela información que poida influír de forma significativa na avaliación da solidez financeira dunha entidade de crédito ou dunha entidade financeira doutro Estado.

En particular, a información a que se refire o primeiro parágrafo incluirá:

a) A estrutura xurídica e a estrutura de goberno dun grupo consolidable de entidades de crédito.

b) Procedementos para a recollida de información dos entes dun grupo e a súa comprobación.

c) Evolucións adversas en entidades ou noutras empresas dun grupo que poidan afectar gravemente as entidades de crédito.

d) Sancións por infraccións graves ou moi graves e medidas excepcionais adoptadas polo Banco de España, incluída a imposición dun requirimento específico de recursos propios consonte o artigo 68.2.a) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e a imposición de calquera limitación ao uso do método de medición avanzada para o cálculo dos requirimentos de recursos propios consonte o artigo 312.2 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

2. A planificación e coordinación, en colaboración coas autoridades competentes implicadas e cos bancos centrais, das actividades de supervisión en situacións de urxencia ou en previsión delas, segundo o disposto no artigo 62.1.c) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, incluirá a preparación de avaliacións conxuntas, a instrumentación de plans de emerxencia e a comunicación ao público.

3. O Banco de España facilitará á Autoridade Bancaria Europea toda a información que esta necesite para levar a cabo as tarefas encomendadas na Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño, o Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e o Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, consonte o artigo 35 deste último Regulamento.

4. O Banco de España poderá informar e solicitar asistencia á Autoridade Bancaria Europea cando as autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea involucradas na supervisión de entidades do grupo consolidable:

- a) Non comuniquen información esencial.
- b) Deneguen unha solicitude de cooperación e, en particular, de intercambio de información pertinente, ou non lle dean curso nun prazo razoable.
- c) Non leven a cabo adecuadamente as tarefas que lles correspondan como supervisores en base consolidada.

Artigo 85. Colaboración do Banco de España con autoridades doutros países no marco da supervisión de sucursais.

1. Con obxecto de supervisar a actividade das entidades españolas que operen a través dunha sucursal noutros países, o Banco de España colaborará estreitamente coas autoridades competentes de tales países.

No marco desta colaboración, o Banco de España comunicará toda a información pertinente relativa á dirección, xestión e propiedade destas entidades que poida facilitar a súa supervisión e o exame das condicións da súa autorización, así como calquera outra información susceptible de facilitar a supervisión desas entidades, en particular en materia de liquidez, solvencia, garantía de depósitos, limitación de grandes riscos, outros factores que poidan influír no risco sistémico presentado pola entidade, organización administrativa e contable e mecanismos de control interno.

A comunicación de información a que se refire o parágrafo anterior estará condicionada, no caso de Estados non membros da Unión Europea, ao sometemento das autoridades supervisoras estranxeiras a obrigacións de segredo profesional equivalentes, ao menos, ás establecidas no artigo 82 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

2. En materia de liquidez, o Banco de España comunicará de inmediato ás autoridades competentes dos países onde operen sucursais de entidades de crédito españolas:

a) Calquera información ou constatación relacionada coa supervisión en materia de liquidez, de conformidade coa parte sexta do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e co título III da Lei 10/2014, do 26 de xuño, das actividades realizadas pola entidade a través das sucursais, na medida en que esa información ou constatacións sexan pertinentes para efectos da protección dos depositantes ou investidores do Estado de acollida.

b) Calquera crise de liquidez que se produza ou caiba razoablemente esperar que se vaia producir. Esta información conterà, ademais, as medidas de supervisión prudencial aplicadas ao respecto e os pormenores do plan de recuperación e de calquera medida de supervisión prudencial adoptada nese contexto.

3. O Banco de España, na súa condición de autoridade competente do Estado de acollida dunha sucursal dunha entidade de crédito doutro Estado, poderá solicitar ás autoridades competentes do Estado de orixe que comuniquen e expliquen a maneira en que se tivo en conta a información e as constatacións transmitidas por este.

Se tras estas explicacións o Banco de España considera que as autoridades do Estado de orixe non adoptaron medidas adecuadas, poderá adoptar medidas para protexer os intereses de depositantes e investidores e a estabilidade do sistema financeiro, despois de informar as autoridades competentes do Estado de orixe e, se se trata de autoridades dun Estado membro da Unión Europea, tamén a Autoridade Bancaria Europea.

4. Cando o Banco de España sexa o supervisor dunha entidade de crédito española con sucursais noutro Estado membro da Unión Europea e estea en desacordo coas medidas que vaian tomar as autoridades competentes do Estado membro onde estea situada a sucursal, poderá recorrer á Autoridade Bancaria Europea e solicitarlle asistencia de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro.

Artigo 86. *Funcionamento dos colexios de supervisores.*

1. O Banco de España establecerá e presidirá colexios de supervisores co obxecto de facilitar o exercicio das tarefas a que se refiren os artigos 62.1.a) a d), 65 e 81 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, cando:

- a) Lle corresponda a supervisión en base consolidada dun grupo de entidades de crédito.
- b) Teña a condición de supervisor dunha entidade de crédito con sucursais consideradas como significativas de acordo cos criterios do artigo 59.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

2. Nos casos previstos no punto anterior o Banco de España:

- a) Decidirá as autoridades competentes que participan nunha reunión ou nunha actividade do colexio de supervisores.
- b) Manterá todos os membros do colexio plenamente informados da organización das reunións, das decisións acordadas e das medidas levadas a cabo.
- c) Informará a Autoridade Bancaria Europea, con suxeición ás exixencias en materia de confidencialidade previstas no artigo 82 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, das actividades do colexio de supervisores, especialmente as desenvolvidas en situacións de urxencia, e comunicará á dita autoridade toda información que resulte de particular interese para efectos da converxencia da actividade supervisora.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, nos colexios de supervisores poderán participar:

- a) A Autoridade Bancaria Europea como considere adecuado co fin de fomentar e controlar o funcionamento eficiente, eficaz e coherente destes colexios, de conformidade co artigo 21 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro.
- b) As autoridades competentes responsables da supervisión das filiais dunha entidade de crédito matriz da Unión Europea ou dunha sociedade financeira de carteira ou sociedade financeira mixta de carteira matriz da Unión Europea.
- c) As autoridades competentes do Estado membro en que estean establecidas sucursais significativas.
- d) Bancos centrais.
- e) Autoridades competentes de terceiros países con suxeición a requisitos de confidencialidade que sexan equivalentes, a xuízo de todas as autoridades competentes, aos estipulados no artigo 82 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

4. O Banco de España, como membro dun colexio de supervisores, colaborará estreitamente co resto de autoridades competentes que o formen. As exixencias en materia de confidencialidade previstas no artigo 82 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, non impedirán o intercambio de información confidencial entre o Banco de España e o resto de autoridades competentes no seo dos colexios de supervisores.

5. O Banco de España poderalle comunicar á Autoridade Bancaria Europea en virtude do artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, calquera desacordo con outras autoridades competentes que integren o colexio e solicitar a súa asistencia.

6. O establecemento e o funcionamento de colexios de supervisores non afectarán os dereitos e deberes do Banco de España recollidos na normativa de solvencia.

Artigo 87. *Intercambio de información en materia de supervisión en base consolidada.*

1. Cando a empresa matriz e a entidade ou entidades que sexan filiais súas estean situadas en Estados membros da Unión Europea diferentes, o Banco de España comunicará ás autoridades competentes de cada un deses Estados membros toda a información pertinente para facilitar o exercicio da supervisión en base consolidada.

2. Cando corresponda ao Banco de España a supervisión de empresas matrices non situadas en España en virtude do disposto no artigo 81, este poderá instar as autoridades competentes do Estado membro onde se encuentre situada a empresa matriz a solicitar á empresa matriz a información pertinente para o exercicio da supervisión en base consolidada e a que transmitan esta información ao Banco de España.

Artigo 88. *Comprobacións in situ da actividade das sucursais.*

1. Para exercer a supervisión das sucursais de entidades de crédito españolas noutros Estados membros da Unión Europea, o Banco de España, tras consultar as autoridades competentes do Estado membro de acollida, poderá levar a cabo comprobacións *in situ* das informacións recollidas no artigo 85. Esa comprobación poderá tamén levarse a cabo a través das autoridades competentes do Estado membro onde opere a sucursal ou través de auditores de contas ou peritos.

En caso de que a comprobación sexa levada a cabo por auditores de contas, deberase aplicar o disposto respecto ao réxime de independencia a que se encontran suxeitos de conformidade co capítulo III do texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo, ou, en caso de que os auditores de contas estean establecidos noutros Estados membros da Unión Europea, deberá aplicarse o disposto respecto a un réxime de independencia equiparable ao español.

2. Para exercer a supervisión das sucursais en España de entidades de crédito autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea, as autoridades competentes dos ditos Estados membros, tras consultar o Banco de España, poderán levar a cabo comprobacións *in situ* das informacións recollidas no artigo 85. Estas comprobacións realizaranse, en todo caso, sen prexuízo da normativa española aplicable.

Artigo 89. *Comprobación de información relativa a entidades doutros Estados membros da Unión Europea.*

1. No marco da aplicación da normativa de solvencia, o Banco de España poderá solicitar ás autoridades competentes doutros Estados membros a comprobación de información sobre as seguintes entidades establecidas no seu territorio:

- a) Entidades de crédito.
- b) Empresas de servizos de investimento.
- c) Sociedades financeiras de carteira.
- d) Sociedades financeiras mixtas de carteira.
- e) Entidades financeiras.
- f) Empresas de servizos auxiliares.
- g) Sociedades mixtas de carteira.
- h) Filiais, situadas noutro Estado membro da Unión Europea, de:

1.º Sociedades financeiras de carteira, de sociedades financeiras mixtas de carteira ou de sociedades mixtas de carteira, que sexan empresas de seguros ou outras empresas de servizos de investimento non previstas no artigo 4.1.2) do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, suxeitas a un réxime de autorización.

2.º Entidades de crédito, empresas de servizos de investimento, sociedades financeiras de carteira ou de sociedades financeiras mixtas de carteira, que non estean incluídas no ámbito da supervisión en base consolidada.

2. Cando o Banco de España reciba unha solicitude análoga á do punto 1 por parte das autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea, deberá darlle curso, no marco da súa competencia, a través dun dos seguintes métodos:

- a) Procedendo por si mesmo á comprobación.
- b) Permitindo que procedan a ela as autoridades competentes que presentasen a solicitude.
- c) Permitindo que proceda a ela un auditor de contas ou un perito.

Ademais, o Banco de España permitirá que a autoridade competente solicitante participe na comprobación, se así o desexa, cando non a efectúe por si mesma.

En caso de que a comprobación sexa levada a cabo por auditores de contas, deberase aplicar o disposto respecto ao réxime de independencia a que se encontran suxeitos de conformidade co capítulo III do texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo

Artigo 90. *Decisión conxunta.*

1. No marco da colaboración establecido no artigo 62 de Lei 10/2014, do 26 de xuño, o Banco de España, cando sexa o supervisor en base consolidada dun grupo ou a autoridade competente responsable da supervisión das filiais dunha entidade de crédito matriz da Unión Europea, dunha sociedade financeira de carteira ou dunha sociedade financeira mixta de carteira matriz da Unión Europea en España, procurará alcanzar, con todos os seus medios, unha decisión consensuada coas demais autoridades supervisoras da Unión Europea sobre:

a) A aplicación do disposto nos artigos 41 e 51 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, para determinar a adecuación do nivel consolidado de recursos propios que posúa o grupo en relación coa súa situación financeira e perfil de risco e o nivel de recursos propios necesario para a aplicación do artigo 68 da citada lei a cada unha das entidades do grupo e en base consolidada.

b) As medidas para solucionar calquera cuestión significativa e constatación importante relacionada coa supervisión da liquidez.

2. A decisión conxunta a que refire o punto 1 adoptarase:

a) Para efectos do punto 1.a), nun prazo de catro meses a partir da presentación polo supervisor en base consolidada, ás demais autoridades competentes pertinentes, dun informe que inclúa a avaliación de riscos do grupo, de conformidade cos artigos 41, 51 e 68.2.a) da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

b) Para efectos do punto 1.b), nun prazo dun mes a partir da presentación polo supervisor en base consolidada, ás demais autoridades competentes pertinentes, dun informe que inclúa a avaliación do perfil de risco de liquidez do grupo, de conformidade cos artigos 53 deste real decreto e 42 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

3. A decisión conxunta exporase nun documento que conteña a decisión plenamente motivada e que o Banco de España, cando sexa o supervisor en base consolidada, remitirá á entidade de crédito matriz da Unión Europea.

En caso de desacordo, por iniciativa propia ou por petición de calquera das demais autoridades competentes afectadas, o Banco de España, antes de adoptar a decisión a que se refire o punto seguinte, consultará a Autoridade Bancaria Europea. O resultado da consulta non o vinculará.

4. En ausencia da referida decisión conxunta entre as autoridades competentes nos prazos a que se refire o punto 2, o Banco de España, cando exerza de supervisor en base consolidada, adoptará a decisión respecto á aplicación dos artigos 41, 42, 51 e 68.2.a) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e do artigo 53 deste real decreto, sobre unha base consolidada, tras tomar debidamente en consideración a avaliación de risco das filiais

realizada polas autoridades competentes pertinentes e, de ser o caso, o resultado da consulta á Autoridade Bancaria Europea, explicando toda variación significativa respecto do ditame recibido dela.

Se ao final dos prazos a que se refire o punto 2 algunha das autoridades competentes interesadas remitiu o asunto á Autoridade Bancaria Europea de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, o Banco de España aprazará a súa resolución e esperará a decisión que a Autoridade Bancaria Europea poida adoptar de conformidade co artigo 19.3 dese regulamento. Posteriormente, resolverá de acordo coa decisión da Autoridade Bancaria Europea. Os prazos a que se refire o punto 2 serán considerados períodos de conciliación no sentido do artigo 19 do citado regulamento.

O asunto non se remitirá á Autoridade Bancaria Europea unha vez finalizado o período de catro meses ou o período dun mes, segundo proceda, ou tras terse adoptado unha decisión conxunta.

5. Igualmente, en ausencia da referida decisión conxunta, o Banco de España, como responsable da supervisión das filiais dunha entidade de crédito matriz da Unión Europea ou dunha sociedade financeira de carteira ou dunha sociedade financeira mixta de carteira matriz da Unión Europea, tomará unha decisión sobre a aplicación dos artigos 41, 42, 51 e 68.2.a) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e do artigo 53 deste real decreto, sobre unha base individual ou subconsolidada, tras tomar debidamente en consideración as observacións e as reservas manifestadas polo supervisor en base consolidada e, de ser o caso, o resultado da consulta á Autoridade Bancaria Europea, explicando toda variación significativa respecto do ditame recibido dela.

Se ao final do período de catro meses ou un mes, segundo proceda, algunha das autoridades competentes implicadas remitiu o asunto á Autoridade Bancaria Europea de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, o Banco de España aprazará a súa resolución e esperará a decisión que a Autoridade Bancaria Europea poida adoptar de conformidade co artigo 19.3 dese regulamento. Posteriormente, resolverá de acordo coa decisión da Autoridade Bancaria Europea. Os prazos a que se refire o punto 2 serán considerados períodos de conciliación no sentido do artigo 19 do citado regulamento.

O asunto non se remitirá á Autoridade Bancaria Europea unha vez finalizado o período de catro meses ou o período dun mes, segundo proceda, ou tras terse adoptado unha decisión conxunta.

6. As decisións a que se refiren os dous puntos anteriores expóranse nun documento que conteña as decisións plenamente motivadas e terán en conta a avaliación de risco, as observacións e as reservas manifestadas polas demais autoridades competentes ao longo dos períodos a que se refire o punto 2.

O Banco de España, cando exerza de supervisor en base consolidada, remitirá o documento a todas as autoridades competentes afectadas e á entidade de crédito, matriz da Unión Europea ou filial afectada.

7. As decisións conxuntas a que se refire o punto 1 e as decisións dos supervisores en base consolidada doutros Estados membros da Unión Europea, que afecten entidades de crédito españolas filiais dos grupos consolidados a que se refiran tales decisións, terán idénticos efectos legais que as decisións adoptadas polo Banco de España.

8. A decisión conxunta a que se refire o punto 1 e as decisións adoptadas na falta dunha decisión conxunta de conformidade cos puntos 4 e 5 serán actualizadas cada ano ou, en circunstancias excepcionais, cando unha autoridade competente responsable da supervisión de filiais dunha entidade de crédito ou unha empresa de servizos de investimento matriz da Unión Europea, dunha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira matriz da Unión Europea presenten ao supervisor en base consolidada unha solicitude por escrito completamente razoada de que se actualice a decisión sobre a aplicación dos artigos 42 e 68.2.a) da Lei 10/2014, do 26 de xuño. No segundo caso, poderán encargarse da actualización de modo bilateral o supervisor en base consolidada e a autoridade competente que presentase a solicitude.

Artigo 91. *Procedemento de declaración de sucursais como significativas e obrigacións de información do Banco de España ao respecto.*

1. Respecto ás sucursais de entidades de crédito españolas establecidas noutro Estado membro, o Banco de España:

a) Promoverá a adopción dunha decisión conxunta sobre a súa designación como significativas no prazo máximo de dous meses desde a recepción da solicitude a que alude o artigo 62.1.f) da Lei 10/2014, do 26 de xuño. En caso de non chegar a adoptarse ningunha decisión conxunta, o Banco de España deberá recoñecer e aplicar a decisión adoptada ao respecto pola autoridade competente do Estado membro de acollida.

b) Comunicará ás autoridades competentes do Estado membro da Unión Europea en que unha sucursal significativa dunha entidade de crédito española estea establecida a información a que se refire o artigo 61.2.c) e e) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e levará a cabo as tarefas a que se refire o artigo 62.1.c) da citada lei, en colaboración coas autoridades competentes do Estado membro en que a sucursal opere.

Así mesmo, o Banco de España comunicará á entidade de crédito española a decisión adoptada ao respecto pola autoridade competente do Estado membro de acollida.

2. Respecto ás sucursais en España de entidades de crédito doutros Estados membros da Unión Europea, o Banco de España poderá solicitar ás autoridades supervisoras competentes que inicien as actuacións apropiadas para recoñecer o carácter significativo desa sucursal e, de ser o caso, resolver sobre tal aspecto. Para tal efecto, se nos dous meses seguintes á recepción da solicitude formulada polo Banco de España non se alcanza unha decisión conxunta co supervisor do Estado membro de orixe, o Banco de España disporá dun período adicional de dous meses para tomar a súa propia decisión. Ao tomar a súa decisión, o Banco de España terá en conta as opinións e reservas que, de ser o caso, expresasen o supervisor en base consolidada ou as autoridades competentes do Estado membro de acollida.

3. Nas actuacións a que se refiren os puntos 1.a) e 2, o Banco de España deberá:

a) Ter en conta as opinións e reservas que, de ser o caso, expresasen as autoridades competentes dos Estados membros interesados.

b) Considerar elementos como a cota de mercado da sucursal en termos de depósitos, en particular, se esta excede o 2 por cento; a incidencia probable da suspensión ou o cesamento das operacións da entidade de crédito na liquidez do mercado e nos sistemas de pagamento, e de compensación e liquidación, e as dimensións e a importancia da sucursal por número de clientes.

Estas decisións plasmaranse nun documento que conterá a decisión e a súa motivación e notificaranse ás demais autoridades competentes e á propia entidade interesada.

4. O Banco de España comunicará ás autoridades competentes dos Estados membros de acollida en que estean establecidas sucursais significativas de entidades de crédito españolas:

a) Os resultados das avaliacións de riscos das entidades con sucursais deste tipo que se realizasen de conformidade cos artigos 51 e 52 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

b) As decisións adoptadas en virtude do artigo 68.2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, na medida en que esas avaliacións e decisións sexan pertinentes para esas sucursais.

Así mesmo, o Banco de España consultará as autoridades competentes dos Estados membros de acollida sobre as medidas operativas levadas a cabo polas entidades para asegurar que os plans de recuperación de liquidez se poidan aplicar de forma inmediata, cando iso sexa pertinente para os riscos de liquidez na moeda do Estado membro de acollida.

5. O Banco de España poderá recorrer á Autoridade Bancaria Europea e solicitarlle asistencia de conformidade co artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro de 2010, cando:

a) As autoridades competentes do Estado membro de orixe dunha sucursal significativa que opere en España non consultasen o Banco de España á hora de establecer o plan de recuperación da liquidez.

b) Cando o Banco de España sosteña que os plans de recuperación da liquidez impostos polas autoridades competentes do Estado membro de orixe dunha sucursal significativa que opere en España non son adecuados.

CAPÍTULO IV

Obrigacións de información e publicidade

Artigo 92. *Obrigacións de publicidade do Banco de España.*

1. O Banco de España deberá publicar na súa páxina web:

a) Os textos das disposicións legais e regulamentarias, así como as orientacións xerais adoptadas no ámbito da normativa de solvencia.

b) O modo en que se exerceron as opcións e facultades que ofrece o dereito da Unión Europea.

c) Os criterios e metodoloxía seguidos polo propio Banco de España para revisar os acordos, as estratexias, os procedementos e os mecanismos aplicados polas entidades e polos seus grupos co fin de dar cumprimento á normativa de solvencia e avaliar os riscos a que elas están ou poderían estar expostas.

d) Os criterios xerais e os métodos adoptados para comprobar o cumprimento do disposto nos artigos 405 a 409 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

e) Unha sucinta descrición do resultado da revisión supervisora e da descrición das medidas impostas nos casos de incumprimento do disposto nos artigos 405 a 409 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

f) As demais previstas no artigo 80 da Lei 10/2014, do 26 de xuño.

2. Así mesmo, cando o Banco de España, conforme o artigo 7.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, decida eximir unha entidade do cumprimento do artigo 6.1 do mencionado regulamento, deberá publicar a seguinte información:

a) Os criterios aplicados para determinar que non existen impedimentos importantes, actuais ou previstos, de tipo práctico ou xurídico para a inmediata transferencia de recursos propios ou o reembolso de pasivos.

b) O número de entidades matrices que se beneficien desta exención e, entre elas, o número de entidades que contan con filiais situadas nun país non pertencente á Unión Europea.

c) Sobre unha base agregada para España:

1.º O importe total consolidado de recursos propios da entidade matriz en España a que se aplique esta exención que estea en poder de filiais situadas en Estados non membros da Unión Europea.

2.º A porcentaxe do total consolidado de recursos propios de entidades matrices en España a que se aplique esta exención representado por recursos propios en poder de filiais situadas en Estados non membros da Unión Europea.

3.º A porcentaxe do total consolidado de recursos propios exixidos consonte o artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, ás entidades matrices en España a que se aplique esta exención, representado por recursos propios en poder de filiais situadas en Estados non membros da Unión Europea.

3. Cando o Banco de España, conforme o artigo 9.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, autorice unha entidade a incorporar, no seu cálculo da exixencia prevista no artigo 6.1 do mencionado regulamento, aquelas das súas filiais que cumpran as condicións establecidas no artigo 7.1.c) e d) do citado regulamento e cuxas exposicións ou pasivos significativos o sexan con respecto ás ditas entidades matrices, deberá publicar a seguinte información:

a) Os criterios que aplican para determinar que non existen impedimentos importantes, actuais ou previstos, de tipo práctico ou xurídico para a inmediata transferencia de recursos propios ou o reembolso de pasivos.

b) O número de entidades matrices ás cales se concedese esta autorización e, entre elas, o número desas entidades matrices que contan con filiais situadas en Estados non membros da Unión Europea.

c) Sobre unha base agregada para España:

1.º O importe total de recursos propios das entidades matrices ás cales se concedese esta autorización que estea en poder de filiais situadas en Estados non membros da Unión Europea.

2.º A porcentaxe do total de recursos propios de entidades matrices ás cales se concedese esta autorización representado por recursos propios en poder de filiais situadas en Estados non membros da Unión Europea.

3.º A porcentaxe do total de recursos propios exixidos consonte o artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, ás entidades matrices ás cales se concedese esta autorización representado por recursos propios en poder de filiais situadas en Estados non membros da Unión Europea.

Artigo 93. *Información con relevancia prudencial das entidades de crédito.*

1. De conformidade co artigo 85 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, os grupos consolidables de entidades de crédito e as entidades de crédito non integradas nun destes grupos consolidables farán pública debidamente integrada nun só documento denominado «Información con relevancia prudencial», información concreta sobre aqueles datos da súa situación financeira e actividade en que o mercado e outras partes interesadas poidan ter interese co fin de avaliar os riscos a que se enfrontan, a súa estratexia de mercado, o seu control de riscos, a súa organización interna e a súa situación, co obxecto de dar cumprimento ás exixencias mínimas de recursos propios previstas na normativa de solvencia.

2. As mesmas obrigacións de divulgación serán exixibles, de forma individual ou subconsolidada, ás entidades de crédito españolas ou estranxeiras constituídas noutro Estado membro da Unión Europea, filiais de entidades de crédito españolas, nos casos que o Banco de España así o considere en atención á súa actividade ou importancia relativa dentro do grupo. No caso de que a obrigación afecte filiais estranxeiras, o Banco de España remitirá a correspondente resolución á entidade española dominante, que estará obrigada a adoptar as medidas necesarias para lle dar cumprimento efectivo.

3. As entidades poderán omitir a información non significativa e, coa oportuna advertencia, os datos que consideren reservados ou confidenciais. Tamén poderán determinar o medio, o lugar e o modo de divulgación do citado documento.

4. A publicación do documento «Información con relevancia prudencial» deberase realizar con frecuencia ao menos anual e coa maior brevidade. En todo caso, a publicación non poderá ter lugar con posterioridade á data de aprobación das contas anuais da entidade.

Non obstante o anterior, as entidades de crédito avaliarán a necesidade de publicar algunha ou todas as informacións cunha maior frecuencia tendo en conta a natureza e as características das súas actividades.

Así mesmo, o Banco de España poderá determinar as informacións ás cales as entidades de crédito deberán prestar unha atención particular cando avalíen se resulta necesaria unha frecuencia de publicación maior á anual para tales datos.

5. As entidades de crédito poderán determinar o medio, o lugar e o modo de verificación máis adecuados co fin de cumprir efectivamente os requisitos de divulgación establecidos no artigo 85 da Lei 10/2014, do 26 de xuño. Na medida do posible, todas as divulgacións se efectuarán nun único medio ou lugar.

Disposición adicional primeira. *Aprobación previa dos instrumentos de capital de nivel 1 adicional e de nivel 2.*

O cómputo dos instrumentos de capital de nivel 1 adicional e de capital de nivel 2 das entidades de crédito como tales estará condicionado á súa aprobación previa polo Banco de España conforme os criterios establecidos polo Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

Disposición adicional segunda. *Integración do Banco de España no Mecanismo Único de Supervisión.*

1. As competencias de autorización e supervisión do Banco de España previstas neste real decreto aplicaranse no marco das atribuídas ao Banco Central Europeo e ao Mecanismo Único de Supervisión na normativa europea e, en particular, no Regulamento (UE) n.º 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013, que encomenda ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito, e no Regulamento (UE) n.º 468/2014 do Banco Central Europeo, do 16 de abril de 2014, polo que se establece o marco de cooperación no Mecanismo Único de Supervisión entre o Banco Central Europeo e as autoridades nacionais competentes e coas autoridades nacionais designadas.

2. Corresponderá, en particular, ao Banco Central Europeo autorizar ás entidades de crédito revogar tal autorización e a oposición ou non oposición á adquisición dunha participación significativa, nos termos previstos nos regulamentos citados no punto anterior. Nestes supostos, o Banco de España, como autoridade nacional competente, presentará ao Banco Central Europeo proxectos para a concesión da autorización ou para a adquisición dunha participación significativa e, nos casos que corresponda, propostas de revogación da autorización.

3. As competencias e obrigacións atribuídas ao Banco de España no capítulo IV do título I e nos títulos II e III atribuiranse ou serán exercidas polo Banco Central Europeo de conformidade co previsto nos regulamentos mencionados no punto 1, en especial nos casos en que esa autoridade sexa considerada a autoridade competente en aplicación dos puntos 4 e 5 do artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013.

Disposición adicional terceira. *Actividades relacionadas cos mercados de valores.*

Cando dos procedementos administrativos previstos no título I, capítulo I resulte que unha entidade de crédito pretende realizar actividades relacionadas cos mercados de valores, o Banco de España porá esta circunstancia en coñecemento da Comisión Nacional do Mercado de Valores, especificando as actividades que pretende realizar e indicando, de ser o caso, se se pretenden realizar como membro dun mercado secundario oficial, doutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea ou dun sistema multilateral de negociación.

Disposición adicional cuarta. *Autorización para a transformación en bancos de sociedades xa constituídas.*

A autorización para a transformación nun banco poderase outorgar a sociedades xa constituídas unicamente cando se trate de cooperativas de crédito ou de establecementos financeiros de crédito.

Para obter a autorización será necesario cumprir os requisitos previstos no título I, capítulo I, deste real decreto, pero en relación co artigo 4.b) entenderase cumprido sempre que a suma do patrimonio neto resultante do balance correspondente ao ano anterior á solicitude de transformación, que necesariamente deberá estar auditado, e das achegas en efectivo alcance 18 millóns de euros.

Ademais, na autorización poderase dispensar do cumprimento das limitacións temporais previstas no artigo 8.

Disposición adicional quinta. *Composición do padroado das fundacións bancarias e requisitos de honorabilidade comercial e profesional.*

1. As persoas que posúan coñecementos e experiencia específicos en materia financeira, previstos no artigo 39.3.e) da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, integrarán o padroado das fundacións bancarias de acordo coas seguintes porcentaxes:

- a) Ao menos un quinto do número de membros do padroado, con carácter xeral.
- b) Ao menos un terzo do número de membros do padroado, no caso de fundacións bancarias que posúan unha participación igual ou superior ao 30 por cento do capital nunha entidade de crédito.
- c) Ao menos a metade do número de membros do padroado, no caso de fundacións bancarias que posúan unha participación igual ou superior ao 50 por cento nunha entidade de crédito ou que lles permita o seu control nos termos do artigo 42 do Código de comercio.

2. Os patróns a que se refire o punto anterior deberán reunir os requisitos de idoneidade exixidos pola lexislación aplicable aos membros do órgano de administración e cargos equivalentes das entidades de crédito.

O resto de membros do padroado deberán reunir os requisitos de honorabilidade comercial e profesional exixidos aos membros do órgano de administración e cargos equivalentes das entidades de crédito.

Disposición adicional sexta. *Representantes das entidades adheridas na Comisión Xestora do Fondo de Garantía de Depósitos.*

Os representantes das entidades adheridas que deban ser designados polas asociacións representativas de bancos segundo o previsto no artigo 7.2, parágrafo cuarto, do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, distribuiranse entre as distintas asociacións representativas destas entidades de crédito de modo proporcional ao volume de depósitos garantidos das súas representadas.

Así mesmo, os representantes das entidades adheridas que deban ser designados polas asociacións representativas de caixas de aforros e cooperativas de crédito atribuiranse ás asociacións representativas destas entidades de crédito que acumulen un maior volume de depósitos garantidos das súas representadas.

Para o cómputo do volume de depósitos garantidos teranse en consideración os depósitos garantidos existentes en 31 de decembro do ano anterior e, para o caso de que nunha mesma asociación concorra a condición de representante de entidades de crédito de distinta natureza, unicamente se computarán os que pertencen á natureza cuxo representante se vai designar.

Disposición adicional sétima. *Referencias á normativa derogada.*

As referencias que no ordenamento xurídico se realicen ás normas derogadas de conformidade co previsto na disposición derogatoria única entenderanse efectuadas ás previsións correspondentes deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio para a aplicación do artigo 458 do Regulamento nº 575/2013/UE, do 26 de xuño de 2013.*

Mentres a lexislación española non prevexa a creación dunha autoridade macroprudencial específica, o Banco de España será a autoridade competente para a aplicación do artigo 458 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

Así mesmo, ata a creación dunha autoridade macroprudencial específica, os incrementos que poderá aplicar o Banco de España a determinadas ponderacións por risco ou a límites aos grandes riscos en aplicación do artigo 458.10 serán do 25 e do 15 por cento como máximo, respectivamente.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos en curso.*

Os procedementos de autorización, revogación e caducidade de entidades crédito, iniciados con anterioridade ao 4 de novembro de 2014 que non se resolvesen no momento da entrada en vigor deste real decreto, tramitaranse de acordo co procedemento previsto neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a este real decreto e, en particular, as seguintes:

- a) O Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo, sobre creación de bancos, actividade transfronteiriza e outras cuestións relativas ao réxime xurídico das entidades de crédito.
- b) O Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, con excepción daquelas disposicións relativas a empresas de servizos de investimento.
- c) A Orde do 20 de setembro de 1974, de ampliacións de capital.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, aprobado polo Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro.*

O regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, aprobado polo Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro, queda modificado como segue:

Un. O primeiro parágrafo do artigo 1.1 queda redactado como segue:

«Corresponde ao Banco de España elevar ao Banco Central Europeo unha proposta de autorización para acceder á actividade de entidade de crédito, logo de informe do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, nos aspectos da súa competencia.»

Dous. As letras d) e e) do artigo 4.1 quedan redactadas como segue:

«d) Relación de persoas que vaian integrar o primeiro consello reitor e daqueles que vaian exercer como directores xerais ou asimilados, así como dos responsables das funcións de control interno e outros postos clave para o

desenvolvemento diario da actividade da cooperativa, con información detallada sobre a traxectoria e actividade profesional de todos eles.

e) Xustificación de ter constituído un depósito en metálico no Banco de España ou xustificación de ter inmovilizado valores de débeda pública a favor do Banco de España por un importe equivalente ao 20 por cento do capital social mínimo exixible.»

Tres. O artigo 5.1 queda redactado como segue:

«1. Sen prexuízo das competencias do Banco Central Europeo para denegar a solicitude de autorización proposta polo Banco de España, este último, mediante resolución motivada, denegará a autorización, cando non se cumpran os requisitos do artigo 2 ou cando, tendo en conta a situación financeira ou patrimonial dos promotores que vaian dispor dunha participación significativa no capital social, non quede asegurada a xestión sa e prudente da entidade proxectada, todo isto segundo o previsto na lexislación de entidades de crédito. Ademais, o Banco de España poderá denegar a autorización cando no proxecto presentado non se aprecie a existencia de intereses ou necesidades económicas comúns que deben constituír a base asociativa da cooperativa.

Catro. O artigo 8 queda redactado como segue:

«1. Autorizada a creación dunha cooperativa de crédito, terá que dar comezo ás súas operacións no termo dun ano contado desde a súa notificación. Noutro caso, salvo causa non imputable á entidade, producirase a caducidade da autorización, segundo o previsto no artigo 10 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

2. O depósito previsto no artigo 4.1.e) liberarase de oficio unha vez constituída a sociedade e inscrita no Rexistro correspondente de cooperativas de crédito, así como nos supostos de denegación, caducidade e, se non fose liberado con carácter previo, revogación ou renuncia da autorización.»

Cinco. O artigo 30 queda redactado como segue:

«Artigo 30. *Escisións e fusións: supostos.*

1. Están sometidas ao requisito de autorización administrativa previa aquelas escisións e fusións que afecten cooperativas de crédito, nos termos seguintes:

a) As escisións que teñan por obxecto promover unha cooperativa de crédito, sexa a partir doutras entidades ou dunha sección crediticia de cooperativas doutras clases, así como as que incidan, en todo ou en parte, sobre o patrimonio e o colectivo social de calquera cooperativa de crédito.

b) As fusións que teñan lugar entre cooperativas doutras clases –salvo as de seguros– para promover unha de crédito, e as que se produzan entre cooperativas de crédito preexistentes, ou entre estas e outras entidades de depósito cando as outras sociedades do sector cooperativo se inhiban do propósito fusionista no prazo de tres meses unha vez recibida a información pertinente do Consello Reitor da cooperativa crediticia afectada.

c) As fusións que, excluindo tamén as de seguros, se produzan entre cooperativas de crédito e cooperativas doutra clase ou grao sempre que estas teñan sección de crédito ou o núcleo do seu obxecto social, ao menos, poida ser validamente asumido, como servizos complementarios ou auxiliares, pola cooperativa de crédito nova ou absorbente.

d) A cesión global ou parcial de activos e pasivos en que interveña unha cooperativa de crédito. Entenderase por cesión parcial de activos e pasivos a operación definida no artigo 11.2 do Real decreto 84/2015, polo que se desenvolve

a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

e) Calquera acordo que teña efectos económicos ou xurídicos análogos aos supostos previstos nas letras anteriores.

2. Non se poderán realizar fusionés, escisións nin cesións globais ou parciais de activos e pasivos que afecten cooperativas de crédito fóra dos supostos previstos no número anterior.

3. A autorización administrativa previa deberana solicitar os administradores das entidades afectadas despois de que aprobasen o proxecto de fusión ou escisión e antes de que este sexa sometido ás respectivas asembleas xerais.

4. A autoridade competente para autorizar a fusión ou escisión serao tamén para aprobar os actos e acordos necesarios para culminar esa operación; se der lugar á creación dunha nova cooperativa de crédito deberá aplicarse, ademais, o artigo 1.»

Seis. Engádesse un novo artigo 39, que queda redactado como segue:

«Artigo 39. *Procedemento de revogación da autorización para operar como entidade de crédito.*

1. O Banco de España será competente para iniciar e tramitar e elevar ao Banco Central Europeo unha proposta de revogación da autorización. O Banco de España unicamente poderá iniciar de oficio este procedemento nos termos previstos no artigo 69 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e polos supostos previstos no artigo 8 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, ou noutra norma con rango de lei. Á resolución da revogación da autorización mediante decisión do Banco Central Europeo aplicarase o réxime de impugnación previsto na normativa da Unión Europea e, en particular, no Regulamento (UE) n.º 1024/2013 do Consello, do 15 de outubro de 2013, que encomenda ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito.

2. O Banco de España dará trámite de audiencia aos interesados unha vez instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución e concederalles un prazo de quince días para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

3. Así mesmo, o Banco de España elevará ao Banco Central Europeo unha proposta de revogación da autorización cando a entidade de crédito renuncie á autorización concedida, ou denegará expresamente a renuncia, no prazo de tres meses desde que se produza a súa comunicación.

As entidades de crédito xuntaránlle á comunicación da renuncia un plan de cesación da actividade.

4. O procedemento de renuncia rexerase polas normas previstas para a revogación, sen que resulte necesario proceder á disolución e liquidación da entidade se ten previsto continuar co exercicio de actividades non reservadas.

5. En caso de denegación da renuncia, o Banco de España deberá motivar as razóns que ao seu xuízo concorren para considerar que a cesación de actividade pode ocasionar riscos graves á estabilidade financeira. Para estes efectos, terá en conta a necesidade de:

a) Asegurar a continuidade daquelas actividades, servizos e operacións cuxa interrupción podería perturbar a economía ou o sistema financeiro e, en particular, os servizos financeiros de importancia sistémica e os sistemas de pagamento, compensación e liquidación.

b) Evitar efectos prexudiciais para a estabilidade do sistema financeiro.

c) Protexer os depositantes e os demais fondos reembolsables e activos dos clientes das entidades de crédito.»

Sete. Engádesse un novo artigo 40, que queda redactado como segue:

«Artigo 40. *Caducidade da autorización.*

1. O Banco de España declarará expresamente a caducidade da autorización para operar como entidade de crédito cando dentro dos doce meses seguintes á súa data de notificación non se dea comezo ás actividades específicas incluídas no programa de actividades a que se refire a autorización por causas imputables á entidade. Á resolución da caducidade aplicaráselle o réxime de impugnación previsto na Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O procedemento para declarar a caducidade unicamente poderá iniciarse de oficio nos termos previstos no artigo 69 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Unha vez acordado o inicio do procedemento, procederase no prazo de dez días á súa notificación aos interesados para que poidan formular alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento antes do trámite de audiencia a que se refire o punto seguinte.

4. O Banco de España dará trámite de audiencia aos interesados unha vez instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución e concederalles un prazo de quince días para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 2660/1998, do 14 de decembro, sobre o cambio de moeda estranxeira en establecementos abertos ao público distintos das entidades de crédito.*

O Real decreto 2660/1998, do 14 de decembro, sobre o cambio de moeda estranxeira en establecementos abertos ao público distintos das entidades de crédito, queda modificado como segue:

Un. O punto 1 do artigo 1 queda redactado como segue:

«Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As operacións de cambio de moeda estranxeira, calquera que sexa a súa denominación, son libres, sen máis límites que os establecidos na lexislación de control de cambios. Non obstante, a actividade profesional consistente na realización de cambio de moeda estranxeira, calquera que sexa a súa denominación, en establecementos abertos ao público (en diante, establecementos de cambio de moeda), queda suxeita ás autorizacións e ao réxime establecidos no presente real decreto e nas súas normas de desenvolvemento.

Esta actividade de cambio de moeda comprende a compra ou venda de billetes estranxeiros e cheques de viaxeiro nos termos previstos neste real decreto.»

Dous. Suprímense os puntos 4, 5 e 6 do artigo 2 e modifícanse os puntos 1, 2 e 3 do mesmo artigo, que queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Operacións dos establecementos de cambio de moeda.*

1. As persoas físicas ou xurídicas, distintas das entidades de crédito, que pretendan realizar en establecementos abertos ao público operacións de compra de billetes estranxeiros ou cheques de viaxeiros, con pagamento en euros, deberán reunir os requisitos establecidos nos puntos 1 e 3 do artigo 4 deste real decreto, obter a autorización previa do Banco de España para o exercicio desa actividade e

inscribirse no Rexistro de Establecementos de Cambio de Moeda a cargo da dita institución.

Esta actividade poderase exercer ben con carácter exclusivo ben con carácter complementario do negocio que constituía a actividade principal.

2. Aquelas persoas que, sen prexuízo de poderen realizar as operacións a que se refire o punto anterior, pretendan realizar en establecementos abertos ao público operacións de venda de billetes estranxeiros deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 4 deste real decreto, obter a autorización previa do Banco de España, así como inscribirse no Rexistro de Establecementos de Cambio de Moeda a cargo daquel.

3. Para efectos do previsto no punto anterior, terá a consideración de operacións de venda de billetes estranxeiros e cheques de viaxeiro a venda de billetes estranxeiros e cheques de viaxeiro contra entrega do seu contravalor en euros ou noutros billetes de banco estranxeiros.»

Tres. Modifícase o punto 1 do artigo 3, que queda redactado como segue:

«1. Corresponde ao Banco de España, logo de informe do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos aspectos da súa competencia, autorizar o exercicio da actividade de cambio de moeda nos establecementos de cambio previstos neste real decreto. Esta autorización outorgarase con sometemento ao procedemento establecido no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Na autorización especificaranse as actividades que poderán realizar os mencionados establecementos de cambio de moeda.

O Banco de España denegará, mediante resolución motivada, a autorización dun establecemento de cambio de moeda cando non se cumpran os requisitos establecidos nos artigos 4 e 5 deste real decreto. Contra a denegación da solicitude poderá interpoñerse recurso de alzada ante o ministro de Economía e Facenda.»

Catro. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Requisitos para obter e conservar a autorización para exercer a actividade de cambio de moeda estranxeira.*

1. Será requisito para obter e conservar a autorización para realizar operacións de compra de billetes estranxeiros ou cheques de viaxeiros, con pagamento en euros, que os titulares dos establecementos e, de ser o caso, os socios e administradores, así como os membros do consello de administración da súa entidade dominante cando exista, sexan persoas de recoñecida honorabilidade comercial e profesional. O requisito de honorabilidade deberá concorrer tamén nos directores xerais ou asimilados, así como nos responsables das funcións de control interno e doutros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade da entidade e da súa dominante, conforme estableza o Banco de España.

Para estes efectos, a valoración da idoneidade dos membros do consello de administración, así como dos directores xerais ou asimilados e dos responsables das funcións de control interno e doutros postos clave para o desenvolvemento diario da actividade da entidade, axustarase aos criterios e procedementos de control da honorabilidade establecidos no artigo 30 do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades crédito.

2. Para obter e conservar a autorización para realizar as operacións a que se refire o artigo 2.2 precisarase, ademais, que o establecemento reúna os seguintes requisitos:

a) Revestir a forma de sociedade anónima constituída polo procedemento de fundación simultánea. A súa constitución como tal e inscrición no Rexistro Mercantil será previa ao acceso ao Rexistro de Establecementos de Cambio de Moeda, radicado no Banco de España, trámite que deberán cumprir no termo de seis meses desde a notificación da autorización.

b) Ter como único obxecto social as operacións de compra e venda de billetes estranxeiros e cheques de viaxeiro. Este requisito non será de aplicación ás entidades de pagamento nin ás entidades de diñeiro electrónico.

c) Ter un capital social mínimo de 60.000 euros integramente subscrito e desembolsado en efectivo, representado mediante accións nominativas.

d) Contar con procedementos e órganos adecuados de control interno e de comunicación para prever e impedir a realización de operacións relacionadas co branqueo de capitais, nas condicións establecidas nos artigos 31 a 40 do regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, aprobado polo Real decreto 304/2014, do 5 de maio.

3. No caso previsto no artigo 2.1, considerarase que concorren os requisitos de honorabilidade comercial e profesional pola existencia dun establecemento aberto ao público en que se estea desenvolvendo a actividade principal do solicitante.»

Cinco. Modifícase o punto 5 do artigo 5, que queda redactado como segue:

«5. A modificación de calquera dos datos incluídos nas solicitudes de autorización a que se refire o presente artigo, a apertura de novos locais, así como o cesamento do establecemento de cambio na actividade de cambio de moeda estranxeira, deberán comunicarse ao Banco de España dentro do mes seguinte á data en que se produzan tales feitos.

Cando o titular dun establecemento que realice unicamente operacións de compra de billetes estranxeiros ou cheques de viaxe con pagamento en euros pretenda amplialas ás recollidas no punto 2 do artigo 2, seguirase o procedemento establecido para obter a autorización previa e deberánse cumprir os requisitos exixidos no artigo 4.2 e presentar unha nova solicitude acompañada dos documentos e informacións que correspondan, nos termos previstos neste artigo.»

Seis. Modifícase o artigo 11, que queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Rexistro de operacións.*

Os establecementos de cambio de moeda deberán rexistrar as operacións que realicen suxeitas a este real decreto, identificar de forma individualizada as persoas que participen en tales operacións, e informar o Banco de España e os órganos competentes da Administración tributaria na forma e cos límites que establece o marco normativo vixente e cos que se establezan nas normas de desenvolvemento deste real decreto, para os efectos de seguimento estatístico e fiscal de tales operacións.»

Sete. Modifícase a disposición adicional única, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional única. *Aplicación doutras normativas.*

Aos establecementos de cambio de moeda regulados neste real decreto seralles aplicable a Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, e a súa normativa de desenvolvemento.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1332/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro.*

O Real decreto 1332/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro, queda modificado como segue:

Un. O cuarto parágrafo da exposición de motivos queda redactado como segue:

«O capítulo I do real decreto dedícase ao establecemento do ámbito de aplicación da regulación, coa delimitación das entidades sometidas ao réxime de supervisión adicional, ao seu réxime de identificación e á determinación das autoridades competentes relevantes.»

Dous. No artigo 2 elimínase o punto 2, os puntos 3 e 4 pasan a ser, respectivamente, os puntos 2 e 3 e o novo punto 2 queda redactado como segue:

«2. Nos grupos a que se refire o último inciso do parágrafo segundo do artigo 2.5 da lei, o coordinador e as autoridades competentes relevantes poderán decidir, de común acordo:

a) Que non queden suxeitos ao conxunto das obrigacións establecidas neste real decreto salvo a remisión da información necesaria para a identificación de conglomerados financeiros segundo o disposto no artigo 13.2, así como aquelas provisións dos artigos 5, 6 e 7 da lei necesarias para facer efectivo o requirimento de información anterior.

b) Que queden suxeitos ás obrigacións previstas neste real decreto con excepción das recollidas nos artigos 8 a 11.

As autoridades indicadas poderán tomar as decisións a que se refire este punto se consideran que a aplicación do conxunto das obrigacións previstas neste real decreto non resulta necesaria, ou resulta inadecuada, ou podería inducir a erro con respecto aos obxectivos da supervisión adicional. Estas autoridades reavaliarán ao menos anualmente as decisións de exención total ou parcial recollidas neste punto e revisarán os indicadores cuantitativos establecidos no artigo 2 da lei e a avaliación dos riscos asociados a cada grupo.»

Tres. Modifícanse a letra c) do punto 1 e o punto 2 do artigo 3 como segue:

«c) As sociedades de capital risco.

2. O sector bancario e de servizos de investimento estará formado polas entidades de crédito e empresas de servizos de investimento do conglomerado financeiro, así como polas demais entidades que integren un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito ou un grupo ou subgrupo consolidable de empresas de servizos de investimento.

O sector de seguros estará formado polas entidades aseguradoras e reaseguradoras do conglomerado financeiro, así como as demais entidades que integren un grupo ou subgrupo consolidable de entidades aseguradoras.

As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e as sociedades xestoras de entidades de capital risco engadiranse ao sector a que pertencen dentro do grupo. Se estas últimas non pertencen exclusivamente a un sector dentro do grupo engadiranse ao sector financeiro de menor tamaño.»

Catro. Modifícanse os puntos 1 e 3 do artigo 4 como segue:

«1. Os cálculos previstos no artigo 2 da lei realizaranse dúas veces ao ano en todos os grupos en que ao menos unha das entidades do grupo pertenza ao sector dos seguros e ao menos outra ao sector bancario e de servizos de investimento.

3. As autoridades competentes relevantes poderán, de común acordo:

a) Excluir unha entidade ao efectuar os cálculos previstos no artigo 2.4 e 5 da lei salvo que existan probas de que a entidade se trasladase desde un Estado membro da Unión Europea a un terceiro país con obxecto de eludir a regulación.

b) Tomar en consideración se se respectan os limiares previstos na lei durante tres anos consecutivos, para evitar cambios bruscos de réxime e deixar de tomar en consideración esta circunstancia se a estrutura do grupo sofre cambios significativos.

c) Excluir unha ou máis participacións no sector de menor dimensión se tales participacións son determinantes para identificar un conglomerado financeiro e non teñen colectivamente interese significativo en relación cos obxectivos de supervisión adicional.

Para os conglomerados financeiros xa identificados como tales, as decisións anteriores tomaranse a partir dunha proposta do coordinador do dito conglomerado.»

Cinco. Modifícase a letra c) do artigo 5 como segue:

«c) Outras autoridades competentes interesadas, cando o decidan de común acordo as autoridades citadas nos dous parágrafos anteriores; para tal efecto e en ausencia de normas das autoridades europeas de supervisión ao respecto, as autoridades mencionadas nas letras a) e b) tomarán en consideración especialmente a cota de mercado das entidades reguladas do conglomerado noutros Estados membros da Unión Europea, en particular se é superior ao cinco por cento, así como a importancia que teña no conglomerado calquera entidade regulada establecida noutro Estado membro.»

Seis. Os puntos 1, 2 e 4 do artigo 6 quedan redactados como segue:

«1. Nos supostos en que a entidade dominante do conglomerado sexa unha entidade regulada española ou cando todas as autoridades competentes relevantes sexan españolas, aplicaranse as regras previstas nos puntos 2, 3 e 4.

Nos supostos distintos dos previstos no parágrafo anterior, o coordinador decidirá, tras consultar as demais autoridades competentes relevantes e a entidade obrigada do conglomerado financeiro, de acordo con que método dos descritos no anexo se calcularán os requisitos de adecuación do capital das entidades reguladas do conglomerado financeiro.

2. Os recursos propios computables do conglomerado financeiro comprenderán o resultado da suma:

a) Dos recursos propios computables da entidade de crédito ou grupo consolidable de entidades de crédito, que formen parte do conglomerado financeiro, tal e como están definidos na parte segunda do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

b) Dos recursos propios computables da empresa de servizos de investimento ou grupo consolidable destas, que formen parte do conglomerado financeiro, tal e como están definidos na parte segunda do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

c) Do patrimonio propio non comprometido da entidade aseguradora ou grupo consolidable de entidades aseguradoras, que formen parte do conglomerado

financeiro, tal como está definido no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.

Desta suma deduciranse:

1.º As participacións accionariais entre entidades do conglomerado financeiro, salvo que o seu importe fose xa eliminado por consolidación ou deducido dos recursos propios computables das entidades ou grupos consolidables integrantes daquel. As deducións efectuaranse polo valor nos libros da entidade tedora de tales participacións.

2.º O exceso, de ser o caso, daqueles elementos integrantes dos recursos propios computables ou patrimonio propio non comprometido que non teña tal consideración segundo a normativa aplicable ás entidades financeiras individuais ou grupos financeiros consolidables supervisados pola autoridade española que actúa como coordinador do conglomerado financeiro, sobre as exixencias de recursos propios ou patrimonio non comprometido mínimos da entidade financeira individual ou grupo consolidable en que son computables. Para determinar tal exceso aplicaranse primeiro, de existiren, os recursos propios computables de menor calidade de acordo co establecido na lexislación sectorial aplicable, e distribuiranse a pro rata aqueles requirimentos cubertos polos recursos propios do mesmo grupo aos dos elementos que se van excluír.

O coordinador poderá establecer que se deduza dos recursos propios efectivos do conglomerado financeiro o importe daquelas operacións ou compromisos financeiros que se leven a cabo, ben entre as distintas entidades financeiras pertencentes ao conglomerado que non sexan consolidables entre elas, ben entre calquera das entidades financeiras do dito grupo e algún terceiro, que xeren unha duplicación no cómputo dos recursos propios do conglomerado financeiro ou debiliten a efectividade dos recursos propios para cubrir perdas ou facer fronte aos riscos asumidos polo conglomerado financeiro no seu conxunto.

Así mesmo, o coordinador poderá autorizar o cálculo dos recursos propios computables do conglomerado financeiro con base nos estados consolidados sectoriais. Para tal fin, entenderanse como tales os que agrupen as entidades de crédito e empresas de servizos de investimento por un lado e, por outro, as entidades aseguradoras e reaseguradoras.»

«4. O coordinador poderá decidir non incluír unha entidade concreta no cálculo dos requisitos de adecuación do capital adicional nos seguintes casos:

a) Cando a entidade estea situada nun terceiro país onde existan impedimentos legais para a transferencia da información necesaria salvo que existan probas de que a entidade se trasládase desde un Estado membro da Unión Europea a un terceiro país con obxecto de eludir a regulación.

b) Cando a entidade considerada individualmente presente un interese pouco significativo en atención aos obxectivos da supervisión adicional. De seren varias as sociedades do grupo nestas circunstancias, non poderán ser excluídas máis que se no seu conxunto presentan un interese pouco significativo respecto á finalidade expresada.

c) Cando a inclusión da entidade resulte inadecuada ou enganosa en relación cos obxectivos da supervisión adicional. Neste caso e salvo situacións de urxencia, o coordinador consultará as demais autoridades competentes relevantes antes de tomar a decisión.

Non obstante o anterior, o coordinador deberá reavaliar anualmente os motivos que xustificaron a exclusión.

Adicionalmente, cando unha entidade regulada sexa excluída en función do previsto nas letras b) e c), a autoridade competente encargada da súa supervisión

individual poderá solicitar á entidade obrigada do conglomerado financeiro información que poida facilitar a supervisión da entidade regulada.»

Sete. Engádense dous novos puntos 6 e 7 ao artigo 11 coa seguinte redacción:

«6. As entidades obrigadas dos conglomerados financeiros deberán remitir anualmente ao coordinador información detallada acerca da súa estrutura xurídica e da súa estrutura de goberno e organizativa, incluídas todas as entidades reguladas, as filiais non reguladas e as sucursais importantes. O coordinador facilitará a anterior información ao Comité Mixto de Autoridades Europeas de Supervisión. Así mesmo, as entidades obrigadas publicarán anualmente, ao nivel do conglomerado financeiro, de forma íntegra ou mediante referencias a información equivalente, unha descrición da súa estrutura xurídica e da súa estrutura de goberno e organizativa.

7. O coordinador poderá realizar probas de resistencia ao nivel do conglomerado financeiro coa periodicidade e co alcance que determine en cada caso. Para tal fin, poderanse incorporar parámetros adicionais que inclúan os riscos específicos asociados aos conglomerados financeiros a aquelas probas de resistencia que se realicen a nivel sectorial.»

Oito. O punto 2 do artigo 13 queda redactado como segue:

«2. No caso dos grupos previstos no artigo 4.1, a entidade obrigada deberá remitir ao coordinador a información que este lle requira en relación cos cálculos previstos no artigo 2 da lei, para os efectos de comprobar a suxeición do grupo ás obrigacións relativas á supervisión adicional, e en relación co cálculo do capital adicional que eventualmente lle poida ser exixible en caso de adquirir a condición de conglomerado financeiro.

Adicionalmente, os grupos previstos no artigo 2.3.b) remitirán información referida ao cálculo de adecuación do capital equivalente ao que se prevexa para os conglomerados financeiros como resultado da aplicación do punto 1.

A entidade obrigada a que se refire o parágrafo anterior será a que corresponda en aplicación de criterios análogos aos previstos no artigo 5.5 da lei.»

Nove. Os puntos 1 e 2 do artigo 15 quedan redactados como segue:

«1. O Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cooperarán estreitamente entre si e coas demais autoridades competentes, para identificar os conglomerados financeiros nos cales, de ser o caso, estean incluídas entidades españolas. Para tal efecto, poderán dirixirse ás entidades reguladas que estean baixo a súa competencia para lles requirir, se non está no seu poder, a información necesaria para levar a cabo tal labor de identificación.

Se unha autoridade competente considera que unha entidade regulada autorizada por ela é membro dun grupo que podería constituír un conglomerado financeiro aínda sen identificar de conformidade coa lei e con este real decreto, comunicarllelo ás restantes autoridades competentes implicadas e ao Comité Mixto das Autoridades Europeas de Supervisión.

2. Identificado un conglomerado financeiro, o coordinador informará a entidade obrigada do conglomerado financeiro a que se refire o artigo 5.5 da lei de tal circunstancia, da súa condición de coordinador, así como do alcance das obrigacións do conglomerado segundo o previsto no parágrafo primeiro do artigo 2.1 deste real decreto.

Idéntico procedemento se seguirá, para os efectos do previsto no artigo 12, respecto dos grupos a que se refire o artigo 2.3.a) e b).»

Dez. As letras a) e d) do artigo 16 quedan redactadas como segue:

«a) Identificación da estrutura xurídica do grupo e da súa estrutura de goberno e organizativa, incluídas todas as entidades reguladas, as filiais non reguladas e as sucursais importantes que pertencen ao conglomerado financeiro e os titulares de participacións significativas a nivel da empresa matriz última, así como das autoridades competentes das entidades reguladas do grupo. Esta información será facilitada polo coordinador ao Comité Mixto das Autoridades Europeas de Supervisión.»

«d) Identificación dos principais accionistas e da dirección do conglomerado financeiro e das entidades reguladas deste.»

Once. Suprímese a disposición transitoria primeira.

Doce. Suprímese o método 3 do anexo e o método 4 convértese no método 3 e queda redactado do seguinte modo:

«Método 3: método combinado.

O cálculo dos requisitos da adecuación do capital adicional das entidades reguladas dun conglomerado financeiro poderase efectuar mediante a combinación dos dous métodos anteriores.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 11.^a e 13.^a, da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia sobre bases da ordenación de crédito, banca e seguros e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo das competencias que as comunidades autónomas teñen atribuídas en materia de supervisión de entidades de crédito e dentro do marco fixado polo dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español a Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE; e a Directiva 2011/89/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011, pola que se modifican as directivas 98/78/CE, 2002/87/CE, 2006/48/CE e 2009/138/CE no relativo á supervisión adicional das entidades financeiras que formen parte dun conglomerado financeiro.

Disposición derradeira sexta. *Facultades de desenvolvemento.*

Sen prexuízo do previsto neste real decreto e na Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, o Banco de España poderá:

a) Facer uso das opcións que se atribúen ás autoridades competentes nacionais no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, e na Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE.

b) Facer uso das opcións que se atribúen aos Estados membros nos artigos 412.5, 413.3 e 493.3 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.

c) Instar as entidades de crédito e os seus grupos á realización de revisións por expertos independentes sobre aqueles aspectos que consideren relevantes para os

efectos das obrigacións das entidades ou grupos establecidas na normativa de solvencia e, especialmente, sobre o referido á consistencia e calidade dos datos dos métodos internos previstos nel.

d) Determinar os tipos de entidades financeiras que se deberán incluír no grupo consolidable de entidades de crédito.

e) Recibir as comunicacións dos restantes organismos responsables da supervisión individual ou en base subconsolidada das entidades integrantes dun grupo consolidable en que se integren entidades diferentes das entidades de crédito cando o Banco de España sexa responsable da supervisión do citado grupo. As citadas comunicacións realizaranse sempre que sexa necesario e, ao menos, dúas veces ao ano. O seu contido será o relativo aos requirimentos de recursos propios mínimos que, consonte as súas normas específicas, sexan exixibles de forma individual ou subconsolidada ás entidades suxeitas á súa supervisión, aos déficits que presenten en relación con tales requirimentos mínimos e ás medidas adoptadas para a súa corrección.

f) Ditar as disposicións precisas para a debida execución deste real decreto.

Toda norma que se dite en desenvolvemento do que se prevé no presente real decreto e poida afectar directamente entidades financeiras suxeitas á supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións requirirá informe previo destes organismos.

Disposición derradeira sétima. *Non incremento de gasto.*

As medidas previstas neste real decreto non suporán incremento de retribucións, de dotacións nin doutros custos de persoal.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Non obstante o anterior, para proporcionaren na súa páxina web a información prevista no artigo 37 deste real decreto, as entidades de crédito contarán cun prazo de tres meses contado desde a data en que o Banco de España publique os desenvolvementos previstos.

Dado en Madrid o 13 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO